




Confederación Intersindical Galega

Identificación de riscos laborais e guía de boas prácticas na extracción de pedra natural



FUNDACIÓN
PARA LA
PREVENCIÓN
DE RIESGOS
LABORALES



Confederación Intersindical Galega

Identificación de riscos laborais e guía de boas prácticas na extracción de pedra natural



FUNDACIÓN
PARA LA
PREVENCIÓN
DE RIESGOS
LABORALES



Identificación de riscos laborais e guía de boas prácticas na extracción de pedra natural



AUTORES/AS:

Esta Guía foi elaborada polas Técnicas Superiores en Prevención de Riscos Laborais adscritas á Acción Directa D-277/2007 da Fundación para a Prevención de Riscos Laborais:

María Fe Peteiro Cabado

Ana Isabel Santiago López

Trinidad Villar Gutiérrez

Este equipo de traballo foi dirixido por Ana Isabel Santiago López coa colaboración técnica do Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais do Gabinete Técnico de Saúde Laboral:

Anxo Ramón Pérez Carballo

Revisión Lingüística:

Rafa Villar

Imprime: Lugami

Edita: CIG Gabinete Técnico de Saúde Laboral

Dep. Legal: C 4304-2008

2ª Edición: Esta segunda edición foi realizada con cargo á Acción DI 0005/2009 da Fundación para la Prevención de Riesgos Laborales.

Í N D I C E

Prólogo	9
1 Introdución	13
2 Descrición e situación preventiva no sector da extracción de Pedra Natural	19
3 Dimensión do problema das enfermidades respiratorias por inhalación de po de orixe profesional en España	27
4 Métodos de traballo. Diferenciación funcional	33
5 Identificación de Riscos	45
<i>Ambientes pulvíxenos</i>	
<i>Ruído</i>	
<i>Vibracións</i>	
<i>Lesións músculo-esqueléticas</i>	
<i>Medio-ambiente Térmico</i>	
6 Propostas de Boas Prácticas	65
<i>Medidas preventivas</i>	
<i>Vibracións</i>	
<i>Medio Ambiente Térmico</i>	
<i>Ambiente Pulvíxeno</i>	
<i>Ruído</i>	
<i>Lesións Músculo-esqueléticas</i>	
<i>Equipos de Protección e Roupa de Traballo</i>	
<i>Risco de caídas en altura</i>	
<i>Sinalización</i>	
<i>Desprendementos</i>	
<i>Desprazamentos</i>	
<i>Aseos e Vestiarios</i>	
<i>Programa Formativo</i>	
<i>Xestión da Prevención</i>	
<i>Impacto no Medio Natural</i>	
7 Propostas CIG	109
8 Guía Práctica de Actuacións ante os R. L. e E. P.	125
9 Glosario Terminolóxico	133
10 Anexo lexislación	147
11 Bibliografía	229
12 Notas do/as autor/as	235

Dende a Executiva da Confederación Intersindical Galega, temos sempre presente que para estar preparados para levar adiante o máis importante da nosa práctica diaria, intervir na sociedade, ser parte activa no cambio social e loitar para mellorar as condicións de traballo das traballadoras e os traballadores galegos, precisamos de mecanismos de formación e ferramentas axeitadas para a capacitación dos homes e mulleres que defenden os intereses da clase traballadora nas distintas empresas do país.

Plasmar en feitos esta declaración de principios é sempre un reto, un reto que asumimos no convencemento de que temos que crear as nosas propias ferramentas que permitan que esta formación que ofrecemos ós noso afiliados e afiliadas e ós nosos Delegados e Delegadas lles pode facilitar a defensa dos seus intereses. Con ese espírito ideamos a elaboración desta guía.

Esta Guía que tedes nas mans foi un proxecto interesante dende o mesmo momento da súa xestión. Interesante para nos porque, como sindicato, queremos participar activamente en propor solucións para os gravísimos problemas de saúde que están a afectar a moitos dos traballadores/as do sector da extracción de Pedra Natural. Interesante, ademais, pola oportunidade que nos ofrece de facilitar ferramentas axeitadas para coñecer e afrontar os riscos que afectan ó sector.

Por iso resulta reconfortante, na miña calidade de responsábel confederal de Saúde Laboral e Negociación Colectiva, poder poñer nas vosas mans esta documento a “Identificación de Riscos Laborais e Boas Prácticas no Sector da Extracción de Pedra Natural”, que o Gabinete Técnico de Saúde Laboral ten elaborado baixo ó auspicio da Fundación para La Prevención de Riesgos Laborales.

Un documento que encherá de argumentos a nosa loita contra a precariedade laboral que están a sufrir as traballadoras e os traballadores galegos e que está no xermolo da sinistralidade e das moitas enfermidades profesionais das que son vítimas.

Unha Guía que permitirá ós nosos delegados e delegadas cubrir as carencias da inactividade dunhas Administracións que permiten atentados á saúde da clase traballadora en xeral e dos traballadores e traballadoras do sector da Pedra Natural en particular.

Galiza, outono do 2008

Antolín Alcántara

*Secretario Confederal de Saúde Laboral e Negociación Colectiva
Confederación Intersindical Galega*

PRÓLOGO

A respiración aerobia obriga ao intercambio de gases (O_2 por CO_2) entre o noso sangue e a atmosfera, constantemente, para o que pasan a diario máis de 10.000 litros de aire pola superficie alveolar dos nosos pulmóns (uns 70 m²).

Desde tempos moi antigos o aire que respiramos veuse contaminando con partículas de po, gases e fumes. Nos últimos tempos o desenvolvemento da industria química con sínteses de múltiples substancias e a obtención de enerxía a partir de combustibles fósiles (carbón, petróleo) contribuíron enormemente á contaminación do aire, especialmente o do medio laboral, pero tamén o atmosférico e o da lareira; iso dá lugar a frecuentes doenzas respiratorias de orixe laboral e medioambiental; doenzas que están aumentando en moitos casos; que poden ser graves por atacar a un órgano vital e que son susceptibles de prevención, o que nos obriga a intensificar os esforzos preventivos a todos os niveis.

Case todas as doenzas pulmonares poden ter orixe laboral e algunhas teñen practicamente sempre esta orixe como as pneumoconioses p. ex.; con frecuencia pasan desapercibidas como tales, o que obriga a potenciar a información e a manter un grao adecuado de alerta.

O cancro de pulmón é o máis frecuente no mundo con 1.200.000 casos ao ano, a gran maioría homes; máis do 80 % se deben ao tabaco pero un 15 % son debidos a factores de risco de orixe laboral; entre eles hai que destacar o asbesto (amiante) que pode ser responsable dun 5 %, unha verdadeira epidemia, que no noso país se está iniciando e que nos afectará durante moito tempo porque, aínda que o seu uso está prohibido, a exposición manterase ao estar incorporado como material de reforzo e illante en máis de 3.000 produtos do noso contorno. A sílice é un carcinóxeno recoñecido pola IARC e, aínda que non especialmente forte, debido á frecuencia da exposición, considérase responsable de 1-2% dos cancros de pulmón.

A doenza pulmonar obstrutiva crónica é a cuarta causa de morte no mundo; a maioría dos casos débense ao tabaco pero entre 15 e 20 % deberíanse a factores ocupacionais entre os que a sílice ocupa un lugar salientado.

Hai uns 1800 millóns de persoas infectadas por *Mycobacterium tuberculosis* no mundo (1/3 da poboación) e en torno a 16 millóns de doentes, dos que cada ano morren 1.871.000. A incidencia de tuberculose pulmonar (TP) é tres veces maior en suxeitos con silicoses que en expostos a sílice sen silicoses. Insístese na necesidade de profi-

laxe con isoniacida, especialmente no momento actual en que se está producindo unha repunta da doenza debido á SIDA e aos fenómenos migratorios.

As doenzas respiratorias ocupacionais que encabezan as listas de frecuencia en países en desenvolvemento son as pneumoconioses (silicosis e outras), mentres que en países desenvolvidos ocupa o encabezamento a asma.

En Europa calcúlase que hai 3.2 millóns de traballadores expostos a sílice; en España hai en torno a 405.000, dos cales uns 40.000 traballan en canteiras (pedra natural, sen incluír áridos). É un problema preocupante porque a sílice ataca un órgano vital; está implicada en diversas doenzas pulmonares; espérase que a exposición se perpetúe no futuro debido á expansión de industrias de canteiras e derivados e a novos usos da sílice (abrasivo, etc.) e porque os límites de exposición propostos son difíciles de acadar e non parece que protexan o suficiente. Cómpre ter en conta que hai factores de predisposición individual, por agora fóra de control, para cuxos portadores, os límites de exposición, previstos para a media, poden non ser suficientemente operativos. Cabe esperar que a investigación xenética permitirá coñecer no futuro as variantes (polimorfismos xenéticos, etc.) que predispoñen á doenza.

No mundo xorden cada ano centos de milleiros de casos de silicosis; en USA calcúlase que hai de 3.600 a 7.300 novos casos ao ano.

Cando tiñamos a atención centrada na minería de interior vímonos sorprendidos pola observación de casos de silicosis, relativamente frecuentes e, a miúdo graves, en traballadores en extracción e elaboración de pedra ornamental (granito, lousa) e púidose comprobar que hai un problema importante a resolver coa colaboración de todos.

A solución empeza sempre polo coñecemento e a posta en marcha das medidas oportunas; xa que logo, vemos con satisfacción que xurda o presente Documento-Guía. Cóstanos o esforzo dos autores por recopilar información e contrastar opinións polo que cómpre esperar un resultado positivo.

Gumersindo Rego Fernández

*Xefe do Servizo de pneumoloxía Ocupacional
Instituto Nacional de Silicose-Oviedo*

1

Introducción

Os antecedentes de que os seres humanos quixemos transformar a pedra en algo útil, resistente e fermoso son tan antigos como a historia dos primeiros poboadores.

Desde o Megalítico as construcións estiveron protagonizadas pola pedra natural e as múltiples manifestacións da súa utilización a través do tempo perduraron ata os nosos días como confirmación palpable de que o granito, o mármore e a lousa estiveron presentes na sociedade ao longo dos séculos. Dolmens, vías romanas, igrexas, catedrais, estatuas, construcións palacianas e orixinarias, etc., son testemuñas desta realidade.

Esta actividade, antiga como as civilizacións, ten na segunda metade do S.XX o seu cénit industrial, é nese momento, cando a pedra natural toma importancia como sector industrial, sobre todo da man dos avances tecnolóxicos introducidos a partir dos anos 70 e 80 que constituíron unha revolución na explotación e elaboración da pedra no Estado español.

Como veremos máis adiante esta situación provocou que a prevención de riscos laborais no sector sexa un dos elementos menos coitados do mesmo, o que, consecuentemente, tivo como resultado a existencia, ademais de altas taxas de sinistralidade, dun elevado número de casos de doenzas profesionais nos traballadores da extracción de pedra natural.

Por iso, no momento no Gabinete Técnico de Saúde Laboral da Confederación Intersindical Galega, decide presentar á Fundación para a Prevención de Riscos Laborais este proxecto, faino no convencemento da existencia dunha necesidade obxectiva de elaborar un documento que servise aos traballadores e traballadoras da extracción de Pedra Natural para protexerse diante dos riscos dos seus postos de traballo, unha ferramenta dirixida especialmente a eles e elas e que permitise un coñecemento próximo sobre o que debe e non debe facerse en materia de prevención.

Porén, no momento de comezar a elaborar esta ferramenta, á vista da documentación e información obtida, pareceunos oportuno que aquela inicial idea de presentala como un elemento exclusivamente dirixido a traballadores e traballadoras merecía unha variación na súa formulación inicial.

Así as cousas, entendendo que a concepción integral da prevención ten o seu sentido máis elaborado en facer partícipes dela a todos e cada un dos estamentos que forman parte da empresa, pareceunos oportuno comezar por dirixir esta obra a todos e cada un eles/as. Esta decisión motivou a reformulación de moitas das ideas coas que iniciabamos este proxecto variando substancialmente a concepción global do mesmo. Estamos seguros/as de non termos errado.

A dimensión estatal do proxecto non estivo exenta de dificultades, sobre todo á hora de realizar os contactos e autorizacións, para a realización das visitas ás canteira de fóra do noso ámbito de actuación, xa que logo foron valiosísimas as colaboracións de persoas e institucións que nos serviron de carta de presentación ante aqueles cos que nos entrevistamos, empresarios, asociacións de empresarios, técnicos/as e órganos das distintas administracións das distintas zonas do Estado español nas que a significativa presenza da industria da Pedra Natural facía imprescindible que coñecésemos a súa situación preventiva actual.

Aínda sendo o de Pedra Natural un sector que ten presenza en zonas do Estado moi ben definidas, estas son de entidade suficiente como para que as súas actividades teñan importancia no tecido económico das áreas nas que están situadas. Así, á hora de elixir os lugares a visitar, optamos en primeiro lugar por aquelas zonas nas que a presenza da pedra natural fose de tal entidade que representase unha

importante achega no subsector do que se tratase. O segundo dos elementos que barallamos foi a existencia de estudos científico-técnicos sobre o estado de saúde dos traballadores/as nesas zonas.

Isto permitiunos coñecer a situación das canteiras de mármore de Macael en Almería, as canteiras de Granito de Quintana da Serena en Badaxoz, a situación das explotacións de granito do Porriño, en Pontevedra e as da lousa no Barco de Valdeorras en Ourense, en Quiroga, Lugo e La Baña en León. Estes foron os puntos principais de observación nos que realizamos o traballo de campo, cubrindo así o abano tipolóxico que abarca a definición de pedra ornamental.

No que fai á visita a centros especializados contamos coa posibilidade de coñecer os traballos e experiencias do Instituto Nacional de Silicose, o Centro Provincial de Seguridade e Saúde Laboral da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia en Rande (Pontevedra), do Centro Provincial de Seguridade e Saúde Laboral da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia en Ourense, da Escola do Mármore de Andalucía, o Centro de Prevención de Riscos Laborais da Xunta de Andalucía en Almería, do Centro de Investigacións Técnicas, Estudos e Canteiras de Macael (Almería) e do Instituto Tecnolóxico de rochas ornamentais e materiais de construción de Estremadura (INTROMAC).

Sen a súa colaboración sería imposible realizar este documento, xa que logo, para todos eles/as o noso agradecemento e a esperanza de estarmos á altura da confianza depositada en nós.

2

**Descrición e
situación preventiva
no sector da
extracción de Pedra
Natural**

Pode dicirse, sen temor a enganarse, que o sector da Pedra Natural español, un dos sectores económicos de máis tradicionais, chegou a converterse nun referente a nivel mundial. Isto é así porque se conxugaron factores como a calidade do produto, a cantidade e variedade de pedra, que colocaron a industria española da pedra como un dos maiores produtores do mundo, imprimindo ao sector un importante grao de internacionalización da súa actividade.

A pesar de que os datos oficiais do pasado ano non están dispoñibles, se é un dato coñecido que as exportacións españolas no 2007 ascenderon a máis de 1.000 millóns de euros, superando en case un 7% ás do ano anterior. A maior parte destas exportacións, concretamente o 54% corresponde ás exportacións de mármore, o 34% ás de lousa e o 17% ao granito.

Pero non é menos verdade que o sector da Pedra natural, integrado por granito, mármore e lousa viviu unha etapa de transformación debida, sobre todo, á influencia do panorama económico internacional, de quen, como adiantabamos, depende en gran medida.


En opinión do Observatorio do Mercado da Pedra", ...o aumento da competencia de novos países así como a aparición de novos produtos moi competitivos levaron ao sector español da pedra natural a cambiar a súa estratexia de crecemento nos últimos anos, baseándose nunha aposta polo investimento en I+D+i...". Estas demandas do mercado obrigaron, sobre todo a partir dos anos 80, a unha forte evolución tecnolóxica na que se introduciron novos equipos e métodos de traballo que permitiron un aumento da produción pero que, desafortunadamente, deixou de lado a introdución en paralelo de medidas de prevención de riscos laborais que permitisen un correcto control dos riscos para a saúde existentes no sector.

Ademais estas circunstancias provocaron tamén enormes variacións nun sector cunha carga tradicional moi importante. Así, en zonas nas que as actividades de explotación e elaboración estaban claramente diferenciadas detéctase unha crecente tendencia a pechar o ciclo produtivo, complementándose a extracción coa elaboración e comercialización do produto, intentando ofrecer ao cliente un servizo fechado á altura das demandas do mercado.

Porén, estas circunstancias non variaron unha realidade obxectiva nesta tipoloxía de empresas, segundo o último informe publicado

polo Observatorio do Mercado da Pedra Natural, no sector predominan as empresas familiares nas que o número de traballadores non supera os 10 (57%), o 34% clasifícanse dentro do grupo de Pequena empresa (entre 10 e 49 traballadores) e o 8% teñen entre 50 e 249 traballadores. Soamente o 1% supera este número.

Con toda certeza estas características do sector no Estado Español, unidas aos cambios tecnolóxicos e produtivos introducidos como resultado das demandas do mercado, provocaron que, en poucos anos, esta industria familiar e incluso "artesanal" teña que aumentar a súa produción aínda co resultado dunha gratificación de risco para os traballadores, froito do descoñecemento da magnitude dos problemas que poderían ocasionar a estes no futuro. Así demóstrano os distintos estudos realizados polo Instituto Nacional de Silicose nas distintas comunidades autónomas.



E é que estes cambios tan bruscos no sector redundaron nun agravamento dos riscos xerais tradicionais que existen no mesmo, coas especificidades de explotación ou elaboración existentes segundo o tipo de pedra do que se trate, acelerando e agravando as consecuencias destes riscos chegando a situacións de alarma social; tal e como ocorre coa detección traballadores en activo doentes de silicose nas canteiras de Galicia e Estremadura.

Non é un feito descoñecido que a silicose e outras pneumoconioses son un grave risco para os traballos da minería, tanto de interior como a ceo aberto, é unha realidade científica recoñecida pero que, no imaginario colectivo, parecía atribuírse soamente a aqueles traballos de extracción realizados na minería de interior. Ademais, outra das rea-

lidades non cuestionadas ata o momento, con respecto a esta doenza, é que se trataba dunha enfermidade que aparecía na etapa post-ocupacional despois de prolongados períodos de exposición. Nada máis lonxe da realidade.

Os múltiples estudos realizados permítenos sacar como conclusión principal que estes dous cuestións non son reais, a silicose e outras pneumoconioses non só afectan aos traballadores de minería de interior, senón que tamén o fan aos traballadores e traballadoras da industria extractiva a ceo aberto e á industria de elaboración dos materiais comprendidos na definición de pedra natural. Non só iso, os estudos permítenos concluir que ademais estas doenzas están afectando a traballadores en activo e en idades máis temperás despois de períodos de exposición non tan prolongados.

Así, a revisión dos estudos realizados polo Instituto Nacional de Silicose desde o ano 1997 permítenos coñecer a significativa evolución da situación da presenza de silicoses nos traballadores do sector en diferentes áreas xeográficas do Estado español.

Aínda sen poder avaliar cuantitativamente o impacto que poida ter, é de salientar o feito de que, especialmente nos primeiros estudos, a colaboración de moitas empresas non foi en absoluto comprometida, sobre todo en temas como o facilitar que fosen os traballadores con máis anos de exposición os que participasen no estudo, e non aqueles que, en ocasións, non fixeran máis que comezar a súa vida laboral no sector.

	MOSTRA*	CON SILICOSE	% MOSTRA
Informe Lousa Ourense 1997	463	7	1.5%
Informe Granito Ourense 2002	-	-	8.8%
Informe Granito Pontevedra 2002*	112	31	27.7%
Informe Quintana de la Serena Extremadura 2002	544	25	4.6%
Informe Extremadura 2004	431	2	0.46%
Informe Granito O Porriño 2005	440	77	17.5%
Informe Granito Pontevedra 2006	257	34	13.2%
Informe Lousa Valdeorras 2007	398	25	6.28

* N° de traballadores que participaron nos recoñecementos médicos.

* Estudo elaborado polo Centro Provincial de Seguridade e Saúde Laboral de Pontevedra.

A xuízo de quen escribe cremos que existiron lecturas nesgadas nalgunhas conclusións por parte de consellerías de traballo dalgunha Comunidade Autónoma que, nun claro pero absurdo interese en “maquillar” resultados, practicou o que se coñece como “cociñar” datos estatísticos.

Aínda partindo destas premisas, e aínda que temos observado diferenzas significativas no que fai a contidos entre os diferentes estudos, algúns deles limitaron o seu estudo á industria extractiva mentres que outros completaron o círculo e incluíron a elaboración no universo obxecto de estudo, a metodoloxía de traballo utilizada permítenos poder realizar unha comparativa das distintas zonas estudadas da que extraer datos e conclusións significativas.

Como comentabamos anteriormente, a industria do granito diferenciara tradicionalmente a extracción e a elaboración como dúas industrias cunha certa independencia, de feito ata a definición habitual era distinta, uns eran “graniteiros” e outros “canteiros”, uns explotaban o xacemento e outros elaboraban os seus produtos. Esta situación cambiou e de forma substancial nalgunhas zonas, sobre todo en Galicia.

Cada vez máis, as empresas tenden a pechar o ciclo produtivo para saír ao mercado co produto elaborado e comercializado e incluso, no caso dalgunha empresa, entraron no mercado da colocación do produto finalizado. Esta situación, porén, non tivo o mesmo desenvolvemento na produción de granito de Estremadura; as mesmas empresas que explotan as canteiras realiza tamén os traballos de elaboración e comercialización do produto, de forma similar ao que ocorre no caso da lousa de Galicia onde, tradicionalmente, os traballos de elaboración adoitan realizalos as mesmas empresas que explotan as canteira. A realidade da industria da lousa é que a meirande parte das empresas pecharon o círculo da produción no sector, isto é, en todas elas se realiza tanto o proceso de extracción como o posterior de elaboración no que se termina cun produto acabado segundo as demandas do mercado.

Ademais a industria da lousa está demostrando unha aposta por novas formas de explotación que parece estar dando bos resultados. Trátase das explotacións en interior que empezan a “florecer” como unha aposta innovadora, aínda que non exenta de riscos pero que, cando menos no papel, ten como vantaxes unha menor agresión ao medio ambiente da zona e un mellor aproveitamento das zonas produtivas, seguramente este segundo aspecto resultará ser a motiva-

ción principal de tal decisión. No caso da lousa os resultados coñecidos son favorables a tal iniciativa, no caso do mármore é un proxecto que está aínda en fase de execución.

Como vemos, trátase este dun sector no que a tecnificación dos procesos de explotación foi moito máis rápida cás melloras nos aspectos preventivos.

3

**Dimensión do
problema das
Enfermidades
Respiratorias por
Inhalación de Po de
Orixe Profesional**

A respiración é o maior contacto do noso organismo co medio que nos rodea, polo que tamén representa a maior probabilidade de contaminación.

Os pulmóns dunha persoa adulta teñen unha superficie alveolar de aproximadamente uns 70 m² e por eles pasan sobre 10.000 litros de aire diariamente, polo que o aparello respiratorio se converte na máis grande fonte potencial de doenza.

Substancias como as fibras de amianto (ou asbesto) resultan extremadamente nocivas para as persoas que teñen ou tiveron contacto co dito mineral. De feito, está prohibido o seu uso, fabricación e comercialización en Europa desde 2005, o que nos dá unha idea da súa perigosidade, aínda que a prohibición non é a nivel mundial e, ademais, o amianto está presente en moitas instalacións, tanto industriais como en vivendas, e en incontables materiais que usamos na nosa vida con insospeitada frecuencia.

A exposición ao amianto pode producir doenzas como a asbestose, o cancro de pulmón, ou o mesiotelioma maligno pleural, polo que as medidas preventivas, en caso de traballos con risco de exposición, deben extremarse ao límite.

Outras substancias, máis de 300 están identificadas, poden producir asma ocupacional, e existe un número elevado de axentes no medio laboral capaces de inducir pneumonite por hipersensibilidade ou outras doenzas como a doenza pulmonar obstrutiva crónica.

Hai xa máis de 500 anos que se relaciona o po respirado polos mineiros con doenzas pulmonares, e cuantifícanse en máis de 530.000 as mortes no mundo no ano 2000, por problemas do aparello respiratorio, provocadas pola exposición a factores de risco profesional.

A extracción de pedra natural é unha das actividades de maior risco de contaminación por inhalación de po inorgánico, que, dependendo da súa composición, pode provocar graves doenzas ás persoas expostas.

PNEUMOCONIOSE

As pneumoconioses son as máis estendidas entre a poboación traballadora, aínda que debe sinalarse que, nos países desenvolvidos, está baixando a súa incidencia a favor doutras patoloxías ocupacionais.

Enténdese por pneumoconioses conxunto de doenzas pulmonares resultante da inhalación e a acumulación de po inorgánico, así como a reacción que se produce no tecido pulmonar como consecuencia das partículas depositadas.

De entre os distintos tipos de pneumoconioses, salienta a silicose, por ser a máis estendida, tanto en número de persoas enfermas, como en poboación exposta ás contaminantes que a producen.

SILICOSES

A exposición á sílice cristalina é frecuente nos traballos de extracción de pedra natural, polo que, se non se prevén axeitadamente, a aparición da doenza é só cuestión de tempo.

Desde 1997 a Axencia Internacional de Investigación do Cancro considera a sílice cristalina como substancia canceríxena, e a silicose está recoñecida como doenza profesional no RD 1299/2006 do noso corpo lexislativo.

Xeralmente maniféstase tras varios anos de exposición (normalmente máis de dez) aínda que hai actividades nas que a exposición é tan intensa cá doenza se contrae en moito menos tempo.

Considérase, ademais, que a silicose aumenta considerablemente o risco de contraer outras doenzas como a tuberculose, o cancro de pulmón ou doenza pulmonar obstrutiva crónica (EPOC).

A probabilidade de contraer a doenza depende da dose acumulada, que pola súa vez está directamente relacionada coa concentración de contaminante e co tempo de exposición, tendo en conta ademais condicións individuais de cada persoa. Reducir calquera dos devanditos factores diminúe notablemente o risco.

En calquera caso a silicose ten unha única causa, que é a inhalación de po, polo que sempre é evitable se se adoptan medidas preventivas.

TIPOS DE SILICOSES. CLASIFICACIÓN LEGAL

Desde o punto de vista médico, só existen dous tipos de silicozes: silicose simple e **silicose complicada**, tamén chamada fibrose masiva progresiva.

Mentres que a silicose simple apenas produce alteracións pulmonares a quen a padece, a silicose complicada si se caracteriza por importantes trastornos que incluso poden chegar a acurtar a esperanza de vida.

Desde o punto de vista legal a silicose clasifícase en:

Silicozes de Primeiro Grao: A doenza maniféstase e diagnóstícase radioloxicamente. Por si mesma non representa diminución na capacidade de traballo, pero débese evitar continuar coa exposición ao po para que non evolucione a un grao maior. Non ten a consideración de situación constitutiva de invalidez, pero si require unha mudanza de posto. A Lei esixe un posto de traballo exento de risco pulvixeno.

Silicozes de Primeiro Grao con doenza intercorrente: Se a silicose vai acompañada doutras doenzas como broncopneumopatía, cardiopatía crónica ou tuberculose residual, pasa a equipararse legalmente a un segundo co que estaríamos diante dunha doenza profesional que si é constitutiva de invalidez total.

Silicozes de Segundo Grao: Incapacitan o traballador para desempeñar as tarefas fundamentais do seu posto, polo que se accede á denominada Incapacidade Permanente e Total para a profesión habitual, con dereito a unha pensión do 55% do salario e a posibilidade de compatibilizar dita pensión con outro emprego exento de risco. Cumpridos os 55 anos, de non se encontrar con emprego, a pensión incrementase ata o 75% da base reguladora.

Silicozes de Terceiro Grao: A doenza maniféstase ao menor esforzo físico polo que resulta incompatible con todo tipo de traballo, dando dereito á situación de Incapacidade Absoluta, con pensión vitalicia do 100% do salario.

A silicose pode manifestarse finalizada a vida laboral, polo que é preciso o control médico das persoas que tivesen estado expostas ao risco de contaminación de po de sílice.

Así mesmo, o grao de silicose pode agravarse co paso do tempo, co correspondente cambio médico e legal. Hai que manter revisións constantes.

RESUMO

- 10.000 litros de aire pasan cada día polos nosos pulmóns percorrendo os aproximadamente 70 m² de superficie alveolar.
- O po que respiramos e que se produce nas canteiras pode prexudicar a nosa saúde.
- A sílice cristalina está considerada como substancia cancerixena.
- Sábese que centos de millares de persoas morreron no mundo debido a doenzas do aparello respiratorio provocadas por contaminantes de orixe profesional.
- A acumulación de po inorgánico nos pulmóns e a reacción que provoca coñécese como pneumoconiose.
- A silicose é a pneumoconiose máis estendida e maniféstase despois de varios anos de exposición.
- A silicose pode ser de primeiro, segundo ou terceiro grao, e o seu tratamento legal varía dependendo da devandita clasificación.
- A silicose pode manifestarse mesmo finalizada a vida laboral, polo que é necesario manter periodicamente control médico.

A silicose é unha doenza profesional grave evitable se se adoptan as medidas preventivas que se coñecen.

4

Métodos de trabajo. Diferenciación funcional

MÉTODOS DE TRABAJO

Para poder identificar claramente a diferenciación funcional entre os postos de traballo existentes nos distintos tipos de canteiras faise preciso que coñezamos como é o sistema de explotación das canteira de pedra natural. En liñas xerais o sistema de explotación é moi similar independentemente de que se trate de canteiras de lousa, granito ou mármore, iso si, tendo en conta as especificidades das canteira de que se trate ou das peculiaridades produtivas dalgunhas zonas (p.ex., produción de perpiaños nas canteira de granito de Galicia e de pedra rústica nas canteira de mármore de Macael).

Describiremos brevemente como se realizan os traballos de extracción destes materiais.

Aínda que existen canteiras nas que non son necesarias as operacións de retirada do material de recubrimento (p.ex., as calcarias), na maioría de explotacións hai que retirar a capa de estéril ata chegar ao mármore, lousa ou granito. Esta retirada de estériles pódese realizar mediante perforación e voadura, no caso de bancos de gran espesura e materiais consistentes, ou mediante o arrinque con equipos mecánicos de escavación, carga e transporte, tales como pas cargadoras, pas escavadoras e dúmpers cando o material é menos consistente.

No caso de explotacións de granito ou mármore, e unha vez eliminados os materiais non útiles ou alterados, procédese a realizar os labores de corte de grandes bloques cúbicos sen danar o material que os rodea, procedéndose aos labores de extracción propiamente dita, que consta das seguintes fases:

1. Independización do bloque primario, normalmente de grandes dimensións. Esta primeira fase pódese realizar utilizando varias técnicas: con perforación e voadura (pólvora e/ou cordón detonante), mediante corte con fio diamantado ou utilizando a rozadora de brazo para o corte horizontal e o fio diamantado para os verticais.
2. Separación bloques secundarios para subdividir o bloque inicialmente liberado.
3. Escuadrado e saneado de bloques comerciais.

Durante a 2ª e/ou 3ª fase, os bloques adquiren o tamaño adecuado para a súa comercialización ou transporte a talleres de elaboración.

O tamaño destes bloques estará en función da existencia ou non de diaclasas naturais e da demanda, en función dos equipos presentes nos talleres de elaboración.

A operación de división do bloque 1º en varios máis pequenos pódese realizar coa utilización de máquinas de fío diamantado ou mediante perforación manual con trade de percusión pneumáticos ou con banqueadores e utilización de cuñas manuais ou hidráulicas, ou utilizando explosivo (cada vez menos).

Unha vez separado o bloque inicial procédese a subdividilo noutros de menor tamaño, para o cal utilizan tamén as diferentes modalidades de perforación ou cando se aproveitan a dirección preferencial de fractura, empregan o martelo quebrantador manual que realiza as fendas para colocar cuñas. Para a rotura do bloque utilízase explosivo de baixa potencia ou mediante a introdución nos orificios practicados de cuñas e contracuñas.

Unha vez obtidos os bloques comerciais por subdivisión procédese ao escuadrado ou perfilado das súas caras. Para esta operación utilízase, ben os martelos perforadores manuais ou as perforadoras cun ou varios martelos. No caso de que o perfilado se realice no sentido de maior facilidade de rotura utilízanse os martelos picadores manuais co martelo quebrantador. Para a rotura do material sobranse utilízanse cuñas que se apertan con maza ou empréganse cuñas hidráulicas.



Canteira Irmáns Orellana, Quintana de La Serena

O proceso de explotación da lousa ten pequenas diferenzas que veñen dadas polas características da propia pedra. Neste caso, unha vez descuberto o banco de lousa útil, procédese ao corte do mesmo e á extracción de bloques (rachóns), de tamaño irregular que, unha vez calibrados, son enviados ás naves para o seu procesado final.

Para o corte e subdivisión da lousa na fronte de canteira utilízanse similares métodos que no caso do mármore e o granito. En contadas ocasións esta subdivisión dos bloques realízase na mesma canteira por medio de cortadoras de disco (troceadoras).

Como vemos, as semellanzas son practicamente totais no que fai a métodos de explotación. Porén, como comentabamos anteriormente, no campo da lousa algunhas empresas iniciaron novas experiencias de extracción que incorporan peculiaridades novos no que fai a riscos laborais.



Canteira de lousa de Valdeorras

Nos últimos anos, nas canteiras de Galicia, iniciáronse explotacións de lousa en canteira subterráneas. Un sistema de extracción que, a través da apertura de galerías para localización do banco de lousa baixo terra, permiten utilizar similares equipos de extracción que a ceo aberto. Estas novas experiencias susténtanse, en palabras dos propios empresarios, na necesidade de redución de custos de elimi-

nación de estériles sobre veta (os desmontes nalgúnhas zonas fan perigosa e pouco rendible a explotación), evitar os problemas de sinistralidade que poden provocar os corrementos de terras nos cavocos, así como polo menor impacto ambiental que supoñen este tipo de iniciativas, xa que, a medida que a tunelación e extracción do material avanza, se van pechando os túneles non operativos, cos estériles producidos ocasionando un impacto mínimo sobre a zona en cuestión.

Tamén na zona de Macael, Almería, está en período de estudo e valoración a utilización deste sistema para a extracción de mármore. A súa implantación expónse porque, nesta zona, a eliminación das estériles de recubrimento fai que os custos de explotación resulten moi elevados, sobre todo nalgúnhas zonas onde a espesura do devandito material pode chegar a ser superior aos 100 metros.

Pormenorizaremos, a seguir, no funcionamento dos sistemas de corte dos bloques primarios na fronte de canteira que podemos atopar:



Entrada mina subterránea de Lousas Gallegas

Corte con fio diamantado.

Trátase da modalidade de corte na fronte máis habitual. A súa función básica é a realización de cortes verticais, horizontais ou con calquera ángulo de inclinación en función da inclinación da capa a explotar

para, posteriormente, efectuar o envorco dos bloques secundarios. Consiste nun fío de aceiro que leva engarzados unhas perlinas diamantadas e uns separadores (resortes ou de plástico inxectado) que serven para a refrixeración do fío que, a través do rozamento da mesma no macizo rochoso, produce o corte. Para evitar quecementos no fío, este mantense refrixerado cunha achega constante de auga, o que fai que, para efectos preventivos, este sistema resulte moi conveniente posto que reduce o po, aínda que non hai que esquecer a elevada velocidade de rotación que adquire o fío diamantado ao cortar que pode provocar cortes importantes e proxección de perlinas e resortes a elevada velocidade cando se rompe o fío.



Máquina fío diamantado

Rozadora de brazo:

Actualmente, as rozadoras de brazo empréganse sobre todo en canteiras de mármore, pero tamén se utilizan en explotacións de lousa e algúns tipos de areíña.

As rozadoras de brazo poden traballar conxuntamente con outros equipos; así nas canteiras de mármore é moi frecuente ver equipos “exclusivamente diamantados”, é dicir, a combinación do fío diamantado e as rozadoras de brazo con cadea diamantada.

Corte con perforación

Para realizar o corte ou escuadrado dos bloques utilízase a perforación en diversas modalidades:

Perforación manual: Realizada por un operario que manexa unha trade de percusión pneumático manual.

Perforación vertical con banqueador: Consiste nunha estrutura metálica cun carro móbil sobre o que van montados unha serie de martelos pneumáticos. O barrenista, situado a unha beira do banqueador, posiciónao, controla a velocidade de perforación e a presión sobre a rocha e realiza o cambio de barrenas. Cando o banqueador está adosado ao brazo móbil dunha pa ou tractor chámase perforadora.

Unha vez perforado o bloque a subdivisión realízase co emprego de cuñas manuais ou hidráulicas.

Perforación horizontal (tiros de levante): Este tipo de perforación realízase cando a masa rochosa non presenta unha rotura natural (diacasa) que permita a separación do bloque na súa base; neste caso utilízanse explosivos para provocar a rotura do bloque.



Tiros de levante

Escuadrado e saneado de bloques:

Como sinalabamos anteriormente a operación de escuadrado das caras dos bloques realízase ben con perforación manual ou perforación con banqueador estático ou móbil (perforadora).

Na operación manual o operario, subido ao bloque de granito, realiza perforacións cun trade de percusión pneumáticos.

O banqueador estático está colocado sobre unha estrutura metálica fixa en forma de ponte, debaixo da cal se colocan os bloques.



Banqueador

O banqueador móbil ten as mesmas características do fixo agás que vai colocado sobre unha unidade móbil, pa ou tractor para transportalo á localización desexada.

Unha vez perforado o bloque, ben para escuadrado ou saneado, introdúcense unhas cuñas para proceder a abrílo.

Nas explotacións de pedra natural tamén se utilizan unha serie de equipos “auxiliares” que son comúns a todas elas e que hai que mencionar, como son os compresores, alternadores, empurradores pneumáticos e hidráulicos (para envorcar as tortas).

DIFERENCIACIÓN FUNCIONAL.

Unha vez que coñecemos os principais procesos de traballo dentro das canteira procederemos a unha breve descrición de postos de traballo comúns a todos os tipos de explotacións.

Palista de perforadora:

É o persoal que conduce unha pa retrocargadora que porta, no seu brazo móbil, a perforadora cun ou varios martelos. A súa misión con-

siste en realizar o traslado e posicionamento da perforadora sobre o bloque a cortar. Traballa desde o interior da cabina da pa.

Barrenista Axudante de perforadora:

Dirixe a perforación e indica ao palista da retro onde debe posicionar a perforadora cos martelos. O posto de traballo está situado ao lado da perforadora, aínda que nalgunhas empresas a perforadora dispoñen de mando a distancia polo que é unha única persoa quen conduce a retro e dirixe a perforación.

Barrenista fronte banqueador:

Encárgase de posicionar o banqueador. Controla a perforación e, antes de iniciar a perforación, limpa a superficie do banco e marca a liña de corte.

Barrenista manual:

Realiza os barrenos para a rotura ou escuadrado dos bloques. Tamén realiza os tiros para introducir o fío diamantado. Manexa unha trade de percusión pneumáticos de man, duns 34 kg de peso, cambia as barrenas e afía as mesmas.

Operario de fío canteira:

Realmente non existe persoal que se encargue exclusivamente de control da máquina de corte con fío xa que o funcionamento desta máquina é automático e non necesita de especial cualificación, calquera persoa pode controlar periodicamente o seu funcionamento.



Unha vez posicionado o fío, un operario encárgase de arrincar a máquina, controlar que a auga de refrixeración incida sobre a zona de corte e que o funcionamento sexa o adecuado. No caso de rotura do fío cámbiao ou repáao.

Palista:

Todas as manipulacións e cargas de materiais pesados: banqueadores, tramos de tubería, traslado e carga de bloques se realizan con grandes pas cargadoras que conducen os palistas e tamén son os encargados de separar da fronte os bloques primarios e secundarios.

Operario de “perpiaños e cachotería” (granito):

É o persoal encargado de obter dos recortes de granito non válidos para bloques, que unha vez traballados constitúen os chamados “perpiaños e cachotería”. Como ferramentas utilizan a trade de percusión de perforar manual (barreniño) e o martelo quebrantador (pistolete).

Encargado:

Dirixen e distribúen os traballadores, controlando as tarefas realizadas por estes. Nalgúns casos, e independentemente desta función, tamén realizan traballos na canteira.

Artilleiro:

É o responsable de recibir o explosivo, así como de realizar a carga, racheado e disparo da voadura, supervisando en todo momento o proceso e asegurándose de que a zona está desaloxada antes da



iniciación da pega, de que os camiños están cortados e o persoal resgardado nun lugar seguro.

Conductor d'úmpers e camións:

Os condutores encárganse de levar os bloques e rachóns a fábrica para a súa elaboración ou a eliminación das estériles en canteira para levarlos á zona de acopios.

Director facultativo:

O titular da Dirección Facultativa, denominado Director Facultativo, é a persoa con cualificación suficiente de acordo coa lexislación en vigor, que por nomeamento do empresario faise cargo da Dirección Técnica e a supervisión habitual e necesaria dos aspectos técnicos da actividade mineira, incluída a seguridade, a saúde e a protección do medio ambiente.

Todas as actividades incluídas no Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira terán un Director Facultativo responsable e coa titulación esixida por Lei, que, ademais dos traballos de investigación e explotación, será a persoa responsable de protexer a seguridade e a saúde dos traballadores nas actividades mineiras.

5

**Identificación de
Riscos**

A Lei 31/1995 de Prevención de Riscos laborais, no seu Artigo 15, Principios da acción preventiva, establece no seu punto 1:

“O empresario aplicará as medidas que integran o deber xeral de prevención previsto no artigo anterior, de acordo cos seguintes principios xerais:

...

b) Avaliar os riscos que non se poidan evitar.”

Esta obriga, reforzada no art. 16, 2 da norma, establece a avaliación de riscos como pilar fundamental do plan de prevención que toda empresa debe elaborar.

Como queira que a actividade mineira se engloba dentro do Anexo I do Regulamento dos Servizos de Prevención, debido á súa especial perigosidade e alto grao de sinistralidade, o control dos riscos ten que ser unha prioridade para calquera empresa do sector.

Risco laboral: “É a posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo”, Art. 4,2 LPRL 31/1995.

Esta definición é o punto de partida sobre o que debemos afondar cando falamos de riscos laborais no sector. Coñecer e cuantificar a importancia daquelas aos que están expostos os traballadores e traballadoras en calquera posto de traballo é o requisito básico para poder intervir e actuar en prevención e, como tal requisito básico, está recoñecido na lexislación en materia de prevención en vigor.

Trátase, non só dun relatorio de factores, senón dunha ferramenta útil e viva que terá que permitirnos manter baixo control as condicións de seguridade e saúde da explotación de que se trate.

Baixo esta premisa sistematizamos, en primeiro lugar, os riscos máis habituais do sector, tendo en conta todos os factores comúns que son inherentes a calquera lugar de traballo e, en segundo lugar, con especial consideración sobre aqueles outros que son específicos en canteiras de pedra natural, incidindo sobre os de maior relevancia actual ou que, ao noso xuízo, serán fonte de futuros problemas de saúde para os traballadores e traballadoras do sector.

Creemos oportuno, ademais, incidir nos riscos que describiremos a seguir, na certeza de que a existencia dun avultado número de doenzas profesionais no sector facía necesaria unha reflexión sobre

estes factores de risco, sobre todo tendo en conta a perigosidade dalgunha destas doenzas como é o caso da silicose.

Esta certeza vén da man dunha realidade obxectivable no noso sistema de control da saúde laboral; o control e seguimento da doenza profesional é inexistente. Sabemos, ao igual que o sabe a administración, que unha elevadísima porcentaxe das doenzas atendidas como comúns no sistema público de saúde son, en realidade, continxencias con orixe profesional, algunhas delas recoñecidas no R.D. 1299/2006 de Doenzas Profesionais.

Xa que logo, faise imprescindible a identificación destes riscos do sector da pedra natural, causantes de serios problemas de saúde nos traballadores/as, aos que, ata o momento, non se lles dera importancia e que están constituíndo un auténtico problema de saúde pública.

Afondaremos, a seguir, naqueles riscos que consideramos de especial importancia e perigosidade, así como naqueles que, presentes sen lugar a dúbidas nos traballos en canteiras, non tiveron a consideración precisa acorde cos danos que producen na saúde de traballadores e traballadoras do sector.

RISCOS	DESCRIPCIÓN
Caídas ao mesmo nivel.	É habitual que a zona de traballo presente zonas pouco seguras polo paso de maquinaria, pequenos desniveis, zonas embulleiradas pola auga utilizada nos traballos de extracción, etc.
Caídas a distinto nivel.	Na maior parte dos casos os cavorcos teñen importantes desniveis con alturas importantes, ben pola natureza abrupta da orografía ou polo avance da propia explotación do xacemento. Inclúense as posibles caídas dos traballadores situados sobre o propio bloque primario.
Caída de obxectos sobre o traballador.	Representadas basicamente por movementos de terras e caídas de rochas, presentes en todo momento na zona de desmonte que habitualmente se ten que realizar para extraer os bloques.
Pisadas sobre obstáculos.	Accidentes que dan lugar a lesións por pisar sobre elementos abandonados no terreo ou por pedras e outros elementos. Choque contra obxectos inmóviles.
Choque contra obxectos inmóviles	Accidentes que se producen en momentos nos que o traballador está en movemento contra algún obxecto que non está en movemento.

RISCOS	DESCRIPCIÓN
Contacto ou choque contra elementos móbiles da máquina.	O traballador recibe golpes con algunha parte móbil dalgunha máquina.
Golpes por obxectos ou ferramentas.	O operario pode lesionarse con ferramentas en uso (martelos) ou obxectos (pedras, obxectos de metal, etc.).
Proxección de partículas.	Nalgunhas operacións (escuadrado, voaduras, etc.), poden producirse proxeccións de pequenas partículas de pedra que poden lesionar o operario.
Aprisionamentos por obxectos ou máquinas, envorcaduras.	En ocasións poden producirse caídas de bloques primarios, ou, ao utilizarse maquinaria pesada en practicamente todos os traballos, poden ocasionar envorcaduras de máquinas co conseguinte aprisionamento dos traballadores.
Atropelos, golpes por vehículos.	Debido á presenza permanente de máquinas e vehículos circulando pola explotación.
Cortes, punzadas, rozaduras.	O cantos das pedras poden producir cortes e rozaduras aos traballadores.
Queimaduras por contactos eléctricos.	Presentes durante o uso de maquinaria ou ferramentas eléctricas.
Inhalación de substancias perigosas, tóxicas ou asfixiantes (Po)	A estas alturas xa non é cuestionable a toxicidade do po de silice. Ademais, as indicacións das autoridades advirten que calquera tipo de po é susceptible de ser perigoso para a saúde.
Accidente de tráfico en desprazamento desde o domicilio ao centro de traballo.	Habitualmente as zonas de extracción adoitan estar en zonas afastadas, escarpadas e, ás veces, con difíciles accesos, de aí que os problemas de tráfico sexan un elemento a ter en conta.
Ruído.	Seguramente o risco máis presente nas canteiras, o ruído está presente en todas as operacións que nela se realizan.
Explosión, incendios.	O traballo con explosivos pode producir consecuencias nos traballadores expostos ás voaduras habituais nas canteiras.
Exceso de frío ou calor no ambiente.	O ambiente térmico xoga un importante papel, tanto pola exposición ao frío, como, e sobre todo, polo exceso de calor e exposición a radiacións solares que se sofre nas canteiras.
Sobreesforzos, posturas non correctas.	Habitualmente os hábitos posturais non son correctos pero ademais en determinadas operacións deben manterse posturas forzadas durante longo tempo.
Vibracións	Conxuntamente co ruído é un dos axentes físicos con consecuencias máis graves para a saúde dos traballadores/as. Rutina no traballo, cansazo físico e mental, estrés.
Rutina no traballo, cansancio físico e mental, estrés	Un traballo cunha enorme carga física, con compoñentes de illamento, soidade, etc, pode influir negativamente na saúde dos traballadores e producir situacións de estrés.

AMBIENTES PULVÍXENOS.

Como vimos ao definir os métodos de explotación das canteiras, existe unha multiplicidade de procesos con altas emisións de po, sobre todo po de sílice, algún deles con evidentes dificultades de control, como no caso das voaduras. De igual maneira, as consecuencias para a saúde da inhalación de po, que quedaron claras en capítulos anteriores, converten este nun dos riscos máis importantes para traballadores e traballadoras.

Ambos os aspectos fan necesario que o control e eliminación do po constitúa a primeira fronte de actuación en prevención. Para iso, a ITC/2585/2007, obriga as empresas a tomar unha serie de medidas de prevención encamiñadas a eliminar o po dos postos de traballo nas explotacións a ceo aberto e plantas de tratamento.

Isto é así porque, ata hai ben pouco, as empresas non eran conscientes do problema que representa o po, sobre todo para a saúde dos traballadores, pero tamén para o medio ambiente do contorno próximo, por iso, esta é unha das cuestións máis incumpridas na maior parte das empresas do sector. Para solventar esta situación a norma estableceu, dentro da vixilancia periódica das condicións de traballo e da actividade dos traballadores/as, o control de niveis pulvixenos da explotación. Estes datos deberán, ademais, reflectirse nunha "Memoria Anual de loita contra o po" que, obrigatoriamente, deberá presentarse diante da Autoridade mineira competente. Desafortunadamente o cumprimento da norma segue sendo moi escaso, sobre todo no que se refire á realización de mostraxes periódicas tal e como se recolle nas conclusións técnicas recolleitas no estudo realizado polo Instituto Nacional de Silicose (INS) nas canteiras de Pontevedra, realizado no ano 2006.

ESTUDOS TÉCNICOS	% MOSTRAS QUE SUPERAN LÍMITES
Informe Lousa Ourense 1997	92.7
Informe Quintana de la Serena, Extremadura 2002	36.3
Informe Extremadura 2004	20
Informe Granito O Porriño 2005	27
Informe Granito Pontevedra 2006	17.5
Informe Lousa Valdeorras, Ourense 2007	7.4*

* Estes resultados son segundo a ITC en vigor no momento

Esta é unha situación, a teor dos resultados obtidos nos estudos de ambiente pulvixeno realizados nos distintos informes das distintas zonas extractivas polo INS, que persiste no tempo como un serio problema das empresas do sector.

Moitas veces unha mentalidade pacata por parte dos empresarios impediu a utilización de métodos preventivos sinxelos pero efectivos cuxo custo económico non supoñía un elevado gasto para as empresas. O tandem prevención-gasto segue instalado na mentalidade empresarial como un elemento oneroso e con pouca utilidade efectiva. E isto a pesar de que está claramente demostrada a efectividade da utilización de medidas preventivas para minorar as emisións. Como exemplo podemos utilizar un dato significativo aparecido no estudo realizado polo INS en Pontevedra no ano 2006, nos resultados das mostras realizadas aos barrenistas púidose comprobar que a utilización de medidas preventivas melloraba enormemente os niveis de po de sílice respirable ao que estaban expostos.

BARRENISTA	CON MEDIDAS PREVENTIVAS	SEN MEDIDAS PREVENTIVAS
Valor Limite según ITC 0.25 mg/m ³ (en vigor no momento do estudo)	0.3 mg/m ³	3.10 mg/m ³

Detalle Estudio Pontevedra 2006 Instituto Nacional de Silicose

Para pechar este apartado gustaríanos comentar certas peculiaridades detectadas durante as nosas visitas ás distintas zonas produtivas do Estado. Malia que non existe ningún tipo de dúbidas sobre a perigosidade do po de sílice, parece existir un sentimento de inocuidade en relación aos efectos para a saúde doutro tipo de po.


Este é o caso da extracción de mármore; moitas das persoas relacionadas coa súa produción asegurábannos a inexistencia de afectacións pulmonares dos seus traballadores posto que a composición do mármore non inclúe a sílice e mesmo se louvaban os efectos inocuos sobre a saúde pola inxestión do po emitido nas canteiras de Macael.

A súa composición de carbonato cálcico fai que sexa unha práctica común utilizar o po producido nos cortes como dixestivo. A pesar de esta situación e, á espera dos resultados do estudo que o Instituto Nacional de Silicose está realizando en Almería, cremos

que o máis sensato é tomar en consideración a definición que a propia ITC fai do que considera po; nela en ningún momento se especifica cal ten que ser a súa composición para ser considerado como tal, polo tanto a xeneralización fai que sexa preceptivo o control de calquera tipo de po emitido nun proceso; xa que logo, consideramos que a aplicación de medidas ten que ser similar en todos os tipos de extracción de pedra.

RUÍDO

Podemos definir o ruído como unha sensación sonora desagradable, pero cando falamos de saúde o ruído non só se trata de sensacións máis ou menos pracentearas senón dunha situación que pode lesionar o órgano do oído e producir trastornos fisiolóxicos e incluso psicolóxicos. Ata non hai moito, os seus efectos sobre a saúde foron minusvalorados, afortunadamente as novas normativas recollen claramente a importancia deste risco e establecen uns estritos controis de niveis de ruído nos postos de traballo, así como revisións de saúde periódicas para os traballadores/as con exposición ao mesmo.

DB (A)	PERCEPCIÓN	FONTES
0 20	Silencio (Umbral de audición)	Paxaro 
40 60	Poco Ruído Muy ruidoso	Televisor Impresora 
80 100	Nocivo	Automobil Avión 
120 140	Nocivo (Umbral da dolor)	Perforadora 


No seguinte cadro podemos ver os niveis de percepción de ruído que ten o ser humano, e a súa identificación con elementos que producen estes niveis; como vemos na nosa vida ordinaria estamos sometidos a situacións de ruído elevadas que vivimos como normais, ademais aceptouse como unha máxima inevitable que a actividade industrial ten, necesariamente, que ser ruidosa.

Para calquera persoa allea ao traballo en canteiras que visita unha explotación, a primeira impresión que recibe é o elevado nivel de ruído ambiental: multiplicidade de máquinas e ferramentas traballando a un tempo, tráfico constante de maquinaria pesada, sinalización acústica das mesmas, etc.

Un mundo ruidoso no que podemos atopar todas as tipoloxías de ruído, ruído continuo (p.e. no corte con fio diamantado), ruído intermitente, ruído de impactos (producido polas perforadoras, caída de bloques, etc.), de impulsos (p.e. nas voaduras). O coñecemento da existencia desta circunstancia obrigou que o control dos niveis de ruído da explotación sexa unha das cuestións que, preceptivamente, debe presentarse diante da Autoridade mineira competente. Trátase dunha Memoria Anual de loita contra o ruído, ao igual que no caso do

control do po, na que se reflicten as accións realizadas na explotación para minimizar os efectos do ruído.

Lamentablemente o nivel de ruído das explotacións segue sendo alto, tal e como se recolle nos últimos estudos realizados polo Instituto Nacional de Silicose, neles recóllense niveis que, en demasiadas ocasións, superan os máximos permitidos. Como dato positivo, comprobouse que o nivel de concienciación de traballadores/as no uso de equipos de protección individual tivo unha positiva evolución nos últimos anos, xa que, no estudo realizado polo Instituto en Valdeorras no ano 2007, a porcentaxe de uso de Equipos de protección fronte ao ruído era dun 90%.



Resultados Estudos Instituto Nacional de Silicose sobre niveis de exposición e uso de EPI's

Porén, estes datos non poden levarnos a pensar que a situación mellorou no sector; como vemos, as porcentaxes de medicións que superan os límites legais aumentaron co paso dos anos e, aínda tendo en conta as reducións de límites de exposición da nova lexislación, os resultados son excesivamente elevados.

De feito, os estudos realizados a traballadores en activo nas canteiras, realizados polo INS durante o ano 2002 en Ourense e Pontevedra (desafortunadamente non se incluíron probas de audición nos estudos posteriores), demostraron que existían un 68.68% de traballadores/as afectados de alteracións auditivas, no caso de Ourense e un 62.5% no caso dos traballadores/as de Pontevedra.

Se cruzamos estes datos coa elevadísima porcentaxe de medicións que incumpren a normativa de ruído podemos imaxinar que, aínda co aumento do uso de proteccións acústicas, as alteracións auditivas deben ser moi numerosas entre os traballadores do sector. É unha mágoa que non se siga realizando esta iniciativa en proxectos posteriores que nos permitirían coñecer o estado de saúde auditivo da poboación traballadora nas canteiras de todo o Estado español.

Por iso resulta tan importante unha correcta implantación de medidas preventivas para a protección auditiva de traballadores e traballadoras.

Como veremos no apartado de boas prácticas existen medidas positivas que poden evitar danos aos traballadores de canteiras.


VIBRACIÓNS.

O estudo sobre as vibracións no sector non foi moi estendido; de feito, só un dos estudos realizados polo Instituto Nacional de Silicose incluíu un estudo sobre a incidencia das vibracións nos traballos en canteiras.

Porén, si existe unha experiencia interesante neste campo realizada polo INTROMAC co “Estudo sobre os Niveis de Vibracións na Empresa mineira en Estremadura” realizado no marco do Plan de Seguridade mineira 2006, resultado do cal elaboraron unha completa guía sobre o tema.

Paradoxalmente, resultan amplamente coñecidas as consecuencias que, para a saúde, ten a exposición ás vibracións e as graves consecuencias que estas poden chegar a ter. Así e todo, e malia existir no sector operacións nas que existe unha clara exposición a vibracións de baixa e alta frecuencia, non é habitual que isto se teña en conta no momento de realizar a vixilancia da saúde.

Ben é certo que non existen protocolos de vixilancia da saúde para traballadores/as expostos para os efectos das vibracións, e esta é unha situación que necesita unha solución por parte da Administración Sanitaria.



A diferenciación clásica na tipoloxía das vibracións é as que afectan á totalidade do corpo ou aquelas que son transmitidas á man e o brazo. As primeiras ocorren cando o corpo está apoiado nunha superficie vibrante (p.e. ao ir sentado nun vehículo) e as vibracións man-brazo son as que entran no corpo a través das mans no manexo de ferramentas nos distintos procesos industriais.

Os dous tipos de vibracións atópanse con facilidade nos diferentes traballos que se realizan nas canteiras e os efectos para a saúde, que mencionabamos anteriormente, son ben coñecidos para os facultativos especialistas en medicina do traballo.

Unha coherente aplicación de medidas conseguirá reducir as vibracións ao seu nivel máis baixo. Medidas que, neste caso, teñen que ir dirixidas a dous aspectos, controlar os equipos en uso e á aplicación de normas de utilización de maquinaria. Máis adiante veremos algunhas propostas de accións a desenvolver polos empresarios.



LESIONS MÚSCULO-ESQUELÉTICAS.

Aínda que non existen datos estatísticos nin estudos científicos, que nos permitan afirmar con rotundidade que as lesións músculo-esqueléticas son un problema de elevada incidencia no sector, somos coñecedores de que este tipo de doenzas ten unha gran presenza no traballo en canteiras e plantas de tratamento de todo tipo.

Moitos dos procesos que se realizan nas canteiras requiren dun elevado esforzo físico por parte dos operarios, durante a manipulación manual de cargas (perforadores manuais, etc.), manter posturas forzadas durante tempo prolongado (posturas de barrenistas, preparación dos tiros das voaduras...), mantemento de posturas estáticas durante tempo prolongado (operarios de banqueadoras, barrenistas, etc.), e, sobre todo, o uso de maquinaria e ferramentas que producen vibracións, tal e como vimos no apartado anterior, tanto de corpo enteiro como vibracións man-brazo.

A conxunción de exposicións a vibracións, posturas forzadas e manipulación de cargas, convértese nunha mestura explosiva para a saúde músculo-esquelética dos traballadores/as das canteiras, polo tanto non é ilóxico pensar que moitos dos problemas de Trastornos Músculo Esqueléticos (TME en adiante) que se sofren nas canteiras teñen que ver, pois, con esta situación.

Para poder intervir diante do risco de TME, tal e como se establecían nas recomendacións da Unión Europea no ano europeo dos TME, é imprescindible o recoñecemento do problema, a través da correcta ava-



liación dos riscos músculo-esqueléticos que existen nos postos de traballo. Un argumento máis a favor dunha política de veracidade á hora de realizar as avaliacións de riscos neste tipo de empresas.

Estas avaliacións facilitarán o establecemento das medidas preventivas pertinentes, tendo sempre en conta o principio básico da ergonomía, segundo o cal deberá adaptarse o traballo á persoa e non a persoa ao traballo para, desta forma, mellorar as ferramentas, equipos e instalacións.

Deberá terse presente a necesidade de introducir medidas de organización do traballo que permitan diminuír o tempo de exposición mediante pausas ou micro-pausas, alternar tarefas, etc.



Estas medidas non poderán obviar, nin substituír, un dos eixes principais de calquera política preventiva; o coñecemento do traballador ou traballadora dos riscos aos que se enfrenta así como a información e formación específica precisa para poder se afrontar a eles.

MEDIO-AMBIENTE TÉRMICO.

O traballo nas canteiras é, no imaxinario colectivo, un dos que máis claramente podemos identificar dentro do grupo de profesións de especial dureza, esforzos físicos, traballo á intemperie, lugar de traballo carente de comodidades, graves riscos laborais, etc. Pero, ademais das coñecidas condicións das tarefas do oficio, temos que sumar as dificultades engadidas dunhas condicións ambientais, case sempre adversas, como consecuencia de traballar ao aire libre en calquera época do ano; altas e baixas temperaturas que poden afectar a saúde dos traballadores.

Tomamos a decisión de centrarnos nos efectos da calor e as radiacións solares porque contra o frío temos mecanismos de defensa que podemos chamar, seguramente non moi correcta, "naturais". Isto é, diante do frío tendemos naturalmente a protexernos, cubrimos o corpo e intentamos, dunha forma intuitiva, facer o posible por manter estable a nosa temperatura corporal, situación moi diferente no caso da calor, en que os efectos poden chegar de forma súbita.



Por iso serán as altas temperaturas e a exposición solar as que centrarán este apartado. Habitualmente, as especiais características das canteiras, situadas en zonas elevadas, a acumulación de calor na pedra, etc., fai que a climatoloxía máis extrema en época de calor constitúa un risco importante no sector.

E é que as elevadas temperaturas que se producen nos cavorcos, sobre todo nas épocas estivais ou en épocas de vagas de calor poden provocar situacións perigosas para a saúde dos traballado-

res. Esta situación, que é equiparable en calquera das zonas extractivas obxecto de estudo, foi, desafortunadamente, considerado un problema menor no que a característica persoal dos traballadores do sector de “estar curtidos” parecía ser a única protección necesaria.

Así as cousas, a realidade é que o estudo das condicións térmicas ambientais nas canteiras apenas tivo presenza nos traballos realizados polos organismos técnicos, só aparece incluído nos estudos levados a cabo polo Instituto Nacional de Silicose nas canteiras do Porriño e nas da provincia de Pontevedra (anos 2005 e 2006) e non parece figurar nas prioridades das empresas.

En ambos os casos as conclusións técnicas destes estudos determinan que os niveis de calor son moi elevados; é de supoñer que esta situación se reproduce na maior parte das explotacións existentes no resto do Estado, sobre todo, nas zonas nas que as condicións climáticas son extremas.

O estrés térmico por calor é a situación que sofren os traballadores/as cando reciben e acumulan calor no seu corpo e que resulta da relación existente entre as condicións ambientais do lugar no que traballan, a actividade física que realizan e a roupa que leven. Porque a calor pode ser moi perigoso para a nosa saúde xa que o noso corpo, para poder funcionar con normalidade, ten que manter unha temperatura interior en torno aos 37°C; se esta temperatura sofre alteracións superiores aos 38°, pódense producir danos á saúde, tan graves que poden chegar á morte se a temperatura corporal superan os 40,5°C.

Ao igual que ocorre noutro tipo de riscos, son importantes factores como o tempo de exposición e, por suposto, as características persoais, son altamente determinantes á hora de enfrontarnos ao estrés térmico por calor. Este último elemento é especialmente importante á hora de incorporarse ao posto de traballo por vez primeira, despois dun período vacacional ou de baixa laboral prolongada. E éo porque, se o traballador/a non está correctamente aclimatado ás condicións de exposición a altas temperaturas, non poderán evitarse as consecuencias negativas para a súa saúde.

E é que as doenzas relacionadas pola exposición á calor son múltiples e con diferente nivel de gravidade. Poden ir desde unha síncope por calor, deshidratación, esgotamento ou o máis coñecido e peri-

goso golpe de calor. Ademais pode influír negativamente en doenzas pre-existentes e que estas experimenten un agravamento na saúde do traballador/a.

Por suposto a calor pode provocar un aumento dos accidentes de traballo. Traballar baixo os efectos da calor produce sensacións de disconfort, apatía, a capacidade de percepción, atención e memoria diminuídas o que facilita que se produzan situacións de risco.

Ademais dos efectos do estrés térmico existe outro importante risco ao que se enfrontan os traballadores e traballadoras do sector, sen un sentimento de perigosidade evidente, e que, ademais, non foi valorado en toda a súa dimensión. Trátase dos efectos da radiación térmica solar e ultravioleta, da que está demostrada a súa capacidade para provocar cancro de pel.

A pesar de que nos últimos anos se tivo moito máis en conta, como unha cuestión de saúde pública, os problemas que pode producir a exposición solar, non fora tomado en consideración como un risco laboral nas canteiras, por iso faise imprescindible iniciar un camiño aleccionador sobre como protexer os traballadores/as da exposición ás radiacións solares.

Trátase de tomar medidas que, ademais dos aspectos organizativos de redución de exposición ou protección con pezas de traballo axeitadas, incida na formación dos traballadores/as sobre os perigos da radiación solar e o estrés por calor, así como no establecemento de hábitos de vida saudables, tales como beber moita auga aínda non tendo sede ou utilizar cremas de protección solar, erradicando o compoñente cosmético que adoitan ter este tipo de produtos para convencer da necesidade do seu uso para prever o cancro de pel.

Doenzas relacionadas coa calor; Causas e síntomas*

DOENZAS	CAUSAS	SÍNTOMAS
Erupción cutánea	Pel mollada debido a excesiva suoración ou a excesiva humidade ambiental.	Erupción vermella desigual na pel. Pode infectarse . Proídos intensos. Molestias que impiden ou dificultan traballar e descansar ben.
Cambras	Perda excesiva de sales, debido a que se súa moito. Bebida de grandes cantidades sen que se inxiran sales para reponer as perdas coa suor.	Espasmos e dores musculares nos brazos, pernas, abdome, etc. Poden aparecer durante o traballo ou despois. Sincope por calor
Síncope por calor	Ao estar de pé e inmóbil durante moito tempo en sitio caloroso, non chega suficiente sangue ao cerebro. Poden sufrilo sobre todo os traballadores/as non aclimatados/as.	Esvaeceamento, visión borrosa, mareo, debilidade, pulso feble.
Deshidratación	Perda excesiva de auga, debido a que se súa moito e non se repón a auga perdida.	Sede, boca e mucosas secas, fatiga, atordamento, taquicardia, pel seca, etc.
Esgotamento por calor	En condicións de estrés térmico por calor: traballo continuado sen descansar ou reducir calor e sen reponer a auga e as sales perdidas ao suar. Pode desembocar en golpe de calor.	Debilidade e fatiga extremas, náuseas, malestar, mareos, taquicardia, dor de cabeza, perda de consciencia pero sen obnubilación.
Golpe de calor	En condicións de estrés térmico por calor: traballo continuado de traballadores/as non aclimatados/as, mala forma física, susceptibilidade individual, doenza cardiovascular crónica, toma de certos medicamentos, obesidade, inxesta de alcol, deshidratación, esgotamento por calor, etc. Pode aparecer de maneira brusca e sen síntomas previos. Fallo del sistema de termorregulación fisiológica. Elevada temperatura central y daños en el sistema nervioso central, riñones, hígado, etc., con alto riesgo de muerte.	Taquicardia, respiración rápida e feble, tensión arterial elevada ou baixa, diminución da suoración, irritabilidade, confusión e desmaio. Alteracións do sistema nervioso central. Pel quente e seca, con cesamento de suoración. PERIGRO DE MORTE

*Fonte: Calor e Traballo: Prevención de Riscos Laborais debidos ao estrés térmico por calor, Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, Centro Nacional de Novas Tecnoloxías, 2008

6 | Boas Práticas

“Non existe mellor práctica que o estrito cumprimento da normativa existente”.

Esta aseveración, que noutras circunstancias podería parecer unha necidade, é, desgrazadamente, a confirmación da inexistencia dunha correcta política preventiva na maioría das empresas do sector, a norma existe e non se cumpre. A realidade, teimosa, dinos que son poucas as honrosas excepcións que fan práctica diaria das obrigas que se establecen na lexislación.

Así as cousas, e toda vez que partimos da existencia dun amplo paquete de medidas legal, non só xerais senón específicas do sector, non queremos propoñer o obvio, aquilo que marca a norma, que existindo, ten que cumprirse; queremos ir un pouco máis alá.

Por iso, neste apartado incluiremos propostas que, ao noso entender, deben ser tomadas como unha “Boa Práctica” nos distintos apartados nos que a industria do sector, e así o constatan os estudos técnicos elaborados, está fallando.

Non quixemos limitarnos a realizar unha listaxe de medidas en todos e cada un dos aspectos preventivos do traballo en canteiras, para os que existen, ademais multitude de propostas, senón naqueles que, ao noso entender, merecen máis atención.

MEDIDAS PREVENTIVAS.

Vibracións:

Tal e como avanzabamos cando as definiamos, as vibracións supoñen un importante e infravalorado risco para os traballadores/as de canteiras. Diciamos que un gran número de traballos, realizados con maquinaria ou ferramentas, presentan vibracións no seu desenvolvemento. Aínda que é imposible eliminalas na súa totalidade, por non existir máquinas ou ferramentas de substitución exentas das mesmas, si é certo que é posible realizar medidas que contribúan a reducilas considerabelmente.

En coincidencia co establecido no RD 1311/2005 cremos que as medidas que se introduzan terán que incidir en dous aspectos principais, establecemento de medidas organizativas e utilización do mantemento como elemento principal de control.

Unha primeira medida sería un deseño correcto das novas explotacións e unha reformulación das existentes o que permitirá unha óptima distribución das máquinas e procesos. A realidade nas canteiras é, habitualmente, moi diferente, unha situación próxima ao caos no que os traballos se superpoñen, sobre todo porque na maior parte dos casos, a canteira avanza segundo o seguimento natural da veta, nas moitas ocasións sen realizar traballos de prospección que permitan un coñecemento completo do xacemento. Porén, unha correcta planificación do avance da explotación redundaría nunha menor exposición de traballadores/as.



Zona de acopios na propia canteira

A pesar de que os modelos de explotación son similares en todas as zonas produtivas as características da zona de traballo deben terse en conta utilizando, ademais, a maquinaria axeitada para cada ocasión.

Non resultan nada recomendables adaptación de maquinaria parecidas á da foto adxunta (Foto nº13) na que se pode comprobar unha “peculiar” adaptación de maquinaria para unha segunda función (supoñemos que unha achega de auga para unha banqueador).



Nin que dicir ten que é imprescindible buscar a utilización daqueles equipos que teñan integrada a redución das vibracións desde fábrica, tendo sempre en conta o estipulado no RD 1215/1997 sobre utilización por parte dos traballadores dos Equipos de Traballo.

Ademais debería ser preceptivo introducir medidas organizativas clásicas, sobre todo nos postos con maior exposición, tales como rotación de postos, programación de pausas entre operacións para limitar os tempos de exposición, establecendo sistemas de control remoto das operacións máis perigosas e, se isto non é posible, acoutando o acceso e permanencia en zonas de risco.

O segundo dos puntais que, ao noso xuízo, debe establecerse como básico na prevención das vibracións é a realización dun óptimo mantemento de máquinas, ferramentas e vehículos, tal e como marcan as recomendacións de fábrica (verificar carcacas, substituír pezas desgastadas, lubricar, etc.).

Obviamente isto non será suficiente; o obxectivo ten que ser a eliminación ou diminución da transmisión de vibracións ao condutor ou operario, acondicionando as máquinas para tal función (mellorar as suspensións do chasis, suspensión de cabina e asento, etc.), establecendo programas de renovación de maquinaria que permita asegurar que o risco se controla en orixe.

Ademais o emprego de Equipos de Protección Individual por parte dos traballadores e traballadoras deberá estenderse como unha medida habitual. No que fai á formación de traballadores e traballadoras sobre o tema non temos máis que insistir en que esta ten que ser un básico na política preventiva de calquera empresa.

Por suposto, aínda que máis adiante desenvolveremos en profundidade este aspecto, a vixilancia da saúde ten que ter en conta que este é un serio risco para os traballadores/as do sector e, polo tanto, debe ser considerado como tal nas revisións periódicas da saúde dos traballadores/as.

VIBRACIONES

- Estricto seguimento do establecido no RD 1311/2005 sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores fronte aos riscos derivados ou que poidan derivarse da exposición a vibracións mecánicas.
- Un correcto deseño das novas explotacións e unha reformulación das existentes permitiría unha óptima distribución de máquinas e procesos.
- As singularidades das zonas de traballo terán que terse en conta para a utilización da maquinaria axeitada.
- Non se realizarán manipulacións nas máquinas e ferramentas que non se axusten ás instrucións de fábrica.
- Tal e como estipula o RD 1215/1997, utilización de equipos con redución de vibracións integrada de fábrica.
- Introducción de medidas organizativas clásicas, rotación de postos, programación de pausas entre operacións para limitar tempos de exposición, sistemas de control remoto e/ou acoutación de acceso e permanencia en zonas de riscos.
- Óptimo programa de mantemento de máquinas, ferramentas e vehículos como poste básico de prevención de vibracións.
- Establecemento de programas de renovación de maquinaria.
- Establecemento dun programa de Emprego de Equipos de Protección Individual baseado na introdución dun Programa de Formación de traballadores e traballadoras.
- Introducir na vixilancia da saúde de mecanismos de control dos efectos sobre a saúde dos traballadores/as das vibracións.

Medio-ambiente Térmico.

Como dicíamos anteriormente, a situación térmica ambiental trátouse, en moitas ocasións, coma se fose un risco “menor”, porén xa vimos as graves problemas que pode ocasionar o estrés térmico ou a sobre-exposición para os efectos dos raios solares.

Como normas básicas non podemos deixar de mencionar todas aquelas que atinxen ao auto-control do propio traballador/a da súa sensación de calor, medidas que, inevitablemente, levan aparelladas a formación e información previa do traballador/a, deber ineludible do empresariado, que permitirá adestralos no recoñecemento dos primeiros síntomas dos efectos da calor. Esta formación deberá, así mesmo, fomentar hábitos de vida saudable nos traballadores/as, tales como consumo frecuente de auga, comer san, utilización de cremas solares para protección das zonas expostas, etc.

Neste tipo de riscos, diante da imposibilidade da súa eliminación en orixe, é imprescindible a incorporación de medidas organizativas que permitan distribuír o traballo de forma que se poida reducir o tempo ou a intensidade da exposición dos traballadores, establecer pausas fixas ou a criterio do traballador/a, axeitar os horarios de traballo á calor do sol, establecer rotacións nos traballadores, ou calquera outra que facilite unha redución da exposición.

Dentro deste grupo de medidas incluíríamos unha importante e que, desafortunadamente, non ten demasiada utilización nas empresas do sector. Trátase de establecer como obrigatorios os períodos de aclimatación á calor dos traballadores/as que se incorporan á empresa ou daqueles que volven ao traballo despois dun período vacacional ou dunha baixa de media ou longa duración. Con estes períodos de aclimatación, de duración razoable, conséguese que o traballador/a teña unha correcta adaptación corporal ás condicións ambientais de traballo.

Ademais, faise preciso modificar un aspecto ao que, ata o momento, non se lle dera excesiva importancia; de cara a protexerse dos riscos da exposición da pel aos raios solares sería altamente conveniente cambiar os criterios, se é que estes existen nalgunha explotación, de cal é o tipo de roupa de traballo que se debe implantar nas canteiras. O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo recomenda a utilización de roupa que cubra completamente o corpo, é dicir, utilizar pantalóns longos e camisa de manga longa, non axustados, de



Modelo "estandarizado" de vestiario nas canteiras

tecidos lixeiros e cor clara. Como se pode comprobar nas fotos do capítulo seguinte, a tipoloxía do que se considera "roupa de traballo" nas canteiras dista moito de ser o máis idóneo para protexerse de posibles futuros cancros de pel.

A posibilidade de refrescarse debería facilitarse aos traballadores/as, habilitando zonas de sombra nos cavorcos, nas que poder descansar durante as pausas establecidas, e instalando aseos e duchas na canteira ou na súa proximidade. Esta medida serviría para atallar dous problemas importantes; en primeiro lugar serviría para reducir a calor



Traballador exposto ao sol cunha queimadura no seu brazo

corporal dos traballadores expostos e, en segundo lugar, contribuíría á eliminación de po que os traballadores/as puidesen levarse no seu corpo ou nas súas pezas de traballo.

Existe a necesidade de que os Servizos de Prevención das empresas fomenten hábitos protección e de vida saudable como a utilización de cremas de protección solar en casos de exposición prolongada ou o consumo frecuente de auga durante as horas de traballo.

Por suposto, ao igual que nos casos anteriores e como veremos máis adiante, debe terse en conta nas revisións periódicas da saúde dos traballadores/as. Algo que, a teor da imaxe, non foi tido en conta polo servizo de prevención da canteira onde traballa o traballador da foto.

MEDIO AMBIENTE TÉRMICO

- Formación e información de traballadores e traballadoras sobre os riscos de exposición á calor e radiacións solares.
- Introducción de pautas de auto-control dos propios traballadores/as, previo un proceso formativo.
- Medidas organizativas que faciliten a redución da exposición. Reducir o tempo ou a intensidade da exposición, establecer pausas fixas ou a criterio do traballador/a, axear os horarios de traballo ás horas de menor calor, establecer rotacións de traballadores, etc.
- Establecer períodos obrigatorios de aclimatación á calor dos traballadores/as que se incorporan á empresa ou regresan tras períodos vacacionais ou de baixa.
- Establecer criterios de tipos de roupa de traballo para implantar nas canteiras (como un elemento de protección contra os efectos da exposición aos raios solares).
- Habilitación de zonas de descanso á sombra e instalación de aseos e duchas que permitan reducir o nivel de calor acumulada no corpo.
- Utilización de cremas solares de protección contra os efectos da radiación solar.
- Ter en conta este factor de risco na vixilancia da saúde.

Ambiente Pulvixeno

Ao inicio do capítulo de identificación de riscos nas canteiras, afirmabamos a necesidade das empresas, a maiores da obriga legal existente, de realizar unha correcta e veraz avaliación daqueles riscos que é imposible evitar. Asumindo que, no caso do po, as dificultades de evitar as emisións producidas nalgunha das operacións que se realizan, se fai máis que necesaria a pertinente avaliación.

Así o establece a ITC/2585/2007; nela clarifícase que o contido do documento de planificación preventiva incluirá, ineludiblemente:

“un plan para o control da exposición ao po en que se incluírán as medidas de tipo técnico que se van adoptar para suprimir, diluír, asentir e evacuar o po que poida producirse e/ou afectar na realización dos traballos, igualmente teñen que explicitarse as medidas de protección e de prevención a adoptar e o material de protección que deba utilizarse e un plan de mantemento xornal dos equipos, e sistemas de prevención contra o po”. Art.4.1

Obviamente a vixilancia do nivel pulvixeno das explotacións terá que establecerse coa realización de mostraxes periódicas que permitan coñecer, en todo momento, a situación de emisións nos postos de traballo con risco de exposición. A ITC/2585/2007 estipula a realización periódica de toma de mostraxes, polo menos, unha cada catro meses. Os resultados destas medicións serán rexistrados e notificados á autoridade mineira e ao Instituto Nacional de Silicose con fins estatísticos. Desafortunadamente, tal e como mencionabamos en capítulos anteriores, os estudos do Instituto Nacional de Silicose detectaron que este é un dos máis importantes incumprimentos, aínda que é certo que algunhas empresas reduciron a periodicidade destas mostraxes motu proprio, pero non se trata esta dunha práctica xeneralizada.

E isto a pesar de que a industria extractiva da pedra natural tivo o seu despegue produtivo máis importante coa introdución de novas tecnoloxías, asumindo o risco de investir en procesos innovadores e, ás veces gravosos, non tivo esta mesma perspectiva coa implantación da prevención nas súas empresas. Como comentabamos anteriormente foi esta a materia pendente en case toda a industria do sector. As máis das veces por esa mentalidade, á que faciamos re-

ferencia anteriormente, na que non se ten a perspectiva da prevención como investimento senón soamente como un gasto irrecuperable e sen rendemento a curto prazo.

Isto ocorre a pesar de que a realidade demostra que non sempre a elección dun método de prevención ten por que ser caro. Comprobouse que a eficacia e operatividade dalgúns métodos non está rifado coa economía e que, en moitas ocasións, o sistema máis caro ou sofisticado non sempre soluciona o problema.

Neste caso, como verificador da aseveración anterior, o instrumento básico no control do po emitido, é a utilización de auga como elemento mitigante a que demostrou a maior efectividade. Ademais pode ser empregada en diversos procesos que implican desde o corte, a perforación ou a rega de pistas e accesos. No seu defecto, os diversos sistemas de captación de po no propio foco emisor sería tamén unha opción útil.

Ambas as medidas resultaron ser efectivas, pero os datos dos estudos epidemiolóxicos realizados polo Instituto Nacional de Silicose demostran que a efectividade da utilización de auga é moito maior que os métodos de captación.

Así, nos datos obtidos no estudo realizado na zona do Barco de Valdeorras o pasado ano demostraron que, nos casos nos que se realizaba perforación con inxección de auga nos martelos, a redución das concentracións de po era de máis do 50%, respecto dos que utilizaban como medida de prevención a captación de po.





A comparativa entre as fotos que acompañan estas palabras é significativa no que fai a po ambiental. Na primeira e a segunda delas utilízase auga como elemento mitigante, mentres que na terceira se está barrendo “a po”, sen utilizar ningunha medida preventiva.

Da mesma forma, nos procesos de perforación a utilización de auga resultou moito máis conveniente que nos casos nos que non se utiliza ningún sistema ou este é de captación.



Importante tamén é unha correcta política de organización da explotación, da mesma forma que esta premisa resulta interesante para o control do risco de vibracións nos postos de traballo, no caso das emisións de po é unha medida de importancia vital. En moitas ocasións a acumulación en espazos reducidos de varias tarefas con emi-

sións de po aumentan os niveis de concentración innecesariamente, unha correcta distribución e organización das explotacións resolvería este problema.

Outro aspecto importante é o daqueles traballadores que realizan a maior parte da xornada manipulando maquinaria desde dentro da cabina. En moitos casos, o illamento destas non se realizou correctamente ou non existe. A falta de acondicionamento interior para soportar as altas temperaturas ás que se ven sometidos, non existe aire acondicionado e soportar as condicións térmicas no interior da cabina non é posible, provoca que algúns operarios traballen coa fiestra ou a porta aberta, co que están eliminando a protección, noutras ocasións a persoa que opera a maquinaria realiza, simultaneamente outras funcións e permanece subindo e baixando da maquinaria durante o proceso.



Aínda que é certo que a maioría das máquinas veñen acondicionadas de fábrica poderíamos utilizar o mesmo argumento que no caso das vibracións, un deficiente, en ocasións inexistente mantemento provoca que a situación dos habitáculos non sexa a necesaria; por outra parte a “idade” dalgunha da maquinaria observada nas canteiras está máis próxima á de xubilación que á do inicio da actividade laboral, circunstancia que non favorece o correcto funcionamento dos dispositivos de protección. Desafortunadamente, estas situacións danse con demasiada frecuencia.

Tanto para os efectos de protección contra o po como contra o ruído sería imprescindible a existencia de habitáculos correctamente preparados para tal fin e que se tivese en conta que o mantemento adecuado das máquinas sería un elemento fundamental.

Se isto ocorre co aire que os traballadores respiran no seu tempo de traballo é de supoñer que o que ocorra despois de terminar a xornada recibirá moita menor atención. Certo é que despois de que esta finaliza non debería existir máis risco e que a exposición cesa, porén é coñecido que o po que nós levamos no noso corpo e nas roupas de traballo pode influír negativamente na nosa saúde. Por iso sería importante implementar unha medida que raramente existe nas explotacións e que, no apartado de ambiente térmico, mencionabamos; a necesidade da existencia de aseos que permitan aos traballadores, non só librarse do po acumulado durante a xornada, senón eliminar a calor acumulada durante a xornada e poder substituír as súas pezas de traballo por outras limpas sen ter que chegar aos seus domicilios coas roupas cheas de po de sílice. Estes aseos deberían estar provistos de zonas diferenciadas para imposibilitar unha transferencia de po da roupa de traballo á roupa de rúa.

Combater o po no conxunto da explotación, máis alá de en cada posto de traballo considerado individualmente, é primordial para lograr a eficacia preventiva e reducir notablemente os niveis de contaminación.



De pouco vale eliminar ou reducir a concentración de po nun posto determinado, se a escasos metros un camión ou unha pa cargadora está xerando unha nube aínda maior que a que o dito posto puidese producir.



En explotacións lineiras, unha canteira que cumpra as medidas de prevención e loita contra o po, pode verse contaminada por outra próxima que non pon medios para combatelo, tal como podemos observar na seguinte imaxe.

Proceder a regar periodicamente os camiños, pistas, lugares de provisión e, en xeral, zonas de paso ou próximas a outros postos de traballo, é fundamental se se pretende realmente reducir a contaminación debida ao po.



No que fai á vixilancia da saúde, neste caso se existe un protocolo específico que marca o procedemento a seguir para controlar a silicose e outras pneumoconioses, ao mesmo tempo a norma (ITC/2585/2007) marca a necesidade de verificar o estado de saúde dos traballadores antes de empezar a traballar e durante o período de permanencia na empresa coa periodicidade que se marque.

Como vimos, a pesar da existencia deste protocolo, a realidade da vixilancia da saúde dos traballadores de canteiras dista moito de ser a que debería e a que o espírito da norma buscaba. A este respecto introduciremos propostas no apartado correspondente coas que, estamos seguros/as, contribuiremos a facilitar o control da correcta realización da vixilancia da saúde nas canteiras.

AMBIENTE PULVÍXENO

- Como requisito básico é estritamente necesaria unha correcta e veraz avaliación dos riscos de exposición a po.
- Cumprimento da ITC/2585/2007 sobre como debe realizarse o control de exposición ao po das explotacións.
- Establecemento dunha correcta organización da explotación.
- Combater o po no conxunto da explotación, máis alá de en cada posto de traballo considerado individualmente.
- Estender o exemplo daquelas empresas que motu proprio reduciron a periodicidade das mostraxes (menos dos catro meses que marca a norma) que se establecen na ITC.
- Non é unha novidade que a utilización de auga é o mellor mitigante que existe. A extensión do seu uso pode realizarse nos diversos procesos da explotación.
- No seu defecto os diversos sistemas de captación de po no foco emisor poderán ser tamén unha opción útil.
- Evitar a acumulación de varias tarefas con emisión de po en espazos reducidos ou próximos.
- Imprescindible a existencia de habitáculos correctamente preparados para illar os traballadores/as das emisións de po.
- Realizar programas de mantementos que faciliten as óptimas condicións dos habitáculos illantes para evitar exposicións e malos hábitos de traballo.
- Crear aseos e vestiarios, provistos de zonas diferenciadas, que permitan evitar as consecuencias que pode producir na saúde o po, eliminando aquel que podamos levarnos no noso corpo e nas roupas de traballo.
- Utilización do protocolo específico para o control da silicoses e outras pneumoconioses na vixilancia periódica da saúde que establece a normativa.

Ruído

Tal e como comentabamos anteriormente unha das características máis destacables de calquera explotación de pedra natural é a sensación de ruído que podemos percibir ao achegarnos a unha delas. Esta situación multiplícase se temos en conta que as explotacións non adoitan ser nin únicas, nin illadas, senón que son zonas compartidas con concesións de distintas empresas, polo tanto o nivel de contaminación acústica é realmente elevado en toda a zona de explotación.

Aínda que a variación no recoñecemento da perigosidade dos efectos sobre a saúde do ruído foi importante nos últimos tempos, isto ocorre sobre o papel, con redución de niveis de exposición, obrigatoriedade de vixilancia da saúde, etc., porén na realidade o ruído vívese como unha situación inevitable e “normal” no medio laboral e as súas consecuencias admitidas como “males menores” de desenvolver unha actividade laboral remunerada.

E, con todo, o ruído é un dos axentes contaminantes máis frecuentes no mundo laboral, pode chegar a ocasionar a perda de audición e afecta tanto no plano laboral como no social é un dos riscos que “levamos para a casa”. Entre os efectos do ruído figuran, ademais da perda de audición, algunhas perturbacións hormonais e do sono,



Operacións compartidas no mesmo espazo e tempo

trastornos nerviosos, perda de concentración e rendemento. A estes efectos fisiolóxicos e psicolóxicos, temos que engadir os problemas de seguridade que provoca na empresa, xa que enmascara a transmisión de avisos de perigo, de tráfico en proximidade ou calquera sinal de alarma que nos poida advertir dun risco inminente.

Non se trata este dun problema menor; segundo a Organización Mundial da Saúde, un terzo dos traballadores europeos está exposto a niveis sonoros elevados durante máis dunha cuarta parte do seu tempo de traballo e case corenta millóns se ven obrigados a alzar a voz para ser oídos durante polo a metade da súa xornada laboral.

As consecuencias desta situación, no que fai a afectacións auditivas nos traballadores en activo e en etapa post-ocupacional, non é un dato coñecido, sobre todo como consecuencia do nefasto sistema de recoñecemento e notificación das doenzas profesionais que temos en vigor, pero pode servir de sonda o exemplo navarro, onde parece que o control realizado polo servizo de saúde navarro ten un funcionamento moito máis adecuado. No ano 2006 en Navarra recoñecéronse un 0,8 por cento de doenzas laborais relacionadas co ruído, unha porcentaxe que parece probable que aumentará en anos sucesivos ao terse recoñecido novas doenzas profesionais relacionadas con el.

No que fai ás medidas preventivas están ben detalladas no decreto que regula a exposición laboral ao ruído, RD 286/2006, primando sempre as medidas de protección colectiva fronte ás de protección individual. Facemos esta explícita mención porque, baixo a premisa de que minimizar o volume de ruído nas explotacións é unha dificultosa tarefa, se tendeu á aplicación de protección individuais (os cascos, tapóns, orelleiras, etc.), fronte ás medidas colectivas. Proba desta situación é o dato de que a maior parte dos traballadores testados nos estudos do INS utilizaban medidas de protección, aínda que isto demostra que o grao de conscienciación dos traballadores/as é correcto, tamén é certo que demostra que, en moitas ocasións, estas son as únicas medidas utilizadas.

Ao igual que recomendabamos no caso das vibracións cremos que as medidas colectivas máis axeitadas serían aquelas que conxugasen a organización e planificación do deseño das explotacións antes do inicio dos traballos. Non realizar a “salto de mata” a evolución dos traballos e intentar distribuír na canteira, por zonas diferenciadas, se isto é posible, os distintos traballos que se realizan ao mesmo tempo

para que as emisións de ruído non se superpoñan, planificar as voaduras en horarios de menor presenza de traballadores, etc., planificación da explotación en suma.

Como segundo pilar seguimos confiando na utilización de maquinaria e ferramentas axeitadas nas que o mantemento sexa unha constante e na que se produzan renovacións a medida que a maquinaria se volve obsoleta ou non garante emisións de ruído controladas.

Creemos ademais que moitas das medidas nas que se expoña a posibilidade de illar as persoas expostas serán moi positivas para unha correcta minimización dos efectos do risco. Así, a incorporación de cabinas insonorizadas, illadas e, como dicíamos anteriormente, dotadas de mecanismos de confort suficientes, serían idóneas para a realización de moitos traballos. Outras posibilidades serían a realización de moitas das operacións cunha certa separación do centro emisor, xeneralizar a utilización de mandos a distancia como os que existen para o manexo e control de determinada maquinaria.

RUÍDO

- Segundo a OMS un terzo dos traballadores/as europeos está exposto a niveis sonoros elevados.
- O RD 286/2006, que regula a exposición laboral ao ruído, establece o fomento de medidas de protección colectiva fronte ás de protección individual.
- Ao igual que no caso do control de ambientes pulvíxenos faise necesario unha coherente planificación e organización do deseño da explotacións antes do inicio dos traballos ou unha remodelación das existentes.
- Realizar planificación dos traballos a realizar para evitar que se superpoñan tarefas con elevado nivel de emisións de ruído.
- Utilización de maquinaria e ferramentas axeitadas.
- Establecemento de políticas de mantemento e renovación de maquinaria e ferramentas.
- Incorporación de cabinas insonorizadas, illadas e, como dicíamos anteriormente, dotadas de mecanismos de confort suficientes.
- Utilización de mandos ou accionadores a distancia naqueles procesos que o permitan.

Trastornos Músculo-esqueléticos.

Por trastornos músculo-esqueléticos enténdense os problemas de saúde do aparello locomotor, é dicir, de músculos, tendóns, esqueleto óseo, cartilaxes, ligamentos e nervios. Isto abrangue todo tipo de doenzas, desde as molestias leves e pasaxeiras ata as lesións irreversibles e discapacitantes.

Non é esta a única profesión na que este tipo de doenzas foron minusvaloradas e atribuídas a problemas extra-laborais na maior parte dos casos.

Desafortunadamente a maior parte deste tipo de problemas en todas as profesións pasou a engrosar os números e estatísticas das chamadas doenzas comúns. A pesar de esta circunstancia sabemos que en múltiples ocasións a saúde dos traballadores en canteiras se resentiu como consecuencia das súas condicións de traballo.

Como comentabamos en capítulos anteriores as tarefas que se realizan nas canteiras teñen compoñentes de dureza, elevados esforzos físicos, posturas forzadas ou estáticas, exposición a vibracións e, en moitos postos unha acumulación de todas elas, se a isto unimos que os traballos se realizan á intemperie e baixo as inclemencias meteorolóxicas, teremos garantida a aparición dalgún trastorno músculo-esquelético. Polo tanto, cabe supoñer que a incidencia deste tipo de doenzas será maior do que se coñece.

Posturas como a da foto son habituais nos traballos en canteiras, o abuso produce ademais hábitos posturais que empeoran as consecuencias de posturas incómodas e prexudiciais para as costas e musculatura.



Así as cousas, faise necesario reformular moitos procesos de traballo que poden substituír os métodos manuais por mecánicos ou que introduzan variacións nos hábitos posturais dos operarios. Hábitos que son froito dunha desaxeitada ou inexistente formación sobre como afrontar este tipo de riscos.

Ademais é imprescindible a incorporación de medidas organizativas que permitan distribuír o traballo de forma que se poida reducir o tempo ou a intensidade da exposición dos traballadores, como, por exemplo, realizar rotacións de postos ou alternando actividades na canteira.



Estas medidas evitarían ou mitigarían os efectos das longas xornadas de traballo mantendo posturas que requiren esforzo físico e control da estabilidade, así como a exposición a vibracións de distinto tipo que acumulan carga no sistema músculo-esquelético dos traballadores.

Tal e como comentamos, é necesaria unha correcta avaliación de riscos nas canteiras, unha avaliación que obrigue os empresarios a asumiren que estes non se poden ignorar e, polo tanto debemos protexer os traballadores fronte a estes riscos.

TRASTORNOS MÚSCULO-ESQUELÉTICOS

- Evidenciar a existencia deste tipo de problemas na explotación de pedra natural mediante unha avaliación de riscos que inclúa esta situación.
- Reformulación de procesos de traballo que faciliten a substitución de procesos manuais por medios mecánicos e que introduzan variacións nos hábitos posturais dos traballadores/as.
- Incorporación de medidas organizativas que permitan distribuír o traballo de forma que se poida reducir o tempo ou a intensidade da exposición dos traballadores, como, por exemplo, realizar rotacións de postos ou alternando actividades na canteira.
- Realizar unha formación específica a traballadores/as que lle permita defendérense deste tipo de risco.

Equipos de Protección e Roupa de Traballo.

Parece unha contradición unificar neste capítulo os equipos de protección coa roupa de traballo, sabemos que esta última non é un equipo de protección, pero tamén é certo que esta se converte en EPI no mesmo momento en que nos ofrece protección perante algún risco, e cremos que este sería o caso.



Como comentabamos no apartado de ambiente térmico, sería interesantísimo poder unificar criterios neste apartado para establecer a necesidade de que a protección diante das radiacións solares se realice, ademais de con outros medios, utilizando roupa de traballo axeitada.

Como vemos na foto, nin os pantalóns nin a camiseta son suficientes como para protexer unha ampla porcentaxe da pel do traballador exposto.

No caso dos Equipos de Protección Individual a realidade, tal e como vimos nos estudos elaborados polo INS, que a maioría dos traballa-

dores que participaban nos estudos facían un amplo uso dos EPIs de protección auditiva, no último deles un 90% utilizaba os equipos con habitualidade, porén non coñecemos a utilización doutro tipo de equipos.

Se falamos, por exemplo, de botas de seguridade, estamos seguros/as de que este feroso par de botas serían a envexa de Charlot pero como elemento de protección non o son en absoluto.



Desafortunadamente, na maior parte das ocasións os traballadores están desprotexidos diante dos riscos que os rodean, traballando en situacións de risco extremo non están provistos das medidas de protección máis elementais. Para mostra un botón; na foto podemos comprobar que o operario do banqueador non ten ningún tipo de elemento de suxeición mentres opera os mandos no bordo dunha fronte de canteira, co risco material que existe de esvarar por un elevado precipicio.



Ademais este operario ten un só equipo de protección, calzado de seguridade (polo menos parecen zapatos de seguridade), vemos que está situado en plena operación de perforación, con emisión de po, ruidosa e non ten ningún dos equipos establecidos como obrigatorios

Non abonda con colocar un sinal na que se establezan as medidas de seguridade a adoptar no choio, o empresario deberá velar por que estas medidas sexan respectadas polos traballadores e contribuír a que os seus equipos de protección estean en bo estado de uso e mantemento.

Esta situación denota unha inexistente política de implantación de equipos de protección e, obviamente, de seguimento do seu uso e mantemento.

É imprescindible, ademais, que a formación en materia de prevención de riscos laborais cumpra cos requisitos que marca a norma. Actuacións deste tipo só se entenden desde a maior das desidias por parte do empresario e desde a ausencia dunha formación para os traballadores acorde cos riscos que viven nos seus postos de traballo.

EQUIPOS DE PROTECCIÓN E ROUPA DE TRABAJO

- Aínda que o uso de protectores auditivos está amplamente estendido non acontece así co resto de equipos de protección.
- Establecemento de programas de implantación de equipos de protección e seguimento do seu uso e mantemento.
- Formación en materia de prevención, tal e como establecen as novas normas que inclúa, obviamente, a importancia do uso dos equipos de protección.
- Unificar criterios sobre a roupa de traballo. Aínda non sendo equipos de protección, neste caso podería facilitar a protección diante dos efectos das radiacións solares.

Sinalización.

Como dicíamos nunha chea de ocasións nas empresas limitáanse a colocar sinalización que non só non se respecta en absoluto en ningunha das zonas de traballo, senón que ademais se parece ter colocado no inicio dos tempos sen que exista ningún tipo de modificación, mantemento ou renovación cando é necesario.



Sinais como a da foto son habituais en moitas das canteiras que existen no territorio español. Aínda que parece ter existido outro sinal contiguo este está roto e é imposible ler de que risco temos que protexernos. Unha correcta revisión, renovación, modificación se os riscos varían e un mantemento adecuado da sinalización é imprescindible.

Ademais é importante sinalizar correctamente os desniveis na explotación. Abonda cunha simple rede ou baliza ben visible que nos avise do perigo de aproximarse ao bordo.

Noutros casos utilízanse outro tipo de "sinais" moi pouco ortodoxos que en nada se parecen á sinalización estandarizada habitual nas empresas, moi boa intención por parte de quen as coloca, supoñemos que os propios traballadores, porque sería vergoñento que fose iniciativa empresarial.

A pesar de que a sinalización non é máis que unha medida complementaria e que reforza a existencia de medidas preventivas, si é certo

que a súa presenza ten importancia nos cavorcos. Así pois é imprescindible que esta se realice co maior rigor posible, advertindo dos riscos e as medidas de protección obrigatorias na canteira.

RESUMO

- Como medida complementaria non pode substituír a ningunha medida preventiva, pero si ten un importante papel de advertencia que debe coidarse.
- Debe utilizarse sinalización estandarizada.
- Unha correcta revisión, modificación, substitución e mantemento da sinalización é imprescindible.
- Debe ser axustada aos riscos existentes e claramente identificable por traballadores e visitantes.

Risco de caídas en altura

O risco de caídas en altura está presente en todas as explotacións. Como dicíamos, a maior parte das mesmas habitualmente están localizadas en zonas escarpadas ou de difícil acceso, ademais o seguimento e avance das vetas de material fai que as profundidades ás que se ten que traballar son importantes, na maioría dos casos as fronteas teñen grandes alturas que fan que os traballadores teñan que realizar tarefas en zonas de elevado risco.



Nalgúns casos as empresas asegúranse de que os traballadores estean protexidos contra este risco e realizan os traballos utilizando arneses de seguridade que impiden ou reducen as consecuencias de caídas desde os bloques ou fronteas, tal e como vemos na foto os traballadores dispoñen de arnés de suxeición para protexerse dunha eventual caída do bloque.

Porén, en moitas outras ocasións a práctica común é ben distinta. Tal e como se pode comprobar na foto os traballadores sitúanse no bordo da fronte sen ningún tipo de protección. Ao igual que no caso do ruído esta situación enténdese como inherente ao propio traballo en canteiras.

Tampouco resulta habitual imaxes como a da foto, na que se fai unha delimitación da zona de perigo, aínda que se trate dunha delimitación moi elemental cando menos esta existe e a zona de perigo queda marcada dificultando calquera posible equivocación.



Gustaríanos ver erradicadas das canteiras imaxes como as que se guen, non é posible seguir admitindo que se traballe en condicións tan precarias, sobre todo existindo medios técnicos que fan innecesario someter aos traballadores a riscos que se poden evitar.

Non é de recibo engadir máis elementos de risco ao traballo en canteiras. Este é o suficientemente perigoso e xa que logo figura entre as actividades perigosas do Anexo I do Regulamento dos Servizos de Prevención.

CAÍDAS EN ALTURA

- Existen medios técnicos que garanten a seguridade dos traballadores/as para traballar en risco de caídas de altura.
- Delimitación das zonas de perigo, con balizas ou similar.
- Limitación de accesos a zonas perigosas.

Desprendementos

É importante ter en conta a posibilidade de desprendementos, tanto para os traballadores que deban permanecer na superficie da cima, como para aqueles que desempeñen a súa actividade no fondo do banco.



Obsérvese o detalle de barreira de sinalización feita co propio entullo na canteira de lousa da foto inferior. A liña representa a marxe de seguridade. Máis alá da barreira resulta perigoso circular.

Desprazamentos

A distancia entre os núcleos de poboación e as explotacións, así como a propia orografía do terreo, fan que os desprazamentos representen un risco engadido para os traballadores.

Os medios de transporte deben estar en perfecto estado e con adecuado mantemento para garantir a seguridade das persoas.



O estado das cubertas de vehículos como o da foto en absoluto garanten a seguridade dos traballadores que cada día se trasladan neles aos seus postos de traballo.

As peculiaridades da orografía onde están situadas as explotacións tamén supón unha dificultade engadida para a circulación de maquinaria e automóviles. No caso da foto vemos como a pa manobra ao bordo dun precipicio co evidente risco.



Obviamente as imprudencias tamén teñen cabida neste apartado. O condutor desta pa dificilmente pode ver o camiño polo que circula.



Vestuarios e aseos.

Xa comentamos en apartados anteriores a importancia de contar con instalacións axeitadas para a hixiene dos traballadores nos centros de traballo. O pouco valor preventivo que estas instalacións teñen para os empresarios queda evidenciado nas fotos que seguen. Como se adoita dicir: “falan por si mesmas”.



FORMACIÓN

Da importancia que ten a formación en materia de prevención nos traballos en canteiras dá mostra a existencia de lexislación que establece os mínimos que debe contemplar a formación; a Instrución Técnica Complementaria 02.1.02 do 7 de maio de 2008 “Formación preventiva para o desempeño do posto de traballo” do Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira.

Na propia orde recoñécese que se trata esta dunha actividade de alto risco e, polo tanto, a formación débese converter nun pilar básico da implantación da prevención nas empresas. Ademais os aspectos específicos de cada posto de traballo deberán terse en conta á hora de programar a formación.

A importancia que acada a formación plásmase claramente en que esta formación é habilitante para o desempeño do posto de traballo e, polo tanto, é obrigatoria para as empresas, que deberán manter un rexistro da formación que reciben os traballadores e unha cartilla persoal de cada operario na que se plasmará o nivel formativo que habilita a cada un para o desempeño do seu posto de traballo.

A pesar do avance que significa a existencia de especificacións técnicas que desenvolven, enchendo de contidos mínimos a formación específica dos postos, a formación que deben recibir os traballadores/as afectados, é verdade que esta parece insuficiente.

As 20 horas de duración a recollida nas recentes especificacións técnicas elaboradas pola dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, para os postos de maquinaria de transporte (ET 2000-1-08) e para operadores de maquinaria de arrinque/carga/viais (ET 2001-1-08), non parecen tempo suficiente para poder coñecer todos os riscos aos que un traballador/a está sometido no seu posto de traballo; cremos, pois, que debería establecerse un mínimo de formación de 50 horas tal e como marca o Regulamento dos Servizos de Prevención.

Aínda que é certo que a recollida nas especificacións é a mínima requirida e se entende a necesidade de que o empresario complementa este con formación específica do seu centro de traballo e coas características dos seus postos, deixa ao criterio deste definir este apartado, co que pode chegar a ser inexistente.

Carece de aspectos importantes de técnicas preventivas como ergonomía, psicopsicología ou hixiene, co que unha formación centrada exclusivamente na seguridade non garantirá, en ningún momento, que os riscos que poden provocar graves doenzas profesionais poidan ser afrontados correctamente polos traballadores.

Tampouco mellora en nada a indefinición en canto esixir determinados tipos de formación (presencial, en tempo de traballo, etc.), é preciso que se estableza claramente que unha formación de calidade ten que ser presencial, participativa e axustada ás persoas que a reciben. Cremos que, en moitas ocasións, as actitudes dalgunhas entidades formativas se afasta moito da ética profesional e resulta, incluso, contraproducente.

Xa que logo, parécenos importante que a necesidade de que a formación ten que ser un elemento fundamental en calquera política preventiva que se expoña pero non pode converterse nun mero requisito documental de establecemento de cartillas profesionais. A formación ten que ser pensada por e para conseguir que a seguridade e a saúde dos traballadores sexa un obxectivo principal na empresa.

FORMACIÓN

- A Formación ten que ser o pilar básico da implantación da prevención nas empresas.
- Aínda sendo importante a existencia das novas Especificacións Técnicas que definen os contidos en materia preventiva que ten que ter a formación, cremos que ten que cumprir outros requisitos mínimos.
 - Formación presencial
 - Participativa
 - Axustada a quen a recibe
 - En tempo de Traballo
 - Duración mínima 50 horas
 - Incluir noicións básicas de Hixiene, Ergonomía y Psicopsicología.
- Converter as cartillas profesionais en algo máis que un requisito documental, senón nunha garantía de que a formación preventiva do traballador é a axeitada.

XESTIÓN DA PREVENCIÓN

Participación dos traballadores.

É este, se cadra, un dos apartados onde o grao de incumprimento é máis xeneralizado e onde, ademais, a responsabilidade de tal incumprimento é compartida por todas as partes implicadas: empresas e traballadores por un lado, cos seus respectivos representantes, e autoridade laboral por outro, como garantizadora que debese ser do cumprimento da norma.

O Estatuto do Mineiro, nos seus artigos 32 e seguintes, define un nivel de participación, no que se refire ao aspecto da prevención e a seguridade e saúde laboral, moito máis extenso, participativo e cheo de contido, que o que vén dado pola Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.

O devandito modelo participativo xira en torno a dúas figuras: O Comité de Seguridade e Hixiene e o Delegado Mineiro de Seguridade.

a) O Comité de Seguridade e Hixiene é un órgano paritario, ao igual que o Comité de Seguridade e Saúde segundo establece a Lei de Prevención, pero ten unhas características que o diferencian notablemente:

- Está composto por máis membros que o creado en virtude da LPRL, podendo incluso elixirse de maneira diferente.
- Ten maiores competencias, entre as que salienta a investigación das doenzas profesionais.
- Poden crearse máis dun Comité dentro do mesmo ámbito, e incluso un Comité de Coordinación. A devandita creación pódese acordar entre as partes ou de oficio pola autoridade mineira, previa solicitude dos representantes dalgunha delas.

b) O Delegado Mineiro de Seguridade é unha figura unicamente do ámbito da minería, e ten as seguintes características:

- Elíxese nas empresas de máis de 50 traballadores.
- Superponse aos Delegados de Prevención, é dicir, non entra na devandita cota previsto na LPRL.
- A súa elección é directa polos traballadores mediante votación secreta, de entre unha terna proposta polo comité De empresa.

- É vocal nato do Comité de Seguridade e Hixiene.
- Está dotado de maiores competencias que o Delegado de Prevención.
- Nas empresas de máis de 250 traballadores ten dedicación plena á súa comisión.

Nº traballadores/as	Órganos Especializados de participación e consulta			
< 50				
> 50	Delegado Mineiro Seguridade	Comité de Seguridade e Hixiene	Tamaño	Nº vocais
			50 – 100	2
			101-500	4
			5001-1000	6
			+1000	8

Como dicíamos trátase dos apartados legislativos seguramente máis incumpridos. Incumpridos polos empresarios que de ningún xeito facilitan a participación dos traballadores na correcta implantación da prevención nas empresas. Incumpridos pola parte sindical que non promove a creación destes órganos e non prepara aos seus delegados para afrontar o reto de que estes órganos resulten un elemento operativo de prevención.

Desde o noso punto de vista é vital un desenvolvemento sensato de ambas as figuras, así como a figura dos Delegados de Prevención, porque é certo que moitas das empresas que existen son de pequeno tamaño e, legalmente, non poden chegar á elección da figura do delegado mineiro de seguridade mais si poden potenciar o traballo que a representación dos traballadores pode representar como elemento activo dentro da prevención.

Ao noso xuízo, a participación pode converterse no elemento que consiga que a vontade final da Lei de Prevención, a integración da prevención, poida ser unha realidade obxectiva, probablemente a única.

Nesta liña, parécenos que o camiño máis sensato é utilizar a Negociación Colectiva para, entendendo as características propias deste tipo de explotacións, dispersas, cun número pequeno de traballadores, poidan mellorarse internamente a participación dos traballadores/as fortalecendo as capacidades de actuación tanto dos Delegados Mineiros como do Comité de Seguridade e Hixiene, ob-

viamente mellorando as disposicións legais existente. Como veremos máis adiante a Negociación Colectiva débese converter nun elemento vertebrador da prevención nas empresas.

Ineludiblemente, a Administración ten unha importantísima responsabilidade na existencia de impunidades deste tipo. Non se pode “facer a vista gorda” en temas tan importantes, en incumprimentos que pasan por riba de dereitos fundamentais dos traballadores e traballadoras e que redundan en que as condicións de traballo precarias sigan perpetuándose.

Servizos de Prevención Mancomunados

Seguramente a figura dos Servizos de Prevención Mancomunados sexa unha das menos coñecidas das fórmulas que se poden escoller á hora de decidir como se xestiona a prevención. E, porén, para o sector que nos ocupa ten que ser, con toda certeza, a solución máis idónea para unha actividade preventiva máis eficaz, profesionalizada e con garantías.

Nestes momentos a Universidade de Vigo está realizando en colaboración coa Consellería de Industria da Xunta de Galicia un proxecto de colaboración para o desenvolvemento dos Servizos de Prevención Mancomunados no Sector. Este proxecto, en marcha desde o ano 2006, ten como obxectivo a implantación deste sistema de xestión na industria da Pedra.

Así pois, parece que a fórmula do Servizo de Prevención Mancomunado representa unha alternativa a ter moi en conta. Un servizo máis especializado, que se afaste da práctica xeralista para penetrar nas especificidades do sector e dos seus principais riscos profesionais, contribuiría a unha maior calidade da práctica preventiva e das prestacións que o Servizo de Prevención ofrece.

Máis aínda se temos en conta que, polo xeral, o sector da extracción de pedra se crea e evoluciona no macizo no que se explota, estando toda unha serie de empresas compartindo un radio xeográfico relativamente pequeno e, porén, sufrindo a exposición aos mesmos riscos e as súas consecuencias. Unha “descafeinización” desta fórmula é a que se realizou en certas zonas extractivas, nas que as asociacións de empresarios chegaron a acordos de “clientes preferentes” con determinados Servizos de Prevención alleos para cubrir as empresas da zona.

Poderíamos falar, se o Prevención de Prevención Mancomunado se desenvolvese correctamente, de epidemioloxía dentro do sector, de políticas preventivas homoxeneizadas, de especialización no sector (camiño xa andado noutros Estados Europeos onde as Mutuas/SP están especializados por sectores profesionais) co que a protección da saúde dos traballadores estaría moito máis controlada que ata o momento. Non se pode obviar tampouco que os beneficios para a empresa serían interesantes posto que habería unha economización de recursos importante.

XESTIÓN DA PREVENCIÓN

- Co-responsabilidade de todas as partes implicadas no desenvolvemento dos mecanismos de participación na prevención: Empresas e traballadores/as por un lado, cos seus respectivos representantes e Autoridade Laboral por outro, como garante do cumprimento normativo.
- Desenvolvemento do Estatuto do Mineiro nos aspectos relacionados coa participación en prevención.
- É vital o desenvolvemento das figuras do Delegado Mineiro de Seguridade, Delegados/as de prevención e Comité de Seguridade Higiene.
- Entender e utilizar a Negociación Colectiva como elemento vertebrador da prevención nas empresas.
- Esixir das Administracións correspondentes que asuman as responsabilidades que lle corresponden no camiño de controlar os incumprimentos.
- Promover a creación de Servizos de Prevención Mancomunados. Conseguiríase unha especialización nos riscos específicos do Sector e dos seus principios riscos profesionais.
- Un correcto desenvolvemento dos Servizos de prevención Mancomunados permitiría realizar controis epidemiolóxicos no sector, políticas preventivas homoxeneizadas ou especialización no sector.

IMPACTO NO MEDIO NATURAL

Quixemos introducir un pequeno apartado sobre o impacto que as explotacións mineiras deixan no medio natural que nos rodea porque este é realmente impresionante. A Terra dámos riquezas, como as rochas ornamentais, pero temos a obriga de investir diñeiro e esforzos na súa recuperación e rexeneración.

Somos da opinión de que existe unha responsabilidade máis alá do civil ou penal, unha responsabilidade moral co medio que nos ofrece calidade de vida e que nos permite enriquecernos, baixo ningún concepto a riqueza de hoxe pode significar a pobreza e desertización de mañá.



Estas imaxes do que no seu día foron minas de ouro explotados polos romanos, na paraxe denominado "As Médulas", entre as provincias de Ourense e León, forman hoxe en día un espectáculo natural digno de ser coñecido e preservado.



Como contraste, podemos ver que, na actualidade, os efectos da explotación das riquezas naturais supoñen un gravísimo impacto medioambiental.



A contaminación tamén chegan aos nosos ríos



O impacto visual resulta máis que evidente

Moitas empresas, por iniciativa propia ou acuciada polas diferentes administracións, están procedendo a recuperar o contorno unha vez concluídas os labores mineiros.



7

Propostas CIG

INTRODUCCIÓN

Debemos comezar por afirmar que existe abundante lexislación en materia de prevención de riscos laborais en xeral, e específica do sector mineiro, en particular. Máis aínda se a doenzas profesionais nos referimos. Así que a primeira proposta que se debe realizar non é outra que a necesidade de que se cumpra o xa lexislado e regulado, sen prexuízo de que hai aspectos manifestamente mellorables que tamén abordaremos.

Partindo desa premisa, o presente apartado estrutúrase segundo tres piares fundamentais:

1. Necesidade de cumprir a lexislación vixente.
2. Diversas propostas de cambios e melloras normativas.
3. Importancia da negociación colectiva e necesidade de imprimirlle maior calidade no que ao capítulo de seguridade e saúde laboral se refire.

Certo é que a prevención é materia fundamental nas relacións laborais de calquera rama ou sector produtivo, pero non menos certo é que no da extracción de pedra natural adquire se cabe unha dimensión máis relevante, por ser unha actividade estratéxica e polo nivel de risco profesional ao que está sometido. Falamos dunha actividade mineira, con todo o que iso comporta.

LIMITACIÓNS PARA O TRABALLO NO SECTOR

De entrada, a diferenza doutras actividades, dúas características importantes da extracción de pedra natural son a prohibición de que traballen menores de 18 anos (Decreto do 26 de xullo de 1957, de traballos prohibidos a menores) e a imposibilidade legal de utilizar Empresas de Traballo Temporal (RD 216/1999, do 5 de febreiro, sobre Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde no ámbito das ETTs), aínda que esta última limitación legal está sendo cuestionada pola Unión Europea, que nunha recente Directiva avoga por liberalizar a situación e eliminar prohibicións.

Nin que dicir ten que estes, especialmente o que concirne á idade de acceso ao traballo, son algúns dos incumprimentos da lexislación aos que nos referimos na introdución deste apartado, ata o punto de que, sen recato ningún, nas táboas salariais dos convenios colectivos figura o salario que debe percibir o traballador menor de idade, ou a regulación dos contratos de aprendizaxe.

Sen dúbida, débesele esixir á Autoridade Laboral (Minas) maior control inspector nesta materia.

XORNADA LABORAL

A actual lexislación, concretamente o Estatuto dos Traballadores, establece unha xornada de 40 horas semanais, coa posibilidade de distribuíla irregularmente, e incluso de rebaxala mediante a negociación colectiva.

Non obstante, o sector mineiro, tamén aquí, ten as súas propias especificidades legais, existindo a posibilidade de redución da xornada por debaixo das 40 horas en certas actividades, e incluso a facultade de ser decretada pola autoridade laboral (mineira) en determinadas circunstancias:

- Nos traballos mineiros de interior (ata hoxe case inexistentes na extracción de pedra natural, pero que empeza a ser unha forma de explotación máis) a xornada será de 35 horas semanais, conforme ao establecido no artigo 3 do Estatuto do Mineiro.
- Por acordo entre empresa e traballadores, dentro do marco do RD 1561/1995, do 21 de setembro, sobre Xornadas Especiais de Trabajo (artigo 23) pódese acordar a limitación de tempos de exposición ao risco laboral [por exemplo de ruído, vibracións ou po] de determinados postos de traballo. Pero, de non haber acordo, a dita limitación pode ser decretada, previo informe da Inspección de Trabajo, pola Autoridade Laboral.
- O Convenio Xeral do Sector da Construción, aplicable como norma supletoria en boa parte das explotacións mineiras de extracción de pedra natural, recolle a posibilidade de substituír o aboamento de plus de traballos tóxicos, penosos ou perigosos, por unha redución pactada da xornada laboral.
- Por último, a Orde ITC 2585/2007 do 30 de agosto, pola que se aproba a Instrución Técnica Complementaria 2.0.02, de Protección dos Traballadores contra o Po, en relación coa Silicose, nas Industrias Extractivas, complementaria do Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira, inclúe a posibilidade de que a Autoridade mineira reduza a xornada laboral, oído o Instituto Nacional de Silicose, se se producen reiteradas mostras e medicións que superen o Valor Límite establecido de po, e a dita concentración non se consegue reducir aínda aplicando medidas técnicas de control e prevención.

ACCESO AO TRABALLO E XORNADA LABORAL

- As menores de 18 anos non poden, por lei, traballar en explotacións mineiras.
- Introducir nos convenios colectivos e incluso nas normas internas das empresas a prohibición de que se poida empregar mediante ETTs.
- Desde o punto de vista preventivo é total e absolutamente aconsellable reducir o factor de exposición aos distintos riscos profesionais, polo que cómpre abordar a rotación de postos e a redución horaria na negociación colectiva.

CONTROL MÉDICO PREVIO

Antes de iniciar a relación laboral é obrigatoria a realización dun recoñecemento médico específico que avalie a aptitude ou inaptitude do traballador ou traballadora para o posto que vai ocupar, tendo en conta os riscos profesionais aos que vai estar sometido, especialmente a inhalación de po inorgánico. Así se establece no artigo 2 do Real Decreto 3255/1983, do 21 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Mineiro.

A dita obriga, que tampouco se cumpre en moitas ocasións, esténdese ao momento no que se extingue a relación laboral, e periodicamente mentres dure a mesma.

Rematada a relación contractual, figurará expresamente, no documento de extinción da mesma, a realización dos devanditos recoñecementos, tanto o previo como os periódicos e o final.

VIXILANCIA DA SAÚDE

- É obrigatorio un exame médico previo para proceder á contratación de traballadores nas explotacións mineiras, así como un novo recoñecemento ao finalizar a relación laboral e todos aqueles que, mentres esta perdure, estableza a lexislación.
- A vixilancia da saúde hai que continuala aínda despois de prestar servizos na mina, mesmo unha vez chegado o retiro, pois doenzas como a silicose poden manifestarse transcorridos varios anos desde que se estivo exposto ao risco de po inorgánico.

TRABALLOS EXENTOS DE RISCO

“Nos casos en que como consecuencia dos recoñecementos médicos se descubra algún síntoma de doenza profesional que non constitúa incapacidade temporal, pero a progresión do cal sexa posible evitar mediante o traslado do albanel a outro posto de traballo exento de risco, levarase a cabo dito traslado dentro da mesma empresa. Especificamente o primeiro grao médico de silicose estará incluído nesta situación”.

Así reza literalmente o encabezamento do artigo 45 da Orde de 9 de maio de 1962, do Ministerio de Traballo, pola que se aproba o Regulamento de Doenzas Profesionais.

Esta norma aínda hoxe está en vigor e viría a resolver en parte unha das situacións máis desatinadas que se producen na actualidade cando a un traballador se lle diagnostica unha doenza profesional que, malia que pode empeorar, aínda está nun grao que non o incapacita.

E dicimos desatinada por canto o que está acontecendo na práctica é que a persoa diagnosticada coa doenza aínda incipiente, por exemplo un primeiro grao de silicose, continúa exposta ao risco ata que a dita doenza evoluciona e se agrava, chegando entón a un grao que si incapacita no noso marco legal. Conséguese desta maneira un traballador doente e pensionista. Todo un dislate.

Ademais, no propio artigo 45 e seguintes da referida Orde, establécese, de forma certamente concienciada, unha serie de dereitos e obrigas que dan maior cobertura e seguridade ao traballador que padece a doenza profesional, moi especialmente ao diagnosticado silicótico de primeiro grao. Resumidamente cómpre salientar:

- a) Obriga as empresas a confeccionaren unha relación de postos de traballo exentos de risco, tomando como base as medicións que se efectúen periodicamente.
- b) De non haber postos exentos de risco, o traballador ten dereito a unha pensión, por un tempo máximo de 30 meses, consistente no salario íntegro, mentres dure tal situación, correndo a cargo de:
 - A empresa: os 12 primeiros meses.
 - O denominado entón “Fondo Compensador” (actualmente correspondéalle ao INSS): 6 meses máis.

- c) Pasados estes 18 meses, o INEM fariase cargo dun período de 6 meses prorrogables por outros 6 meses máis.
- d) Mentres se dá a situación descrita no apartado b) o traballador ten preferencia de colocación na empresa ou noutro do sector, sempre que O dito traballo estea exento de risco. Para iso, propoñemos a creación de bolsas de emprego mancomunadas entre as empresas do sector en cada zona determinada, así como abrir a posibilidade de participación de institucións como Concellos ou entes Comarcais.
- e) Transcorrido este período de dous anos e medio, se non hai posibilidades de empregar o traballador nun posto compatible coa súa situación, o xusto sería, e isto si que supón un cambio lexislativo, acceder a unha pensión por Incapacidade Permanente Total para a profesión habitual, na contía que legalmente corresponda (actualmente o 55% da base reguladora) xa que, na práctica, o traballador está sendo literalmente expulsado do seu oficio e do seu sector, en contra da súa vontade e cunha saúde máis deteriorada que cando accedeu a el.

POSTOS COMPATIBLES PARA TRABALLADORES/AS DOENTES/AS

- O diagnóstico de doenzas profesionais que, aínda sen chegar ao grao de invalidantes, puidesen agravarse de continuar expostos ao contaminante que as provoca, esixe a retirada inmediata do traballador a outro posto exento de risco na mesma empresa.
- Especificamente, inclúese no apartado anterior o primeiro grao de silicose.
- En caso de que a empresa non dispoña de postos exentos de risco, debe activarse o disposto na lexislación de doenzas profesionais, en virtude do cal, o traballador pode gozar dun período de 30 meses de inactividade percibindo o salario íntegro.
- Necesítanse crear bolsas de emprego para as persoas traballadoras diagnosticadas de silicoses no seu primeiro grao.
- Esgotado o período de 30 meses, de non se ter conseguido colocación, é imprescindible a cualificación de incapacidade permanente total para a profesión habitual do traballador doente.

RETIRO ANTICIPADO

O artigo 21 do Estatuto do Mineiro prevé a posibilidade de reducir a idade de xubilación, mediante a aplicación de coeficientes redutores, de determinados grupos profesionais da minería non incluída no Réxime Especial da Minería do Carbón, como é o caso do sector que nos ocupa.

Posteriormente, o RD 2366/1984, do 26 de decembro, veu a concretar a dita previsión e estableceu unha serie de coeficientes que van do 0,05 de mínimo (para grupos como persoal de mantemento) ata o máximo de 0,15 (para barrenistas ou perforistas, por exemplo).

Debemos poñer en valor este importante aspecto legal e afondar máis nel, xa que non estamos falando só dunha medida reparadora, que tamén o é, senón dunha medida preventiva, por canto reduce o tempo de exposición aos riscos profesionais, co que tamén reduce a dose de contaminante recibida polos traballadores e traballadoras.

Non obstante, tamén aquí queremos facer as nosas achegas:

- a) A idade desde a cal se pode reducir o tempo de traballo mediante a aplicación dos coeficientes pode non ser necesariamente a de 65 anos, se non, en aplicación do expresamente previsto nesta materia no RD 1194/1985 de 17 de xullo, sobre anticipación da idade de xubilación, de 64 anos, sempre que o convenio colectivo de aplicación recolla esa posibilidade mediante a contratación doutro traballador que substitúa ao que accede á xubilación.
- b) Débese proceder á racionalización dos códigos de cotización para os efectos de que nos informes de vida laboral se identifique automaticamente a actividade mineira, de xeito que o traballador unicamente deba acreditar o posto de traballo desempeñado e non a actividade da empresa, á hora de efectuar o cálculo da idade de xubilación.
- c) A teor das conclusións que se tiran, como resultado dos estudos epidemiolóxicos efectuados no sector, e dado o elevado índice de traballadores afectados por doenzas profesionais derivadas da exposición ao ruído e ao po inorgánico, cremos que procede revisar os actuais coeficientes e axeitalos ás necesidades reais, equiparándoos cos que rexen na minería de interior.

RETIRO ANTICIPADO

- Existen coeficientes reductores para a idade de xubilación dos traballadores da minería exterior e interior.
- Esta redución da idade de xubilación é compatible con outras modalidades de retiro anticipado previstas na nosa lexislación.
- Débense racionalizar os códigos de cotización para facilitarlles o procedemento de solicitude de coeficientes aos traballadores.
- Proponemos a revisión á alza dos actuais coeficientes reductores, equiparándoos aos da minería de interior e galerías.

RECARGO DE PRESTACIONES

Resulta irrefutable que as doenzas profesionais que se adquiren na extracción de pedra natural, especialmente a hipoacusia ou xordeira profesional, e a silicose, só se manifestan cando non se cumpren as medidas de prevención e protección da saúde que a lei dispón, polo que se debe realizar proposta, por parte da Inspección de Traballo, de recargo de prestacións, nos termos que a lexislación establece.

A dita recargo debería acadar o máximo legalmente previsto do 50% cando falamos de silicoses de 2º grao, toda vez que, neste suposto, non só estamos diante dun incumprimento grave en materia de seguridade, senón que tamén concorre o feito dunha desidia sen límite e unha gravísima negligencia da empresa e os servizos de prevención contratados por esta. De non ser así, de ningunha maneira se pode entender que a doenza chegue a avanzar a ese nivel sen ser detectada anteriormente, co conseguinte traslado do traballador a un posto exento de risco.

RECARGO DE PRESTACIONES

- Débese de reclamar o recargo de prestacións sempre que se acredite que houbo falta de medidas de seguridade.
- A doenza profesional, por ser un proceso lento e gradual, só se explica pola falta de medidas de seguridade.
- Constátase aquí outra omisión do deber da autoridade laboral, neste caso da Inspección de Traballo.
- Aínda sen estar contemplado na lexislación actual, conviría abrir o debate da posibilidade de asegurar ou capitalizar a contía total da recarga.

A autoridade sanitaria

- Debe desaparecer totalmente a percepción de impunidade e falta de control que hai ao redor das mutuas e os servizos de prevención. A autoridade sanitaria debe extremar a vixilancia e o control sobre ambos.
- A autoridade sanitaria ten moita responsabilidade (irresponsabilidade) nesta renuncia de obrigas.

A AUTORIDADE SANITARIA

En xeral, e agás excepcións en certas Comunidades Autónomas [falamos dunha materia practicamente transferida a cada territorio] obsérvase pouco compromiso da Autoridade Sanitaria coa prevención de riscos laborais, pero moi especialmente no sector que nos ocupa, chegando a facer gala, nalgúns casos, de absoluta renuncia de funcións e responsabilidades.

A seguir, relatamos algunhas das medidas que urxe adoptar:

- a) Inspección e control dos servizos de prevención, responsables da vixilancia da saúde, especialmente dirixida a:
- b) Comprobación do nivel de seguimento do “Protocolo específico de vixilancia sanitaria para os traballadores expostos a silicoses e outras pneumoconioses”.
- c) Comprobación dos informes de aptitude para o traballo.
- d) Comprobación das actuacións levadas a cabo nos traballadores aos que se lles detecta unha doenza profesional, especificamente no caso da silicose.
- e) Inclusión dos aspectos do RD 1299/2006, de doenzas profesionais, que teñan relevancia para o persoal do Servizo Público de Saúde, nos cursos impartidos polo persoal do Servizo de Inspección Sanitaria en materia de saúde laboral.
- f) Maior control das situacións de incapacidade temporal, orixinadas por continxencias profesionais, que son derivadas ao servizo público por parte da mutua.
- g) Control sanitario específico nas poboacións próximas ás explotacións mineiras, tanto no que se refire aos traballadores como aos seus habitantes.
- h) Elaboración dun protocolo de vixilancia específica para traballadores/as do sector da pedra natural, que teña en conta os riscos máis graves (exposición ao po de sílice, o ruído, as vibracións, etc.).

Por último, e aínda sendo conscientes de que non é un problema específico que afecte a este sector, senón máis ben xeneralizado a todo o mundo laboral, debemos salientar, unha vez máis, a necesidade de unificar as historias clínicas dos traballadores a fin de poder exercer unha correcta vixilancia da saúde, evitando o espallamento dos nosos informes médicos en diferentes mutuas, servizos de prevención e clínicas de todo tipo.

A NEGOCIACIÓN COLECTIVA COMO FERRAMENTA PREVENTIVA

“Capítulo IX. Seguridade e hixiene.

Artigo 51.- Normativa xeral: Todas as empresas incluídas no ámbito de aplicación do presente acordo cumprirán a normativa legal de Seguridade e Hixiene, contida na ordenanza xeral de Seguridade e Hixiene no Traballo do 9 de marzo de 1971, na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais e nas demais disposicións que lle sexan de aplicación”

“Artigo 28.- Revisión médica: Todos os traballadores, con independencia da súa categoría profesional, serán sometidos a recoñecementos médicos de periodicidade anual; en todo caso, o traballador terá coñecemento do resultado mediante a entrega dun exemplar del.

As empresas e as centrais sindicais asinantes do convenio instarán ás autoridades sanitarias da comunidade autónoma, no tocante á creación da infraestrutura necesaria para a realización gratuíta de tales recoñecementos que, non obstante, seguirán realizando mentres a mutuas de accidentes de cada empresa. Todo iso sen mingua dos dereitos que, en cada momento, asistan legalmente ao traballador”.

Os parágrafos anteriores, o primeiro sacado dun acordo de ámbito estatal e o segundo dun convenio de ámbito interprovincial, ambos do sector de extracción de pedra natural, son dúas mostras do que non se debe facer na negociación colectiva ao abordar os temas de seguridade e saúde laboral.

Máis aínda, son dous exemplos claros de absoluta deixación, por non dicir desprezo, ante todo aquilo que ten que ver coa prevención de riscos laborais.

Durante o desenvolvemento deste capítulo tivemos a oportunidade de apreciar o alcance e a importancia que pode chegar a supoñer unha negociación colectiva comprometida coa saúde dos traballadores e coa prevención, tanto de accidentes como de doenzas profesionais.

Porén, temos que admitir que, en liñas xerais, estamos moi, pero que moi lonxe, de poder afirmar que os nosos convenios son útiles e eficaces nesta materia. E non esquezamos que os convenios os negocian dúas partes: os respectivos representantes de empresas e de

traballadores, polo que hai que concluír que a responsabilidade desta deficiencia corresponde a todos.

Mediante a negociación colectiva podemos incidir notablemente en mellorar as condicións de vida e de traballo, o que repercutirá no grao de calidade e seguridade dentro das explotacións mineiras.

Estas son algunhas das melloras, sobre o que xa temos en aplicación da lexislación, que podemos concretar nos nosos convenios colectivos:

- a) Redución da xornada laboral e prohibición das horas extraordinarias que non sexan estruturais ou de forza maior.
- b) Concreción e seguimento da vixilancia da saúde.
- c) Creación de Comités Coordinadores de Seguridade e Hixiene no ámbito xeográfico natural no que se atopen as explotacións extractivas, de acordo co previsto no Estatuto do Mineiro.
- d) Impulso da figura do Delegado Mineiro de Seguridade, promovendo incluso a súa creación en agrupacións de empresas que non contén, individualmente, con 50 ou máis traballadores.
- e) Regulación do funcionamento das bolsas de emprego para traballadores que, sendo diagnosticados con algunha doenza profesional en grao non invalidante, deben ser trasladados a postos exentos de risco. Especificamente, inclúense neste apartado os doentes de silicoses en primeiro grao.
- f) Planificación de plans formativos de reciclaxe destes traballadores.
- g) Definición, concreción e control dos postos de traballo exento de risco.
- h) Inclusión no texto convencional do dereito á xubilación parcial e ao contrato de substitución previstos na lexislación.
- i) Contidos formativos en materia de prevención de riscos para todo o persoal das explotacións mineiras.
- j) Estudo de sistemas de rotación de posto de traballo, a fin de desconcentrar os riscos.
- k) Creación de Servizos de Prevención Mancomunados.

A NEGOCIACIÓN COLECTIVA

- Bótase en falta a falta de aproveitamento da negociación dos convenios á hora de mellorar as condicións de seguridade e as condicións de vida dos traballadores e traballadoras, no que á saúde laboral refírese. Así se constata se repasamos os textos publicados nos respectivos boletíns oficiais.
- Débese incluír nas negociacións, entre outros, os seguintes temas:
 - Reducción da xornada laboral.
 - Prohibición de horas extraordinarias.
 - Participación dos traballadores na planificación preventiva.
 - Control da vixilancia da saúde.
 - Bolsas de emprego para as personas que padecen silicoses.
 - Elaboración de catálogos de postos de traballo exentos de risco pulvixeno.
 - Planificación da formación dos traballadores, tanto desde el punto de vista da prevención, como en lo que se refiere á recolocación en postos exentos de riesgo.
 - Melloras na xubilación parcial e anticipada.
 - Sistemas de rotación de postos.
 - Servizos mancomunados de prevención

8

Guía práctica de actuacións ante os riscos laborais e as enfermidades profesionais

En xeral, a actividade laboral que desenvolvemos na nosa vida, pode ser orixe de problemas que afectan á nosa saúde, máis alá do propio avellentamento e a correspondente redución de fortaleza e vitalidade.

Esa deterioración física será maior canto peores sexan as condicións de traballo que temos na nosa profesión, aínda que moitas veces non se relaciona a actividade laboral coa patoloxía que se padece.

O sector da extracción de pedra é se cadra un dos de maior índice de afectación á saúde do persoal que nel traballa.

No capítulo de propostas sindicais xa mencionamos que supoñía un contrasentido e unha perda incalculable de información que a historia clínica laboral estivese espallada n tantos servizos de prevención, mutuas e clínicas, como contratos asinamos e empresas traballamos, así como con cada cambio de mutua dentro da mesma empresa.

Se estendemos esta deficiencia ao Servizo Público de Saúde, o desatino é, se cabe, aínda maior. O noso médico de familia e os distintos especialistas poden diagnosticarnos diversas doenzas durante toda a nosa existencia, sen saber en que traballamos, nin que actividade laboral desenvolvemos nin a que riscos estamos expostos.

Se a esta desconexión engadimos que algunhas das doenzas máis estendidas, ao tempo que demoledoras, se manifestan mesmo despois da vida laboral, en plena xubilación, o resultado é que nin tan sequera podemos coñecer ata que punto os riscos aos que estamos expostos no traballo afectan á nosa saúde.

Non sorprende polo tanto que a comunidade científica estime que unha porcentaxe significativa de, por exemplo, os cancros de pulmón, teñan orixe na actividade profesional desenvolvida por quen os padece.

Esta situación ten importantes repercusións que afectan á persoa que padece a doenza e á súa familia, pero tamén ao propio sistema público de saúde e Seguridade Social.

Ao traballador doente e á súa familia, porque o tratamento legal non que fai a prestacións e indemnizacións, é moi diferente segundo sexa a orixe da doenza, común ou profesional.

Ao sistema público de saúde e Seguridade Social porque se fai cargo duns gastos de asistencia e tratamento que non lle corresponden,

por ser a mutua a que debería asumilos, ao ser continxencia profesional e non común.

Esta renuncia de responsabilidades por parte das mutuas, é aínda máis evidente en lesións ou patoloxías que, sen estar recoñecidas como doenzas profesionais, teñen a súa orixe tamén na actividade laboral. Tal é o caso das lesións músculo-esqueléticas e os desgastes articulares que producen por sobreesforzos, movementos repetitivos, sobrecarga física de traballo, ou posturas desaxeitadas.

Nestes casos, dificilmente podemos ver que unha mutua asuma a súa responsabilidade, sen que medie un expediente de determinación de continxencias, ben promovido pola persoa interesada, ben polo propio facultativo do servizo público.

Xa que logo, debemos estar ben informados e asesorados, e saber como actuar nestas circunstancias. Bastante é que vexamos deteriorada a nosa saúde polo tipo e as condicións de traballo, como para que, ademais, non teñamos acceso ás medidas reparadoras que a lexislación nos outorga.

A seguir, enumeramos algunhas das pautas que debemos seguir:

1. Sempre que existan razóns para relacionar unha lesión ou doenza coa nosa actividade laboral, acudiremos á mutua coa que a empresa ten concertadas as continxencias profesionais.
2. Se a mutua se nega a atendernos ou considera que a doenza non ten orixe laboral, pediremos a dita resposta por escrito e acudiremos ao sistema sanitario público. No caso de que o facultativo emita un parte de incapacidade temporal, de seguir considerando que se trata dunha lesión ou enfermidade derivada do traballo, iniciaremos o que se denomina un expediente de determinación de continxencias, que non é outra cousa que solicitar do INSS que determine a causa, común ou profesional, da devandita lesión ou doenza.
3. Débese esixir que os recoñecementos médicos que realicemos respecten os protocolos establecidos e sexan específicos e axeitados ás funcións que realizamos no noso posto de traballo, especialmente no que fai a po, ruído, vibracións, estrés térmico e trastornos músculo-esqueléticos.
4. Hai que cooperar sempre coas probas que nos realicen de vixilancia da nosa saúde, e gardar os resultados que nos entreguen, única maneira de establecer unha relación causa–efecto, entre a nosa actividade e posibles doenzas futuras.
5. Non debemos esquecer que no sector de extracción de pedra natural, debe haber un recoñecemento previo á contratación, os períodos establecidos por lei, e un final cando se extingue a relación laboral. Ademais, sobre todo atendendo ao risco de inhalación de po inorgánico (especialmente de sílice) debe haber seguimento médico incluso unha vez finalizada a vida laboral.
6. Existen lesións que, aínda que non son invalidantes, teñen recoñecida unha prestación económica de pagamento único, de demostrarse a orixe laboral ou profesional das mesmas. Tal é o caso da xordeira ou hipoacusia profesional.

7. Cando froito da vixilancia da saúde no ámbito da empresa, ou como resultado de recoñecemento dun especialista da sanidade pública, se diagnostique a doenza da silicose, a nosa actuación, en función do grao, será a seguinte:
- Se é de primeiro grao, débese solicitar inmediatamente cambio de posto de traballo a outro exento de risco. De non existir o dito posto, reclamarase a prestación prevista na Orde do 9 de maio de 1962, do Ministerio de Traballo, consistente nun período máximo de 30 meses de salario íntegro.
 - Se se trata de silicoses de 1º grao con doenza intercorrente, solicitaremos algún tipo de incapacidade, ben sexa total ou absoluta.
 - Se estamos diante dun diagnóstico de 2º ou incluso 3º grao, débese deixar automaticamente de traballar, e tramitar de contado a invalidez, ademais de solicitar da empresa a recargo de prestacións.
8. Débese esixir sempre copia dos informes médicos, probas, diagnósticos ou radiografías, para poder, no momento oportuno e se fose necesario, acreditar as lesións ou doenzas diante dos organismos competentes.
9. Doenzas profesionais como a silicose poden agravarse co paso dos anos, polo que, de estar en situación de incapacidade permanente total para a profesión habitual, convén vixiar a evolución da doenza, por se esta se agravase, o que podería dar lugar a outra situación legal e outra prestación económica.
10. A normativa legal sobre duración da incapacidade temporal, ben sexa por motivos profesionais ou non, e a correspondente prestación económica, veuse reformando, paulatinamente e en silencio, nos últimos anos, supoñendo, cada unha das reformas, perdas de dereitos para os traballadores e traballadoras. Por iso, e porque os abusos son cada vez maiores e a desprotección e inseguridade xurídica resulta ser máis desproporcionada, faise máis necesario que nunca que esteamos ben informados e organizados, para mellor defender os nosos dereitos.

LEMBRA:

**A saúde non se vende. Debemos preservala.
Debemos traballar para vivir, non morrer no
traballo.**

**Non hai que renunciar a ningún dos dereitos que
nos asisten.**

**A información e a autoorganización son a nosa
única garantía.**

9

**Glosario
Terminológico**

ACCIÓN FORMATIVA: Acción encamiñada a mellorar a aptitude do persoal con respecto á seguridade e a saúde laborais. Inclúese desde a reunión de grupo ata a información no seu sentido clásico.

ACCIÓN PREVENTIVA: É a acción tomada para eliminar a causa dunha non conformidade potencial ou doutra situación potencialmente indesexable. A acción preventiva tómase para previr que algo aconteza, mentres que a acción correctiva se toma para previr que volva a producirse.

ACTIVIDADE ESPECIALMENTE PERIGOSA: Traballo ou tarefa de gran exposición con risco para as persoas (o Regulamento dos Servizos de Prevención recolle, no seu Anexo I, un listado de actividades especialmente perigosas).

ACTIVIDADE MINEIRA: Labor relativo á investigación e aproveitamento dos xacementos minerais e demais recursos xeolóxicos, calquera que sexa a súa orixe e estado físico, que existan no territorio nacional, mar territorial, plataforma continental e fondos mariños sometidos á xurisdición ou soberanía nacional.

As normas de seguridade mineira pretenden facer fronte aos riscos en xeral que para os seus traballadores/as representan as actividades das empresas dedicadas á explotación dos recursos minerais e, en particular, os riscos derivados da aplicación das técnicas mineiras. A actividade mineira réxese pola seguinte lexislación específica sen mingua da LPRL e o RSP:

- Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira, R.D.863/1985, do 2 de abril.
- Estatuto do Mineiro/a aprobado por R.D.3255/1983, o 21 de decembro.
- R.D.1389/1997, relativo a disposicións mínimas destinadas a mellorar a protección en materia de seguridade e saúde dos traballadores/as nas industrias extractivas a ceo aberto ou subterráneas.

ACTIVIDADE PREVENTIVA: Conxunto de actividades que debe levar a cabo o empresario/a para xestionar axeitadamente a prevención de riscos na empresa. Son as que seguen: Elaboración e mantemento ao día do Plan de Prevención, a Avaliación de Riscos, a determinación, planificación, seguimento e valoración das Medidas Preventivas, In-

formación e Formación, elaboración e actualización do Plan ou Medidas de Emerxencia e Vixilancia da Saúde.

ALTERACIÓNS AUDITIVAS: Deficiencias na función auditiva como resultado da exposición ao ruído. Hipoacusia.

AMIANTO: Con este nome désígnanse unha serie de silicatos fibrosos que teñen a particularidade de ser uns materiais illantes, combustibles e moi resistentes á fricción.

Debido á súa presentación en fibras é susceptible de provocar diversas patoloxías respiratorias por mor da súa inhalación: mesotelioma, cancro de pulmón, asbestose, etc. Está prohibida a utilización, produción e comercialización das fibras de amianto e dos produtos que as conteñan.

Todos os traballadores/as en postos de traballo expostos a amianto, deben someterse a control médico preventivo segundo pautas establecidas (OM-22-12-1987) e RD 396/2006 entre outras.

BANCADA: Cada un dos chanzos en que usualmente se realizan os labores de escavación de canteiras, grandes explotacións subterráneas, etc.

BANCO: Niveis horizontais aos que se van levando as fronte de canteira sucesivas.

BANQUEO: Escavación en bancos ou bancadas.

BLOQUE (BLOQUE PRIMARIO): Masa sólida cumprida, xeralmente anaco grande de pedra ou outro material sen labrar. En cada subsector existen denominacións diferenciadas, bloque de granito, bolo de mármore e rachón de lousa.

BLOQUE SECUNDARIO: Procedente da subdivisión dos bloques primarios ata acadar dimensións facilmente manipulables e/ou dentro dos requisitos da industria da transformación.

CAÍDA DE ALTURA: Perda do equilibrio dun corpo ata dar coa terra ou obxecto firme que o deteña. Asociaranse dispositivos de protección en traballos a máis de dous metros sobre o chan, ou en traballos subterráneos cando exista risco de caída a máis de dous metros.

CANTEIROS: Traballador especializado en labrar as pedras destinadas a obras de construción.

CAPTACIÓN: Acción de aplicación de medidas para a recollida de materiais e produtos que poden ser danos para as persoas, os bens e o medio ambiente.

COMITÉ DE SEGURIDADE E HIXIENE: O Comité de Seguridade e Hixiene é un órgano paritario, ao igual que o Comité de Seguridade e Saúde segundo establece a Lei de Prevención, especialmente exposto para a minería (establecida no Estatuto do Mineiro), pero ten unhas características que o diferencian notablemente:

- a. Está composto por máis membros que o creado en virtude da LPRL, podendo incluso elixirse de maneira diferente.
- b. Ten maiores competencias, entre as que salienta a investigación das doenzas profesionais.
- c. Poden crearse máis dun Comité dentro do mesmo ámbito, e incluso un Comité de Coordinación. A dita creación pode acordar entre as partes ou de oficio pola autoridade mineira, previa solicitude dos representantes dalgunha delas.

CONCENTRACIÓN: Cantidad dunha substancia contaminante no medio ambiente, que se estima poida ser prexudicial para organismos específicos.

CONVENIO COLECTIVO: Acordo sobre as condicións xerais de traballo entre traballadores/as ou os seus representantes e o empresario/a ou os seus representantes.

O convenio colectivo de traballo pode regular todos os aspectos da relación laboral (salarios, xornada, descansos, vacacións, réxime de despedimentos, definición de categorías profesionais...), así como determinar regras para a relación entre os sindicatos e o empresario (representantes nos lugares de traballo, información e consulta, licencias e permisos para as dirixentes sindicais...).

Este tipo de convenio de traballo aplícase a todos os traballadores/as do ámbito (empresa ou actividade), aínda que non estean afiliados aos sindicatos asinantes.

As condicións do convenio considéranse como un mínimo, o contrato individual que firme cada traballador/a pode melloralas, porén non se poden establecer condicións máis desfavorables para o traballador/a que o establecido no convenio.

O Convenio Colectivo está precedido e é o resultado dunha actividade de negociación colectiva entre as partes.

Como fonte de dereito, o convenio é inferior á lei xa que en caso algún poden ser contrarios ás normas imperativas establecidas.

DB: Decibelio, unidade adimensional que designa niveis sonoros.

DELEGADO MINEIRO DE SEGURIDADE: Conxuntamente co Comité de Seguridade e Hixiene é un dos órganos internos especializados en materia de prevención de riscos laborais. Son os representantes dos traballadores, con competencias desenvolvidas nos artigos 33 a 44 do Estatuto do Mineiro (RD 3255/1983 do 21 de decembro).

DIACLASA: Plano de descontinuidade, de fractura ou de separación nunha rocha, que normalmente non implica desprazamento. As diaclasas adoitan producirse como familias paralelas, que dividen a masa rochosa en bloques.

DIRECTOR/A FACULTATIVO/A: O titular da Dirección Facultativa, denominado Director Facultativo, é a persoa con cualificación suficiente de acordo coa lexislación en vigor, que por nomeamento do empresario se fai cargo da Dirección Técnica e a supervisión habitual e necesaria dos aspectos técnicos da actividade mineira, incluída a seguridade, a saúde e a protección do medio ambiente.

Todas as actividades incluídas no Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade mineira terán un Director Facultativo responsable e coa titulación esixida por Lei, que, ademais dos traballos de investigación e explotación, será a persoa responsable de protexer a seguridade e a saúde dos traballadores nas actividades mineiras.

DOSE: Cantidade dunha substancia incorporada ao organismo por calquera vía de exposición. Dose = Concentración de contaminante x Tempo de exposición

DOENZA PROFESIONAL: Deterioración lenta e paulatina da saúde do traballador/a, producida por unha exposición crónica a situacións adversas relacionadas co medio ambiente en que se desenvolve o traballo ou pola forma en que este está organizado.

É a doenza contraída a consecuencia do traballo executado por conta

allea nas actividades que se especifiquen no cadro aprobado polas disposicións de aplicación e desenvolvemento da Lei Xeral da Seguridade Social, e que estea provocada por acción dos elementos ou substancias que no devandito cadro indica para cada doenza profesional. (Art. 116 do RDL 1/1994, do 20 de xuño).

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPI): Calquera equipamento destinado a ser levado ou suxeitado polo traballador/a para que o protexa dun ou varios riscos que poidan ameazar a súa seguridade ou a súa saúde no traballo, así como calquera plus ou accesorio destinado a tal fin.

Respecto aos criterios de comercialización e segundo a regulamentación vixente, os EPI's clasifícanse en tres categorías:

- Categoría I: Son os EPI's destinados a protexer contra riscos mínimos.
- Categoría II: Son os EPI's destinados a protexer contra riscos de grao medio ou elevado, mais non de consecuencias mortais ou irreversibles. Pertencen a esta categoría todos os que non están incluídos nin na categoría I, nin na III.
- Categoría III: Son os EPI's destinados a protexer contra riscos de consecuencias mortais ou irreversibles.

ESCUADRADO DE PEZAS.: Operación que proporciona caras aliñadas cos planos de corte naturais da pedra. O tamaño dos bloques é o marcado nas especificacións de fabricación. Os bloques obtidos teñen as mínimas imperfeccións posibles.

ESTRÉS TÉRMICO: Risco laboral provocado por un desequilibrio extremo entre as condicións de temperatura e humidade exteriores e a capacidade do organismo de asimilar as ditas condicións.

EXPLOTACIÓNS A CEO ABERTO: Por actividades de extracción a ceo aberto enténdense as operacións de arrinque, transporte e tratamento do mineral extraído en superficie.

EXPLOTACIÓNS DE INTERIOR: Por actividades de extracción de interior enténdense as operacións de arrinque, transporte e tratamento do mineral extraído no interior de galerías subterráneas.

FRACCIÓN DE PO RESPIRABLE: Fracción das partículas inhaladas que penetran nas vías respiratorias non ciliadas. (Segundo o establecido no apartado 5.3 da Norma Europea UNE-EN-481:1995, “Atmosferas nos postos de traballo. Definición das fraccións polo tamaño das partículas para a medición de aerosois”).

FIBRAS: Partícula maior de 5 micras de lonxitude e cunha relación lonxitude-diámetro maior de 3. Cando as fibras están no medio ambiente en forma dun tamaño respirable, existen riscos para a saúde (de intensidade dependente da súa concentración, tempo de exposición, tipo,...); de aí o risco de fibrose pulmonar, cancro, mesotelioma, etc. (asbesto).

FRONTE DE CANTEIRA: Parte máis avanzada da explotación da canteira.

HISTORIA CLÍNICO-LABORAL: A historia clínica é un documento de arquivo exclusivamente do persoal médico-sanitario do Servizo de Prevención.

Os datos que recolle, basicamente, son:

- Nome, filiación do traballador/a, e datos persoais (endereço, teléfono, número de seguro, posto de traballo...).
- Antecedentes persoais: refírese ás doenzas ou lesións que padeceu ao longo da súa vida, así como unha historia laboral de exposición a axentes de risco segundo os empregos que foi desempeñando.
- Antecedentes familiares: anotacións sobre as lesións ou doenzas dos membros da familia mais próximos.
- Datos informativos que achega a persoa a explorar, acerca de posibles anomalías respecto á súa saúde.

Sobre os síntomas que indique, búscanse as referencias en comparación cos axentes de risco do posto de traballo.

- Descrición básica dos axentes de risco do posto de traballo (ficha de riscos laboral).
- Exploración xeral: conterá todas as probas médicas e analíticas (laboratorio) que se determinaron para o posto de traballo. (Exemplo: electrocardiograma, audiometría, espirometría, control visión, etc.).

De todo iso debe informarse ao/a traballador/a, e en todo caso, para actuar sobre os medios de traballo, reorganizando a prevención, antes que actuar sobre a persoa. Por último, a decisión particular da persoa ten a prioridade.

HISTORIA ÚNICA: Unha das reivindicacións que abandeiramos é a necesidade da existencia dunha Historia Única que unifique o historial médico xeral co historial laboral, garantindo non só un efectivo seguimento da nosa saúde senón tamén que se poida facilitar a detección precoz de doenzas con orixe profesional.

INCAPACIDADE TEMPORAL: É a resultante de calquera lesión que non orixina morte ou incapacidade permanente, mais que imposibilita completamente a unha persoa para desenvolver calquera traballo normalmente establecido durante un período de tempo superior a toda unha vez normal de traballo.

ITC: Instrución Técnica Complementaria. Elaboradas para desenvolver e executar normativa específica.

ITINERARIO FORMATIVO: Programa de contidos para a formación en materia de prevención de riscos laborais específico para cada posto de traballo.

LÍMITES DE EXPOSICIÓN: Parámetro que determina a separación do tolerable co non admisible. Os límites de exposición están asociados aos riscos hixiénicos: físicos, químicos ou biolóxicos. Estes límites de exposición están relacionados co tempo de exposición e coa concentración do produto no medio ambiente de traballo.

Os límites de exposición permitidos son elaborados e presentados por institucións de recoñecido prestixio en Hixiene Industrial tales como a ACGIH ou en INSHT.

Estes límites son referenciais e só de obrigado cumprimento cando están incorporados aos textos legais como ocorre, por exemplo, co amianto ou o chumbo inorgánico.

NEGOCIACIÓN COLECTIVA: A negociación colectiva é aquela que se realiza entre os traballadores/as dunha empresa ou sector, normalmente reunidos a través dun sindicato ou grupo de sindicatos e a empresa ou representantes de empresas do sector. A finalidade da negociación é chegar a un acordo canto aos requisitos dun emprego aplicables á xeneralidade dos traballadores/as do ámbito no que se circunscribe a negociación.

A negociación colectiva é unha manifestación particular do diálogo social e está considerado como un dereito fundamental básico integrante da liberdade sindical. Mundialmente atópase garantido no Convenio 98 e 154 da OIT.

PNEUMOCONIOSE: Enténdese por pneumoconiose o conxunto de doenzas pulmonares resultante da inhalación e a acumulación de po inorgánico, así como a reacción que se produce no tecido pulmonar como consecuencia das partículas depositadas.

NIVEIS PULVÍXENOS.: Nivel de concentración de po existente no medio ambiente laboral.

PEDRA NATURAL: Denomínase así a toda rocha que poida obterse en pezas de dique ou pezas de certo tamaño que permitan a súa utilización o comercialización, polo que as súas propiedades construtivas deben manterse constantes ao longo das súas etapas de transformación. A pedra utilizada na edificación denomínase rocha de construción. Se esta ten un fin estético, adoita falarse de rocha ornamental.

POLÍTICA PREVENTIVA: Conxunto de formulacións e liñas xerais de actuación que definen os criterios de prevención de riscos laborais nunha empresa.

PO: Suspensión de materia sólida, particulada e dispersa na atmosfera, producida por procesos mecánicos ou/e polo movemento do aire.

PO INORGÁNICO: Materia mineral ou inorgánica posta en suspensión no aire, considerando po mineral á sílice, ferro, calcaria, etc.

PROTOCOLOS DE VIXILANCIA ESPECÍFICA DA SAÚDE: Froito da necesidade de dotar de elementos de apoio á vixilancia da saúde así como das esixencias das leis, xurdiu dentro de Grupo de Traballo de Saúde Laboral da Comisión Pública do Consello Interterritorial a decisión de elaborar protocolos de vixilancia sanitaria específica dos traballadores/as expostos a riscos no lugar de traballo.

A vixilancia da saúde terá que se axustar a protocolos específicos con respecto os factores de risco aos que estea exposto o traballador/a. Os contidos e periodicidade destes protocolos son establecidos polo Ministerio de Sanidade e Consumo e as Comunidades Autónomas, oídas as sociedades científicas e consultados os axentes sociais.

RACHÓN: Definición habitual dos bloques no subsector da lousa.

RADIACIÓN TÉRMICA SOLAR: Conxunto de radiacións electromagnéticas emitidas polo sol. A radiación solar distribúese desde o infravermello ata o ultravioleta.

RADIACIÓN ULTRAVIOLETA: Radiación óptica cuxa lonxitude de onda é inferior á da radiación visible.

RECARGO DE PRESTACIÓNS: Todas as prestacións económicas que teñan a súa causa nun accidente de traballo ou doenza profesional aumentarán, segundo a gravidade da falta, dun 30 a un 50%, cando a lesión se produza por máquinas, artefactos ou instalacións, centros ou lugares de traballo que carezan dos dispositivos de precaución regulamentarios, que os teña inutilizados ou en malas condicións, ou cando non se observasen as medidas xerais ou particulares de seguridade e hixiene no traballo ou as de adecuación persoal a cada traballo, tendo en conta as características da idade, sexo e demais condicións do traballador/a.

RISCO LABORAL: Posibilidade de que un traballador/a sufra un determinado dano derivado do traballo e orixinado por el, incluído o risco in itinere, concorrendo na súa cualificación dous factores:

- A probabilidade de que se produza o dano.
- A severidade do mesmo.

ROCHA ORNAMENTAL: Defínese como rocha ornamental aquela que foi seleccionada, desbastada ou cortada cunha determinada forma ou tamaño cunha ou máis superficies tratadas mecanicamente.

ROUPA DE TRABALLO: Peza de roupa ou conxunto de pezas co que se cobre a cabeza dos traballadores/as para a realización dunha actividade laboral,

RUÍDO: Son sen calidade musical agradable ou cun son non querido ou non desexado, que orixina sinais que dificultan a recepción doutros sons.

SINALIZACIÓN: Calquera tipo de elemento que poida dar información a unha persoa. A sinalización pode ser acústica, visual, táctil, olfactiva ou gustativa.

SERVIZOS DE PREVENCIÓN: Conxunto de medios humanos e materiais necesarios para realizar as actividades preventivas a fin de garantir a axeitada protección da seguridade e a saúde dos traballadores/as, asesorando e asistindo para iso:

- Ao empresario/a
- Aos traballadores/as e aos seus representantes
- Aos órganos de representación especializados.

SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO: É o prestado por unha entidade especializada allea á empresa que concerta con ela a realización de actividades de prevención, o asesoramento e apoio que precisa en función dos tipos de risco ou ambas as actuacións conxuntamente.

SERVIZO DE PREVENCIÓN MANCOMUNADO: Tendo en conta os preceptos esixidos para calquera servizo de prevención está previsto a posibilidade de mancomunar os servizos de prevención para a racionalización dos recursos, tanto humanos como materiais nos seguintes casos:

- Aquelas empresas que desenvolvan simultaneamente actividades nun mesmo centro de traballo, edificio ou centro comercial sempre que quede garantida a operatividade e eficacia do servizo.
- Aquelas empresas pertencentes a un mesmo sector produtivo ou grupo empresarial ou que desenvolvan a súa actividade nun polígono industrial ou área xeográfica limitada a través da negociación colectiva ou mediante acordos ou, no seu defecto, por decisión das empresas afectadas.

SERVIZO DE PREVENCIÓN PROPIO: Conxunto de medios humanos e materiais da empresa necesarios para realizar as actividades preventivas.

SÍLICE LIBRE: Dióxido de silicio cristalizado en forma de cuarzo, cristobalita ou tridimita.

SILICOSE: Doenza fribrósica-cardiovascular de carácter irreversible e considerada doenza profesional incapacitante.

TEMPO DE EXPOSICIÓN: Período de tempo despois do cal un estímulo determinado actúa, ou é considerado efectivo para actuar, sobre o ser humano.

TRABALLOS EXENTOS DE RISCO: Aqueles traballos nos que o traballador/a afectado dunha doenza profesional pode ser derivado para non continuar baixo a influencia do axente contaminante que lle produciu a enfermidade.

TRASTORNOS MÚSCULO-ESQUELÉTICOS: Por trastornos músculo-esqueléticos enténdense os problemas de saúde do aparello locomotor, é dicir, de músculos, tendóns, esqueleto óseo, cartilaxes, ligamentos e nervios. Isto abrangue todo tipo de doenzas, desde as molestias leves e pasaxeiras ata as lesións irreversibles e discapacitantes.

VIBRACIÓNS: Defínense como o movemento oscilante que fai unha partícula ao redor dun punto fixo. Este movemento pode ser regular, en dirección, frecuencia e/ou intensidade, ou ben aleatorio.

As vías de ingreso ao organismo poden ser polo sistema man-brazo ou ao corpo enteiro.

VIBRACIÓN MAN-BRAZO: A vibración mecánica que, cando se transmite ao sistema humano de man e brazo, supón riscos para a saúde e a seguridade dos traballadores, en particular, problemas vasculares, de ósos ou de articulacións, nerviosos ou musculares.

VIBRACIÓNS CORPO ENTEIRO: A vibración mecánica que, cando se transmite a todo o corpo, comporta riscos para a saúde e a seguridade dos traballadores, en particular, lumbalxias e lesións da columna vertebral.

VIXILANCIA DA SAÚDE: Verificación periódica do estado de saúde do traballador/a en función dos riscos inherentes ao seu traballo. A garantía da vixilancia da saúde é un deber para o empresario/a e un dereito para o traballador/a.

A vixilancia da saúde pode estenderse máis alá do período de vixencia do contrato laboral cando hai risco de doenza tempo despois da exposición, por tratar con produtos, circunstancias ou substancias. A vixilancia post-ocupacional trasládase ao Sistema Nacional de Saúde.

10

Anexo legislación

Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

Exposición de motivos.

A minaría en Galicia é un sector relevante desde o punto de vista socioeconómico que presenta, non obstante, hoxe en día, unha notoria incidencia sobre o medio ambiente e a ordenación do territorio, o cal fai precisa unha adecuada conciliación do desenvolvemento do sector mineiro coa protección dos bens xurídicos en xogo. Para esta finalidade é necesario dispoñer dun marco normativo coherente e actualizado que teña presente os cambios institucionais, tecnolóxicos e ambientais producidos na sociedade desde a aprobación da Constitución española e do Estatuto de autonomía.

O longo tempo transcorrido desde a aprobación da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, unido ao carácter preconstitucional desta norma, e da Lei 6/1977, do 4 de xaneiro, de fomento da minaría, acompañado dos fortes cambios tecnolóxicos experimentados e dunha maior preocupación pola tutela ambiental e territorial da sociedade civil son elementos que obrigan á posta en pé dunha norma galega que dea resposta aos cambios producidos.

Galicia, ademais de normas de fomento económico do sector mineiro, ten aprobadas a Lei 9/1985, de protección das pedras ornamentais, dirixida á protección dos minerais que teñen a súa principal aplicación na industria da construción, e a Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios. Porén, esta normativa ten un alcance sectorial e non proporciona un marco normativo xeral que permita desenvolver as competencias autonómicas en materia mineira e dotar dun marco organizativo-institucional actualizado a Xunta de Galicia.

Asemade, a lexislación ambiental aprobada con posterioridade á lexislación estatal de minas, en materia de residuos, control integrado da contaminación, impacto ambiental, avaliación ambiental estratéxica e outras, debe poñerse en relación coa normativa da minaría e conformar unha regulación integrada que permita un desenvolvemento sustentable das actividades extractivas.

A regulación vixente descoñece o novo reparto competencial entre o Estado e as comunidades autónomas, está desfasada desde o punto de vista organizativo e non responde ás necesidades de planificación estratéxica do sector, nin ofrece un marco de intervención administrativa áxil e moderno.

Faise, polo tanto, necesaria unha lexislación propia que permita un desenvolvemento sustentable e que permita adaptar o sector mineiro ás singularidades territoriais, ambientais ou de estrutura da propiedade de Galicia, e que permita establecer un marco normativo claro e coordinado.

O establecemento de normas que regulen as actividades extractivas encaixa nun sistema de distribución de competencias no que lles corresponde ao Estado, de acordo co artigo 149.25 da Constitución española, a fixación das bases do réxime mineiro e á comunidade autónoma, segundo o artigo 28.3 do Estatuto de autonomía, o desenvolvemento lexislativo e a execución.

A tardanza estatal en aprobar unha norma legal básica en materia de minas fai que se manteña vixente unha lexislación estatal sen adaptar ao novo réxime de distribución de competencias e inadecuada para a situación e os problemas actuais das actividades extractivas. Esta tardanza, non obstante, non pode impedir o exercicio lexítimo das súas competencias por parte das comunidades autónomas, aínda que a determinación da extensión do básico e do que entraría como desenvolvemento autonómico se poida facer máis dificultosa.

A Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do establecido nas normas contidas no artigo 28 do Estatuto de autonomía, punto 3 (desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do Estado en materia de réxime mineiro e enerxético); no artigo 27, puntos 14 (augas minerais e termais), 30 (normas adicionais sobre protección do medio ambiente) e 5 (normas procesuais e procedementos que deriven do dereito específico galego); no artigo 37 e seguintes (réxime xurídico) e no artigo 44, punto 1 (fazienda pública galega), ten competencia para ditar a súa normativa propia en materia de minas.

Con base nestes títulos competenciais, Galicia é competente para definir o marco organizativo de intervención no sector, polo que se establecen os órganos autonómicos chamados a definir as políticas públicas nesta materia, así como a exercer as funcións de planificación da actividade extractiva, de fomento do sector, de outorgamento dos títulos xurídicos habilitantes do aproveitamento de dereitos mineiros e de disciplina mineira mediante os procedementos administrativos precisos para a ordenación da minaría.

Finalmente, cómpre significar que as bases estatais do réxime mineiro, que, a falta de aprobación da lexislación pertinente, deberían estar conformadas -de acordo cos títulos competenciais que figuran na Constitución- pola concreción do ámbito de aplicación da lexislación mineira, a definición do que se entende por actividade extractiva, a fixación do concepto de técnica mineira e o establecemento dos criterios de clasificación, son respectadas nesta lei.

O título I establece o obxecto, o ámbito de aplicación e os principios orientadores da lei, e sitúa como eixe vertebrador a sustentabilidade para garantir a protección do medio pola gran repercusión que esta actividade ten sobre o solo, a auga e o aire.

No título II defínese o reparto de competencias entre os diversos órganos da Xunta e regúlase a estrutura organizativa específica, nomeadamente o Consello da Minaría de Galicia e os rexistros pertinentes.

O Consello da Minaría de Galicia créase como órgano colexiado de participación, consulta e asesoramento da administración en materia de minaría, para o que se lle atribúen funcións de informe preceptivo nas principais normas e nos instrumentos de planificación do sector mineiro, así como outras de asesoramento. O Rexistro Mineiro de Galicia inscribirá todos os dereitos mineiros autorizados ou concedidos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e o Rexistro de Solicitudes de Dereitos Mineiros determinará a prioridade dos dereitos en función da súa data de solicitude.

O título III establece o Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia como máximo instrumento de planificación da política mineira, que terá natureza dun plan sectorial de incidencia supramunicipal, co obxecto de establecer os principios e as directrices para a ordenación mineira de Galicia baseada en criterios de estabilidade e sustentabilidade.

O título IV regula o procedemento de outorgamento e o contido dos dereitos mineiros. Establécese un procedemento integrado de outorgamento que simplifica a intervención administrativa e, ao mesmo tempo, garante a coordinación interadministrativa e interorgánica. Esta integración procedemental permite que o outorgamento de dereitos mineiros se realice en atención aos requirimentos ambientais e urbanísticos e ás competencias concorrentes. Para as persoas solicitantes dos dereitos mineiros mellórase e axilízase a xestión administrativa e dótase o procedemento dunhas maiores garantías e transparencia.

Así mesmo, defínense o contido e a vixencia dos dereitos mineiros e a súa compatibilidade con outros usos ou aproveitamentos, e a Administración mineira pode limitar ou condicionar o exercicio dos dereitos de prioridade por razóns ambientais, urbanísticas ou outras que sexan da súa competencia. A lei prevé a necesidade de constitución de garantías financeiras para responder da viabilidade dos traballos mineiros e do Plan de restauración ambiental, así como a subscripción dun seguro de responsabilidade civil para facer fronte aos danos que poidan causar as actividades extractivas. Tamén se regula o concurso de dereitos mineiros e se definen o contido mínimo da convocatoria e as previsións en canto á resolución.

O fomento da minaría regúlase no título V orientando a acción da administración cara á innovación tecnolóxica que permita a mellora no aproveitamento dos recursos mineiros, a minimización dos residuos e das emisións e o pechamento dos ciclos produtivos. Para iso prevense actuacións en materia de investigación e formación, incentivos económicos e a declaración de concellos mineiros.

O título VI, baixo a rúbrica de disciplina mineira, establece as previsións necesarias para efectuar a inspección mineira con plenas garantías para os administrados ou as administradas e para unha adecuada determinación dos feitos. Tamén recolle unha regulación específica dalgúns aspectos do réxime sancionador e o catálogo de infraccións e sancións.

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2º do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome de El-Rei, a Lei de ordenación da minaría de Galicia.

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta lei ten por obxecto o desenvolvemento do réxime xurídico das actividades mineiras en Galicia en condicións de sustentabilidade e seguridade e promove un aproveitamento racional compatible coa protección do medio ambiente.

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

1. Esta lei é aplicable ás seguintes actividades:

- a) Á exploración, á investigación, á explotación e ao aproveitamento dos recursos minerais e demais recursos xeolóxicos situados en Galicia.
- b) Ao aproveitamento de recursos xeotérmicos e de formacións xeolóxicas superficiais ou subterráneas.
- c) Á preparación para a entrega aos mercados dos minerais e recursos extraídos.
- d) Á xestión dos residuos producidos nas actividades extractivas.
- e) Á recuperación ambiental dos terreos afectados por labores mineiros, así como ás condicións e aos requisitos do abandono da actividade mineira.
- f) Á actividade administrativa de apoio para a mellora e innovación nas actividades mineiras, co fin de diminuír o impacto sobre os recursos naturais e a valorización integral dos recursos producidos na procura do pechamento do ciclo produtivo en Galicia.

2. Están excluídas do ámbito de aplicación desta lei as seguintes materias:

- a) A exploración, a investigación, a explotación e o almacenamento subterráneo de hidrocarburos líquidos e gasosos.
- b) A extracción ocasional e de escasa importancia de recursos minerais, calquera que sexa a súa clasificación, sempre que a leve a cabo o propietario dun terreo para o seu uso exclusivo e non exixa a aplicación de ningunha técnica mineira.
- c) As augas reguladas na Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3º.-Principios.

Son principios que inspiran esta lei:

- a) A planificación mineira no marco da ordenación da economía e do territorio.
- b) A xestión sustentable dos recursos mineiros.
- c) A innovación tecnolóxica orientada á sustentabilidade e a valorización plena dos recursos mineiros.
- d) A mellora das condicións de seguridade e saúde laborais.
- e) A colaboración e cooperación das diferentes administracións públicas.
- f) A participación na política mineira dos sectores sociais e económicos implicados, os cales integrarán activamente a dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

TÍTULO II

ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA E COMPETENCIAS

CAPÍTULO I

A ADMINISTRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

Artigo 4º.-O Consello da Xunta.

Ao Consello da Xunta, como órgano superior de dirección e coordinación da política mineira da Comunidade Autónoma de Galicia, correspóndelle:

- a) Aprobar o Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia, así como as súas modificacións ou revisións, por proposta da consellaría competente en materia de minas.

- b) Garantir a coordinación dos distintos departamentos autonómicos con incidencia na minaría.
- c) Acordar con carácter excepcional, e logo de xustificar o interese público, o outorgamento de dereitos mineiros no caso de existencia de informes preceptivos desfavorables, de ser o caso.
- d) Establecer as liñas de cooperación coas demais administracións públicas.
- e) Resolver sobre a prevalencia de utilidades públicas incompatibles cando se vexan afectadas competencias atribuídas a distintas consellarías.
- f) Aprobar a declaración de concellos mineiros.

Artigo 5º.-A consellaría competente en materia de minas.

Corresponderalle á consellaría que teña atribuída a competencia en materia de minaría:

- a) Promover e planificar a actividade mineira en Galicia, para o que elaborará o Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia e aqueloutras plans que sexan precisos para un desenvolvemento sustentable desta actividade.
- b) Outorgar as concesións, os permisos e as autorizacións, nos termos da lexislación básica estatal, necesarios para o desenvolvemento de actividades extractivas.
- c) Exercer as competencias relativas á seguridade mineira.
- d) Inspeccionar o cumprimento das condicións técnicas, de seguridade e ambientais das actividades extractivas ou de calquera outra actividade que utilice técnicas mineiras.
- e) Impulsar a mellora das explotacións mineiras potenciando as súas competencias técnicas, medioambientais, comerciais e organizativas.
- f) Exercer a potestade sancionadora nos termos establecidos nesta lei.
- g) O desenvolvemento competitivo e sustentable do tecido empresarial mineiro galego.

CAPÍTULO II

O CONSELLO DA MINARÍA DE GALICIA

Artigo 6º.-Creación e réxime xurídico.

1. Créase o Consello da Minaría de Galicia como órgano colexiado de participación, consulta e asesoramento da administración competente en materia de minaría.
2. O consello estará adscrito para os efectos administrativos á consellaría competente en materia de minaría. A organización e o réxime xurídico do consello, así como o carácter dos seus informes, determinaranse regulamentariamente garantindo un funcionamento transparente, unha periodicidade adecuada e a participación activa de todos os seus membros.

Artigo 7º.-Funcións.

Correspóndenlle ao Consello da Minaría de Galicia as seguintes funcións:

- a) Emitir informe sobre os anteproxectos de lei, sobre os proxectos de regulamentos con incidencia na minaría e sobre o Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia.
- b) Asesorar sobre os plans e programas que a presidencia lle propoña en razón á importancia da súa incidencia sobre a minaría.

- c) Emitir informes e efectuar propostas en materia de minaría, por iniciativa propia.
- d) Propoñer medidas para un mellor desenvolvemento da política mineira.
- e) Impulsar a coordinación entre a iniciativa pública e privada en materia de minaría.
- f) Informar sobre cantos asuntos en materia mineira sexan sometidos á súa consideración pola consellaría competente en materia de minaría e as que regulamentariamente se lle atribúan.
- g) Coñecer da evolución do emprego no sector da minaría, das sancións firmes derivadas dos incumprimentos desta lei e das estatísticas de sinistrabilidade do sector e subsectores da minaría.
- h) Efectuar o seguimento do grao de cumprimento de todas as iniciativas encamiñadas a mellorar a calidade do emprego na minaría de Galicia, incrementar a seguridade laboral e impulsar a formación dos traballadores e das traballadoras do sector na nosa Comunidade.
- i) Ser informado anualmente respecto dos expedientes administrativos tramitados consonte o procedemento disposto no título IV desta lei.
- j) Todas aquelas funcións que lle sexan atribuídas por unha lei.

Artigo 8º.-Composición.

1. O Consello da Minaría de Galicia estará presidido pola persoa titular da consellaría competente en materia de minaría ou persoa en quen delegue. A composición e organización do Consello da Minaría de Galicia rexeráse polo principio de paridade e tratará de garantir unha representación proporcionada entre mulleres e homes.

Reglamentariamente determinarase a composición do consello, no que estarán integrados representantes das administracións, das organizacións sindicais e empresariais máis representativas do sector, das asociacións de defensa da natureza, das comunidades de montes en man común, dos concellos mineiros, dos colexios profesionais competentes en materia mineira e da Cámara Oficial Mineira de Galicia.

2. Os seus membros serán nomeados pola persoa titular da consellaría competente en materia de minaría por proposta das organizacións representativas. O nomeamento dos membros electivos do consello e dos seus suplentes será por un período de catro anos, que poderá ser renovado por períodos iguais de dous anos. Os membros do consello cesarán por proposta das organizacións ou entidades que propuxeron o seu nomeamento.

CAPÍTULO III

REXISTRO MINEIRO DE GALICIA

Artigo 9º.-Rexistro Mineiro de Galicia.

1. Créase o Rexistro Mineiro de Galicia, no que se inscribirán todos os dereitos mineiros autorizados ou concedidos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. A inscrición practicarase de oficio e incluírá, co suficiente detalle, o tipo de dereito mineiro, o seu titular, a extensión, a delimitación e o prazo de vixencia.

2. Os datos reflectidos no Rexistro Mineiro de Galicia incorporaranse ao Catastro Mineiro de Galicia, que constituirá información de apoio para a xestión interna e a definición da política mineira da comunidade autónoma.

3. O Rexistro Mineiro de Galicia será público, segundo as condicións que se establezan regulamentariamente.

Artigo 10º.-Rexistro de Solicitudes de Dereitos Mineiros.

1. A consellaría competente en materia de minas levará un rexistro de solicitudes de permisos, autorizacións e concesións de dereitos mineiros.
2. Neste rexistro, que se articulará como unha sección independente dentro do Rexistro Mineiro de Galicia, inscribíranse as solicitudes na orde na que foron presentadas.
3. A prioridade para a tramitación dos dereitos mineiros determinarase pola orde de inscrición no Rexistro de Solicitudes de Dereitos Mineiros.

TÍTULO III

PLANIFICACIÓN DA MINARÍA

Artigo 11º.-Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia.

1. O Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia configúrase como un plan sectorial de incidencia supramunicipal dos regulados na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia. Como máximo instrumento de planificación da política mineira ten por obxecto establecer os principios e as directrices para a ordenación mineira de Galicia, baseada en criterios de estabilidade e sustentabilidade, así como a normativa necesaria para desenvolver os eixes básicos de actuación administrativa en Galicia no sector, polo que se debe propiciar a coordinación das accións, o seu desenvolvemento sustentable, a mellora tecnolóxica e a diversificación económica.
2. As determinacións do Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia serán directamente aplicables e prevalecerán de forma inmediata sobre as do planeamento urbanístico, que haberá de ser obxecto de adaptación.
3. O procedemento de aprobación do Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia axustarase ao disposto no artigo 25 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

Artigo 12º.-Criterios orientadores.

Os criterios que inspirarán o Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia serán os seguintes:

- a) O establecemento das bases do desenvolvemento dunha minaría sustentable.
- b) A identificación de zonas con potencial mineiro.
- c) A mellora da seguridade das explotacións mineiras e dos seus establecementos de beneficio.
- d) A harmonización da actividade extractiva co resto dos usos do solo dentro do marco da ordenación territorial, agraria e ambiental.
- e) O aproveitamento ordenado e sustentable dos recursos mineiros de maneira compatible coa protección do medio natural e co patrimonio cultural.
- f) A racionalización do emprego de recursos naturais e de residuos a través da implantación das mellores técnicas dispoñibles e a valorización.
- g) A promoción da investigación, o desenvolvemento e a innovación nas propiedades e aplicacións dos materiais, así como nos procesos de produción, tratamento e aproveitamento de subprodutos.

- h) A busca dunha maior vinculación da minaría coa mellora da economía das zonas nas que se sitúen as explotacións e o fomento da creación de emprego.
- i) O asesoramento, a información e a colaboración coas administracións locais, cos entes privados e coas organizacións empresariais e sindicais en cuestións relacionadas coas actividades mineiras e co desenvolvemento empresarial.
- j) A mellora da produtividade das empresas do sector mineiro e o apoio á implantación de industrias que permitan o pechamento de todos os ciclos de transformación dos materiais mineiros extraídos en Galicia.
- k) A máxima simplificación administrativa na tramitación dos expedientes mineiros.
- l) O carácter temporal da explotación mineira respecto da ordenación do territorio e dos usos do solo.

Artigo 13º.-Contido do Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia.

Sen prexuízo do contido establecido no artigo 23 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, o Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia conterà, en todo caso:

- a) Un diagnóstico da minaría en Galicia que inclúa referencias aos recursos existentes e en investigación, aos dereitos mineiros, aos efectos da minaría sobre o contorno económico, social e ambiental, á localización das explotacións, ao emprego no sector con indicación das condicións laborais existentes e ás repercusións ambientais máis relevantes das explotacións existentes.
- b) A coordinación cos instrumentos de protección ambiental e patrimonio cultural coa determinación dos ámbitos incompatibles con actividades extractivas polas necesidades de preservación dos ditos bens sociais.
- c) A fixación de obxectivos de desenvolvemento do sector tendo en conta os condicionamentos territoriais, agrarios e ambientais e o obxectivo de diversificación e pechamento do ciclo produtivo.
- d) As liñas de actuación e os programas específicos, nomeadamente os destinados a concellos mineiros, de acordo cos principios de actuación desta lei.
- e) Os instrumentos financeiros e de xestión para a execución do plan e as liñas directrices das medidas de fomento da minaría que deberán estar presididas polos obxectivos que fixa esta lei.
- f) As bases da investigación mineira para acadar unha extracción, preparación e posta en mercado eficientes e sustentables dos recursos minerais.
- g) As accións encamiñadas a mellorar a calidade do emprego no sector, incrementará a seguridade e potenciará a formación dos traballadores e das traballadoras, así como a incorporación de mulleres a un sector onde están infrarrepresentadas a través de políticas de acción positivas.
- h) A valoración económica das actuacións previstas.

Artigo 14º.-Participación da consellaría competente en materia de minas en instrumentos de planificación.

1. Para a elaboración de instrumentos de planificación con incidencia na minaría teranse en conta as solicitudes e os dereitos mineiros outorgados ou concedidos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, para o cal será obrigatorio solicitar

da consellaría competente en materia de minas un informe dos datos reflectidos no Rexistro Mineiro de Galicia.

2. Calquera prohibición contida nos instrumentos de ordenación sobre actividades incluídas na Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, e nesta lei deberá ser motivada e non poderá ser de carácter xenérico.

TÍTULO IV

DEREITOS MINEIROS

Artigo 15º.-Dereitos mineiros.

1. Os dereitos mineiros que se outorguen ou se soliciten no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia axustaranse ao disposto neste título.

2. Son dereitos mineiros regulados na lexislación específica mineira:

a) As autorizacións de aproveitamento de recursos da sección A).

b) As autorizacións e concesións de recursos da sección B).

c) Os permisos de exploración, os permisos de investigación e as concesións mineiras dos recursos C) e D).

3. Coas especialidades previstas nesta lei, establécese un procedemento unitario e integrado para o outorgamento de todos os dereitos mineiros no territorio da comunidade autónoma, con independencia do tipo de recurso e da actividade mineira desenvolvida.

Artigo 16º.-Órgano mineiro competente.

1. Sen prexuízo das funcións atribuídas ao Consello da Xunta de Galicia no artigo 4 desta lei, o órgano mineiro competente é a persoa titular da consellaría competente en materia de minas da Comunidade Autónoma de Galicia, a quen lle corresponde outorgar os dereitos mineiros, autorizar as súas modificacións, transmisións, renovacións e prórrogas, declarar a súa caducidade, así como realizar a convocatoria e a resolución dos concursos para a adxudicación de terreos non rexistrables.

2. O órgano mineiro competente velará para que o outorgamento dos dereitos mineiros respecte as prescricións da normativa mineira, ambiental, agraria e de ordenación do territorio, e calquera outra que resulte aplicable.

3. No caso de aproveitamentos inmediatos directamente asociados a proxectos de obras públicas e que non impliquen beneficio de recursos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia corresponderalle ao órgano competente para a aprobación do correspondente proxecto de construción, calquera que sexa o sistema de execución, a súa autorización, mediante o cumprimento das prescricións desta lei. Os ditos órganos notificaranlle á consellaría competente en materia de minas o comezo e remate dos traballos referidos, así como, anualmente, informarán das cantidades de materiais extraídos.

CAPÍTULO I

PROCEDEMENTO DE OUTORGAMENTO DOS DEREITOS MINEIROS

Artigo 17º.-Solicitudes de dereitos mineiros.

1. Toda solicitude de dereitos mineiros incluírá, polo menos, a seguinte documentación:

a) Un modelo normalizado de solicitude.

b) Unha memoria, que comprenderá o proxecto de exploración, investigación ou explotación e os proxectos de instalacións mineiras e procesos produtivos, cuxo contido se establecerá regulamentariamente.

c) Un informe de viabilidade e solvencia, que acredite que a persoa solicitante reúne os requisitos exixidos na lexislación mineira para poder ser titular de dereitos mineiros, especialmente a súa solvencia económica e técnica. A xustificación da solvencia económica do solicitante poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- Un informe de institucións financeiras.
- Tratándose de persoas xurídicas, unha presentación das contas anuais ou un extracto delas.
- Unha declaración relativa á cifra de negocios global e dos traballos mineiros realizados polo solicitante no curso dos cinco últimos anos.
- Calquera outra documentación considerada como suficiente polo órgano mineiro competente.

A solvencia técnica da persoa solicitante poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- Titulacións académicas e profesionais e experiencia dos cadros da empresa.
- Unha declaración dos medios materiais e do equipo técnico do que dispoñerá o solicitante para a execución do seu programa mineiro.
- Unha declaración sobre os efectivos persoais da empresa, na que se indicará, se é o caso, o grao de estabilidade no emprego deles e a importancia dos seus equipos directivos durante os últimos cinco anos.
- Calquera outra documentación establecida regulamentariamente.

d) No caso dos dereitos mineiros sometidos a avaliación ambiental, un estudo ambiental co contido establecido na lexislación vixente para a súa remisión ao órgano ambiental autonómico.

e) Un plan de seguridade e saúde laboral.

f) Un plan de restauración do espazo afectado polas actividades mineiras.

g) Un plan de cesamento de actividades mineiras.

h) Un calendario de execución e orzamento.

i) Plans.

j) Anexos.

k) Calquera outra documentación e información acreditativa do cumprimento de requisitos establecidos na lexislación sectorial aplicable.

2. Á solicitude dos dereitos mineiros acompañarase un resumo non técnico de todas as indicacións especificadas nos parágrafos anteriores, para facilitar a súa comprensión para efectos do trámite de información pública.

Artigo 18º.-Condicións especiais da solicitude de dereitos mineiros da sección A).

Ademais da documentación esixida no artigo 17 desta lei, a solicitude de dereitos mineiros da sección A) acompañarase da documentación que acredite o dereito ao aproveitamento cando o xacemento se atope en terreos de propiedade privada, de conformidade coa lexislación específica de minas. Cando o xacemento se atope en terreos de propiedade pública, será necesario o oportuno título habilitante da administración titular.

Artigo 19°.-Condições especiais da solicitude de dereitos mineiros da sección B). Ademais da documentación exixida no artigo 17 desta lei, a solicitude de dereitos mineiros sobre xacementos de orixe non natural, estruturas subterráneas e ocios resultantes de canteiras exixirá a declaración previa da súa cualificación como recursos da sección B), realizada polo órgano mineiro competente.

Artigo 20°.-Emenda das solicitudes.

Se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos sinalados nesta lei, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se lle terá por desistido da súa petición, logo de resolución motivada.

Artigo 21°.-Información pública.

1. Unha vez completada a documentación, de acordo co establecido nos artigos anteriores, abrírase un período de información pública que non será inferior a trinta días.
2. Simultaneamente, o órgano mineiro competente remitiralles copia do expediente ás demais administracións públicas para que se poidan pronunciar sobre as diferentes materias da súa competencia.

Artigo 22°.-Informe municipal preceptivo.

1. O concello que teña localizado o dereito mineiro no seu termo municipal emitirá un informe sobre as cuestións de competencia municipal. O devandito informe deberase emitir no prazo de dous meses desde a recepción do expediente.
2. No caso de non se emitir o informe no prazo sinalado, poderanse proseguir as actuacións. Se o informe é emitido fóra de prazo pero recibido antes do outorgamento dos dereitos mineiros, deberá ser valorado na súa resolución polo órgano mineiro competente.
3. Se o informe municipal fose desfavorable, con independencia do momento no que se emitiu, o órgano mineiro competente, no caso de desconformidade con aquel e excepcionalmente, elevaralle ao Consello da Xunta o expediente para a súa resolución motivada. A resolución adoptada polo Consello da Xunta determinará, se é o caso, o contido dos dereitos mineiros e adoptará as disposicións necesarias en relación co planeamento urbanístico e a protección ambiental.

Artigo 23°.-Informes autonómicos preceptivos.

O órgano mineiro competente remitiralles aos órganos ambiental, urbanístico e agrario da comunidade autónoma a solicitude de dereitos mineiros para que emitan informe preceptivo e determinante que acredite unha xestión mineira compatible co medio ambiente e co patrimonio cultural e coa planificación urbanística e territorial, así como coa ordenación agraria. Os devanditos informes deberanse emitir no prazo de dous meses desde a recepción do expediente.

Artigo 24°.-Compatibilidade de dereitos mineiros e con usos de interese público.

1. Se a solicitude dun dereito mineiro afectase un dereito mineiro preexistente ou outros usos de interese público, o órgano mineiro competente pronunciarase sobre a súa compatibilidade ou incompatibilidade, así como sobre a súa prevalencia, a través do procedemento que regulamentariamente se estableza.

2. Para iso terá en conta os seguintes criterios:

a) A viabilidade e o interese económico da solicitude, de acordo coa memoria presentada.

b) A súa incidencia no contorno natural e social, a paisaxe e o medio rural.

c) A súa repercusión sobre outras infraestruturas de interese público existentes no territorio afectado (parques eólicos, liñas eléctricas, gasodutos...).

3. Se considera que a solicitude é incompatible con outro dereito mineiro preexistente, o órgano mineiro competente ditará resolución motivada, que poñerá fin ao procedemento.

Artigo 25º.-Trámite de audiencia.

1. Unha vez emitidos os informes preceptivos a que se refiren os artigos anteriores, dáráselles audiencia aos interesados e ás interesadas para que formulen as alegacións ou acheguen as informacións e os documentos que estimen oportunos, no prazo máximo de quince días.

2. Se antes do vencemento do prazo os interesados e as interesadas manifestan a súa decisión de non efectuar alegacións nin achegar novos documentos ou xustificacións, terase por realizado o trámite.

Artigo 26º.-Resolución.

1. O órgano mineiro competente ditará a resolución que poña fin ao procedemento no prazo máximo de doce meses, e incorporará, se é o caso, os condicionamentos que resulten dos informes preceptivos.

2. A resolución outorgará ou denegará o dereito mineiro solicitado. Os dereitos mineiros poderanse denegar motivadamente nos seguintes casos:

a) A inadecuación da memoria e dos demais documentos presentados aos requisitos e condicións exixidos pola lexislación mineira.

b) A falta de acreditación da viabilidade dun aproveitamento racional dos recursos mineiros, en función da existencia de recurso natural mineral en cantidade e calidade.

c) O incumprimento dos requisitos subxectivos, ou a insuficiente acreditación da solvencia económica ou técnica do solicitante.

d) A inadecuación á normativa sectorial, de carácter urbanístico, ambiental, agraria ou outra, debidamente acreditada no expediente.

e) A incompatibilidade e a non prevalencia con outro dereito mineiro preexistente, ou con infraestruturas de interese público no territorio da comunidade autónoma.

3. A resolución que outorgue o dereito mineiro poderá impoñer as condicións necesarias para a súa adecuación ou compatibilidade con outros intereses dignos de protección. A dita resolución poderá incluír tamén, cos condicionamentos que se é o caso procedan, a autorización de entulleiras e de establecementos de beneficio, sempre e cando exista unha unidade produtiva e de localización física das instalacións.

4. Transcorrido o prazo máximo de doce meses sen que se notificase resolución expresa, poderase entender desestimada a solicitude.

Artigo 27º.-Notificación e publicidade.

1. O órgano mineiro competente notificaralles a resolución aos interesados, ao concello no que se localice o proxecto mineiro, aos distintos órganos que emitisen informes preceptivos e, se é o caso, aos demais órganos administrativos que resulten competentes.

2. O outorgamento dos dereitos mineiros publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

CAPÍTULO II

CONTIDO DOS DEREITOS MINEIROS

Artigo 28º.-Contido dos dereitos mineiros.

1. A resolución de outorgamento dun dereito mineiro terá o seguinte contido mínimo:

a) As condicións impostas polo órgano mineiro competente para o exercicio das actividades de exploración, investigación e explotación, así como para os establecementos de beneficio.

b) A súa extensión e delimitación. No caso de permisos de exploración, o órgano mineiro competente valorará que, dentro dos límites fixados pola lexislación específica de minas, a súa extensión non supere as catrocentas cuadrículas mineiras, tendo en conta as peculiaridades do territorio da comunidade autónoma, por razóns ambientais, agrarias, urbanísticas ou outras da súa competencia. No caso de permisos de investigación, a autoridade mineira non outorgará extensións superiores a quince cuadrículas mineiras, agás supostos excepcionais debidamente xustificadas e motivados por razón da tipoloxía do recurso que se investiga, das melloras técnicas dispoñibles, da súa natureza estratéxica ou do seu interese para a economía galega.

c) O seu prazo de vixencia e as condicións de renovación, se é o caso.

d) A constitución das garantías obrigatorias e do seguro de responsabilidade civil regulados nesta lei.

e) As prescricións que garantan, se é o caso, a protección dos recursos naturais.

f) As medidas relativas ao pechamento definitivo e abandono da explotación.

g) Calquera outra medida ou condición determinada pola lexislación sectorial aplicable.

2. Os dereitos mineiros conterán, ademais, cando así sexa exigible na normativa que resulte aplicable:

a) A declaración de impacto ambiental ou outras figuras de avaliación ambiental.

b) As condicións preventivas e de control necesarias en materia de accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas.

c) A xestión dos residuos de actividades extractivas e o seu transporte, cando se realicen dentro da propia explotación.

d) As condicións de actividade dos establecementos de beneficio vinculados ás actividades mineiras.

Artigo 29º.-Vixencia temporal dos dereitos mineiros.

As autorizacións mineiras para recursos das seccións A) e B) outorgaranse polo período previsto no proxecto de explotación correspondente, cun límite máximo de revisión das condicións do seu outorgamento cada dez anos. No caso da sección A), o tempo da duración da autorización non poderá exceder daquel para o que o petionario teña acreditado o dereito de aproveitamento. Os permisos de exploración outorgaranse por un prazo máximo dun ano. Os permisos de investigación outorgaranse por un período máximo de tres anos. As concesións de explotación mineiras outorgaranse por un período de trinta anos, e pódense prorrogar ata un máximo de setenta e cinco anos.

Artigo 30º.-Renovación e prórroga de dereitos mineiros.

1. Transcorrido o prazo máximo de vixencia dos permisos de exploración e dos permisos de investigación, estes poderán ser renovados e prorrogados por períodos

sucesivos, consonte o disposto na lexislación xeral. As concesións de explotación mineiras non poderán ser prorrogadas unha vez transcorrido o prazo máximo establecido no artigo anterior.

2. Cunha antelación mínima dun mes antes do vencemento do prazo de vixencia dos dereitos mineiros, agás no suposto de concesións de explotación onde o prazo será de doce meses, o titular de dereitos mineiros solicitará a súa renovación e prórroga, que se tramitará polo procedemento que se estableza regulamentariamente.

3. O titular dun permiso de investigación poderá prorrogar os traballos polo período que dure a tramitación do expediente de outorgamento da concesión derivada prevista na lexislación mineira. Con todo, o órgano mineiro competente poderá acordar a paralización temporal dos traballos mediante resolución motivada, ata que se resolva definitivamente o expediente.

Artigo 31º.-Dereitos de prioridade.

1. Os dereitos de prioridade que a lexislación mineira lles recoñece ás persoas titulares de determinados dereitos mineiros non supoñen o recoñecemento de dereitos consolidados ao seu outorgamento, mentres non se acredite a viabilidade do seu aproveitamento racional e a concorrencia dos requisitos exixidos na lexislación aplicable.

2. O órgano mineiro competente poderá limitar ou condicionar motivadamente o exercicio de tales dereitos de prioridade por razóns urbanísticas e de ordenación do territorio, agrarias, ambientais ou outras que sexan da súa competencia.

3. Os dereitos de prioridade deberanse exercitar, se é o caso, dentro dos prazos máximos regulados na lexislación mineira.

Artigo 32º.-Garantías financeiras.

1. A persoa titular dun dereito mineiro deberá constituír unha garantía suficiente no prazo dun mes, contado desde a notificación do seu outorgamento, e será responsable do seu mantemento nos termos sinalados nos epígrafes seguintes.

2. A contía da garantía corresponderá á suma de dous conceptos, un fixo e outro variable. En todo caso, o seu importe deberá ser actualizado segundo se determine regulamentariamente.

3. A garantía fixa responderá do cumprimento das obrigas de financiamento e da viabilidade dos traballos mineiros. O seu importe será do 4% do orzamento de financiamento, no caso dunha autorización de aproveitamento ou dunha concesión de explotación, e dun 20% para os permisos de exploración ou investigación.

4. A garantía variable responderá do cumprimento do Plan de restauración ambiental, e a súa contía determinarase de acordo cos seguintes criterios:

- a) Custo real de todos os traballos de restauración.
- b) Área afectada en cada ano de investigación ou de explotación.
- c) Calendario e programa de execución.
- d) Uso actual e previsto do solo.

O prazo da garantía fixarase en función de criterios técnicos derivados dos traballos mineiros e da execución do plan de restauración.

5. A garantía poderá constituírse por calquera das seguintes formas:

- a) Depósito en metálico ou en títulos de emisión pública, constituído na Caixa de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Mediante aval solidario e incondicionado prestado por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito ou establecementos financeiros de crédito autorizados para operar en España.

Artigo 33º.-Seguro de responsabilidade civil.

A persoa titular de calquera dereito mineiro deberá subscribir un seguro de responsabilidade civil no prazo de trinta días, contados desde a notificación da resolución de outorgamento, para facer fronte aos danos que lles poidan causar ás persoas, aos animais, aos bens ou ao medio ambiente. Se a persoa titular dun dereito mineiro contrata os labores que este implica, en todo ou en parte, cun terceiro, poderalle subrogar en todo ou en parte o contrato de seguro de responsabilidade civil ao explotador, do que lle dará conta á Administración mineira. A contía dos seguros será fixada e revisada polo órgano mineiro competente, de acordo cos riscos derivados dos labores de exploración, investigación ou explotación e, especialmente, da xestión dos residuos xerados pola explotación. Regulamentariamente estableceranse os riscos, os criterios e as condicións para fixar a contía que deberá cubrir o devandito seguro de responsabilidade civil e a súa revisión.

Artigo 34º.-Plan anual de labores.

Os titulares de dereitos mineiros das seccións A), C) e D) deberán presentar anualmente un plan de labores para a súa aprobación polo órgano mineiro competente. O plan de labores deberá ser cumprimentado e asinado polo director facultativo. Regulamentariamente establecerase o procedemento para a aprobación do plan de labores e o seu alcance, o contido e os efectos.

CAPÍTULO III CONCURSOS DE DEREITOS MINEIROS

Artigo 35º.-Convocatoria de concursos de dereitos mineiros.

1. Os terreos francos resultantes do levantamento dunha zona de reserva ou a declaración de caducidade dun permiso de exploración, dun permiso de investigación ou dunha concesión mineira poderán ser declarados rexistrables unha vez realizado o necesario concurso público previsto na lexislación específica mineira.
2. As convocatorias terán o seguinte contido mínimo:
 - a) A documentación que debe presentar o solicitante, que será, polo menos, a seguinte:
 - A que acredite que reúne os requisitos establecidos para ser titular de dereitos mineiros.
 - A que acredite a constitución dunha fianza provisional.
 - b) A designación do terreo que se pretende, o lugar e a superficie do xacemento ou o recurso mineiro obxecto do concurso.
 - c) Os requisitos de viabilidade e solvencia técnica.
 - d) A metodoloxía e técnica mineira requiridas.
 - e) O investimento mínimo necesario.
 - f) O prazo de execución dos traballos.

3. O concurso adxudicaráselle ao solicitante que, no seu conxunto, formule a proposta máis vantaxosa a xuízo do órgano mineiro competente, podendo declararse deserto.

4. Se despois de realizado o concurso quedasen aínda terreos non adxudicados, poderán ser declarados francos e rexistrables pola Administración mineira, e débese publicar esa declaración no Diario Oficial de Galicia.

CAPÍTULO IV

COORDINACIÓN CON OUTRAS LEXISLACIÓNS SECTORIAIS

Artigo 36º.-Coordinación administrativa.

O outorgamento dos dereitos mineiros farase en coordinación coas demais autorizacións substantivas ou licenzas que sexan obrigatorias, entre outras, a licenza municipal de actividades clasificadas e as autorizacións ou concesións que se deban exixir para a ocupación ou utilización do dominio público, de conformidade coa normativa que resulte aplicable.

Artigo 37º.-Coordinación co procedemento de avaliación ambiental.

1. Non se poderán outorgar dereitos mineiros sen que previamente se ditase a declaración ambiental, cando sexa necesaria de conformidade coa lexislación vixente.

2. Para estes efectos, o órgano ambiental competente, en canto formule a declaración ambiental, remitiralle unha copia dela ao órgano mineiro, que deberá incorporar o seu condicionado ao contido dos dereitos mineiros.

Artigo 38º.-Coordinación co réxime aplicable en materia de licenzas urbanísticas e actividades clasificadas.

1. O exercicio dos dereitos mineiros estará condicionado ao outorgamento das licenzas municipais urbanísticas e de actividades clasificadas, de conformidade coa normativa aplicable.

2. Para estes efectos, o concello no que estea localizado o dereito mineiro deberase pronunciar sobre a viabilidade do proxecto mineiro no informe que lle deberá remitir ao órgano mineiro competente durante a tramitación dos dereitos mineiros.

TÍTULO V

FOMENTO DA MINARÍA

CAPÍTULO I

INVESTIGACIÓN, FORMACIÓN, DIFUSIÓN SOCIAL DA ACTIVIDADE MINEIRA E PATRIMONIO XEOMINEIRO

Artigo 39º.-Investigación.

1. A Xunta de Galicia, no marco do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, promoverá o desenvolvemento da investigación científica e técnica, a experimentación e os estudos en materia mineira e de recursos mineiros que permitan dispoñer dos coñecementos científicos e técnicos necesarios para a mellora do aproveitamento dos recursos mineiros, a minimización dos residuos, a protección ambiental e o pechamento dos ciclos produtivos, así como a mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo.

2. De conformidade co establecido na alínea anterior, a Xunta de Galicia establecerá

directamente ou en colaboración con entidades públicas ou privadas os mecanismos que conduzan a acadar os fins de investigación sinalados.

Artigo 40º.-Formación.

A Xunta de Galicia fomentará, en colaboración coas empresas, organizacións sindicais e entidades representativas do sector mineiro de Galicia, a reciclaxe e o perfeccionamento dos traballadores e das traballadoras do sector, mediante as medidas e actuacións que regulamentariamente se establezan, que preverán a participación dos axentes sociais no seu deseño, execución e avaliación.

Artigo 41º.-Difusión social da actividade mineira e patrimonio xeomineiro.

1. A Xunta de Galicia impulsará, en colaboración cos axentes científicos, coas organizacións sindicais e coas entidades representativas do sector mineiro de Galicia, a difusión da actividade mineira entre a sociedade.

2. A Xunta de Galicia promoverá as medidas axeitadas para garantir a conservación, o mantemento e a recuperación da documentación mineira.

CAPÍTULO II INCENTIVOS ECONÓMICOS

Artigo 42º.-Principios xerais.

1. A consellaría competente en materia de minaría, de acordo coas orientacións e prioridades do Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia, concretará un plan estratéxico previo os incentivos económicos, os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución e os custos previsibles.

2. A xestión dos incentivos económicos realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos e eficiencia na asignación de recursos públicos.

3. As axudas á minaría deberán ir dirixidas á mellora das condicións de traballo e á formación dos traballadores e das traballadoras, a conseguir un aproveitamento eficiente dos recursos, á redución do impacto sobre o medio e á valorización endóxena dos recursos, para o que se territorializará a cadea de valor.

4. Serán obxecto das axudas:

a) A innovación e investigación tecnolóxica.

b) O mantemento do emprego e a mellora das condicións de seguridade laboral e da formación dos traballadores e das traballadoras, así como da cualificación do emprego.

c) A protección ambiental e a redución do consumo de recursos e da produción de residuos.

d) O pechamento dos ciclos produtivos, a diversificación económica e o impulso das redes de comercialización e internacionalización das empresas mineiras.

e) A investigación xeolóxica mineira.

5. A cooperación entre axentes interesados na realización ou promoción de calquera destas actividades será obxecto de atención preferente.

Artigo 43º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarias das axudas tanto as persoas titulares dos dereitos mineiros coma aquelas persoas naturais ou xurídicas ás que aqueles lles cedesen a súa explotación nas condicións que regulamentariamente se estableza, así como os organismos de investigación e tecnolóxicos especializados en campos científicos e tecnolóxicos relevantes para a actividade mineira, as asociacións e cooperativas dos sectores produtivos relacionados coa minaría e os particulares ou empresas que realicen estudos ou presten servizos no sector da minaría.
2. Non poderán obter a condición de beneficiarias aquelas persoas ou entidades que incorran nalgunha das causas de prohibición previstas na lexislación vixente en materia de axudas públicas nin as empresas que carezan dos permisos administrativos pertinentes para o exercicio da súa actividade.

Artigo 44º.-Exclusións.

Non serán obxecto de axudas os traballos, as obras ou os estudos que veñan impostos como consecuencia da obriga de restauración, nin os que deriven da reparación dos danos causados por unha actuación que fose obxecto dunha sanción.

CAPÍTULO III CONCELLOS MINEIROS

Artigo 45º.-Dos concellos mineiros.

1. O Consello da Xunta de Galicia, por solicitude dos concellos afectados, poderá declarar como concellos mineiros aqueles nos que exista ou existise unha dependencia da minaría para a súa economía.
2. Os concellos mineiros serán obxecto de medidas e plans de actuación específicos, de acordo coas previsións do Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia, de adaptación das infraestruturas ás súas necesidades, de mellora ambiental e seguridade e de diversificación do tecido produtivo. A Xunta de Galicia impulsará a subscripción de convenios cos concellos mineiros, que regularán as formas de asistencia e cooperación técnica e financeira.

TÍTULO VI DISCIPLINA MINEIRA

CAPÍTULO I INSPECCIÓN MINEIRA

Artigo 46º.-Inspección de minas.

1. Correspóndelle á Xunta de Galicia, a través da consellaría competente en materia de minas, realizar as comprobacións necesarias e pedir a documentación e a información necesaria para o seguimento e a vixilancia das declaracións ambientais, así como comprobar o cumprimento da normativa mineira aplicable ás actividades incluídas no ámbito de aplicación desta lei, de oficio ou por instancia de parte interesada, así como das condicións de seguridade de calquera outra actividade que utilice técnicas mineiras, sen prexuízo do establecido na normativa vixente en materia de riscos laborais.

2. A inspección das actividades incluídas no ámbito de aplicación desta lei, así como da normativa en materia de prevención de riscos laborais respecto das actividades que impliquen o emprego de técnica mineira, será realizada por funcionarios ou funcionarias que ocupen postos de traballo que teñan atribuído o exercicio das funcións de inspección e que estean adscritos a órganos administrativos con competencia para o control ou a inspección en materia mineira.

3. Para o desempeño da función inspectora, a autoridade mineira poderá establecer mecanismos de colaboración con órganos ou administracións que teñan atribuídas competencias e responsabilidades no ámbito laboral.

Artigo 47º.-Facultades.

O funcionario ou a funcionaria que, de conformidade co establecido no artigo anterior, realice a inspección de minas ten no exercicio das súas funcións o carácter de autoridade pública e estará autorizado para:

a) Acceder libremente, en calquera momento, acreditándose axeitadamente, ás explotacións mineiras, aos seus establecementos de beneficio ou lugares nos que se realice algún tipo de actividade mineira e a permanecer neles, debéndolles comunicar ao empresario ou aos seus representantes a súa presenza, salvo que estes estean abandonados ou presenten signos, a criterio do actuante, que manifesten a falta de utilización habitual.

b) Practicar todas as dilixencias e requirir a información e documentación necesarias para comprobar que se cumpren as disposicións legais e regulamentarias, así como obter copias e extractos dela.

c) Tomar mostras ou obter calquera outra evidencia no soporte que sexa adecuado na presenza do empresario ou da empresaria ou da persoa responsable do establecemento, agás que a apreciación motivada das circunstancias poida requirir a súa obtención na súa ausencia.

Artigo 48º.-Das actas.

1. As actividades inspectoras documentaranse mediante actas que estarán dotadas de presunción de certeza respecto dos feitos reflectidos nelas que fosen constatados polo inspector sen prexuízo das probas en contrario. O seu contido axustarase ao previsto nesta lei e aos modelos regulamentarios.

2. As actas estenderanse por duplicado e deberaas asinar o funcionario ou a funcionaria actuante, e, cando o desexe, o titular, explotador ou responsable do establecemento. A negativa a asinar farase constar na acta. A sinatura acreditará o coñecemento da acta e do seu contido.

3. Nas actas de infracción deberanse reflectir, en todo caso, os seguintes extremos:

a) A identificación dos suxeitos actuantes, a data e o lugar das actuacións.

b) Os feitos constatados polo funcionario actuante, dos que destacará os relevantes para efectos de tipificación das infraccións e de graduación das sancións.

c) As manifestacións dos interesados.

d) Os medios e as mostras obtidos para a comprobación dos feitos.

e) As medidas adoptadas.

f) A infracción ou as infraccións supostamente cometidas, con expresión do precepto vulnerado.

- g) A proposta de sanción, a súa graduación e cuantificación.
- h) O órgano competente para impoñer a sanción e a norma que lle atribúa tal competencia.

Artigo 49º.-Medidas derivadas da actividade inspectora.

Finalizada a actividade de comprobación, o funcionario ou a funcionaria que realízase a inspección poderá adoptar as seguintes medidas:

- a) Requirir a persoa responsable, cando as circunstancias así o aconsellen, para que adopte, no prazo que se sinala, as medidas correctoras oportunas. Desta actuación dará conta ao órgano competente en materia de seguridade mineira.
- b) Propoñer a iniciación do procedemento sancionador, mediante a extensión das actas de infracción.
- c) Ordenar, por escrito, a suspensión inmediata dos traballos ou das tarefas que se estivesen a desenvolver de concorrer grave e inminente risco para a seguridade ou saúde dos traballadores. A dita medida, que será inmediatamente executiva, será comunicada tanto ás persoas responsables coma ao órgano competente en materia de seguridade mineira e á autoridade laboral. A orde de suspensión, que deberá ser ratificada, no prazo máximo de dous días hábiles, no seo do correspondente procedemento sancionador e pola autoridade que teña competencia para acordar a súa iniciación, poderá ser levantada pola autoridade mineira tan pronto coma se corrixan as deficiencias que a motivaron.

CAPÍTULO II

RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 50º.-Responsables.

1. Serán suxeitos responsables das infraccións as persoas físicas ou xurídicas que incorran nelas, e, en particular:
 - a) A persoa explotadora efectiva do recurso mineiro e, se é o caso, o titular dos dereitos de aproveitamento mineiro.
 - b) O subcontratista do explotador efectivo.
 - c) A dirección facultativa, no ámbito das súas respectivas funcións.
2. No caso de existir máis dunha persoa responsable da infracción, as sancións que se impoñan terán entre si carácter independente.
3. Cando en aplicación desta lei dúas ou máis persoas resulten responsables dunha infracción e non fose posible determinar o seu grao de participación, serán solidariamente responsables para os efectos das sancións que deriven.

Artigo 51º.-Competencia sancionadora.

1. Os expedientes sancionadores incoaranos as delegacións provinciais da consellería competente en materia de minas.
2. A competencia para sancionar as infraccións en materia de minaría corresponderalles:
 - a) Nas infraccións leves: ao titular da delegación provincial competente.
 - b) Nas infraccións graves: ao titular da dirección xeral competente en materia de minas.
 - c) Nas infraccións moi graves: ao titular da consellería competente en materia de minas.

Artigo 52º.-Procedemento sancionador.

1. O procedemento para a imposición de sancións axustarase ás normas xerais aplicables sen prexuízo de que regulamentariamente se establezan especialidades de procedemento.

2. O prazo para resolver e notificar o procedemento sancionador será de doce meses, contado desde a data da notificación da súa iniciación. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se ditase resolución, producirase a caducidade do procedemento. No caso de que a infracción non prescribise, deberase iniciar un novo procedemento sancionador.

Artigo 53º.-Medidas cautelares.

1. Nos supostos nos que exista un risco grave ou inminente para as persoas, os bens ou o medio ambiente, o órgano competente para a incoación do expediente poderá ordenar motivadamente en calquera momento a adopción de cantas medidas cautelares resulten necesarias. En particular, poderanse acordar as seguintes:

- a) Medidas de corrección, seguridade ou control que impidan a continuidade na produción do dano.
- b) Precinto de aparatos, equipos ou vehículos.
- c) Prestación de fianzas.
- d) Suspensión temporal da autorización para o exercicio da actividade.
- e) Limitación ou prohibición da comercialización de produtos.

2. A adopción das medidas cautelares levarase a cabo, logo de audiencia do interesado, nun prazo de cinco días, agás nos casos que requiran unha actuación inmediata, nos que poderán ser adoptadas polos inspectores de minas e deberán ser ratificadas polo delegado provincial con audiencia ás partes.

3. As medidas de suspensión temporal da actividade da empresa entenderanse sen prexuízo dos intereses dos traballadores e das traballadoras, nos termos previstos na lexislación laboral e de Seguridade Social, e da obriga da empresa de realizar un mantemento eficaz da explotación mineira.

Artigo 54º.-Prescripción.

1. As infraccións ás que se refire esta lei prescribirán nos seguintes prazos:

- Dous anos, no caso de infraccións leves.
- Tres anos, no caso de infraccións graves.
- Cinco anos, no caso de infraccións moi graves.

2. O cómputo do prazo de prescripción das infraccións iniciarase na data na que se cometese a infracción ou, se se trata dunha actividade continuada, na data do seu cesamento.

3. As sancións ás que se refire esta lei prescribirán nos seguintes prazos:

- Un ano, no caso de sancións por infraccións leves.
- Tres anos, no caso de sancións por infraccións graves.
- Cinco anos, no caso de sancións por infraccións moi graves.

Artigo 55º.-Concurrencia de sancións.

1. Cando as condutas constitutivas de infracción supoñan incumprimento da normativa en materia de seguridade industrial ou de prevención de riscos laborais sancionaranse de acordo con ela.

2. As vinculacións do procedemento sancionador en materia mineira coa orde xurisdiccional penal axustaranse ao disposto no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

CAPÍTULO III

INFRACCIÓNS, SANCIÓNS E MEDIDAS ACCESORIAS

Artigo 56º.-Infraccións.

Sen prexuízo das infraccións tipificadas na Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, constitúen infraccións administrativas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, as accións ou omisións que contraveñan as obrigas establecidas nesta lei.

Artigo 57º.-Infraccións leves.

Son infraccións leves:

- a) O incumprimento das obrigas de carácter formal ou documental previstas na normativa de seguridade mineira do que non derive risco laboral ou ambiental.
- b) A inobservancia dos requirimentos da inspección de minas, sempre que se refirisen a condicións de seguridade mineira que non supuxesen dano derivado do traballo ou danos ambientais.
- c) Calquera outra que supoña inobservancia das obrigas comprendidas nesta lei e que non estea tipificada como infracción grave ou moi grave nos artigos seguintes.

Artigo 58º.-Infraccións graves.

Son infraccións graves:

- a) O incumprimento de obrigas de carácter formal ou documental que impidan coñecer as condicións de seguridade existentes no establecemento ou do que derive risco laboral grave para a saúde e seguridade dos traballadores ou para o medio ambiente.
- b) A inobservancia dos requirimentos realizados ou a demora na instalación dos elementos correctores impostos pola inspección de minas ou polos órganos competentes na materia, referidas a condicións de seguridade mineira, que lles ocasionasen dano ás persoas, ás cousas ou ao medio ambiente.
- c) A demora no cumprimento total das condicións de seguridade exixibles.
- d) O incumprimento dos deberes inherentes á súa función por parte dos directores facultativos.
- e) Non lle dar conta, en tempo e forma, ao órgano competente en materia de seguridade mineira dos accidentes de traballo graves, moi graves ou mortais ou de incidentes que comprometan gravemente a seguridade dos traballos ou das instalacións ocorridos nestas.
- f) A obstrución ou negativa a colaborar coa inspección de mina.
- g) O incumprimento das condicións de outorgamento dos dereitos mineiros, sen prexuízo da súa caducidade, revogación ou suspensión.
- h) A utilización de instrumentos, maquinaria ou materiais que non cumpran as normas exixibles.
- i) A expedición, de forma intencionada, de certificados ou informes que non se axusten aos resultados das comprobacións ou inspeccións realizadas.

- j) O incumprimento das obrigas de reacondicionamento do espazo natural afectado por actividades mineiras.
- k) O incumprimento das previsións contidas no plan de restauración do dereito mineiro.
- l) A denegación da información solicitada pola autoridade mineira competente cando a súa entrega sexa preceptiva.
- m) A sanción por tres infraccións leves, xa sexa polo mesmo feito ou por feitos diferentes, calquera que sexa a súa natureza no prazo dun ano.

Artigo 59º.-Infraccións moi graves.

Son infraccións moi graves:

- a) A exploración, investigación e explotación de recursos mineiros ou a apertura de establecementos de beneficio sen a obtención da correspondente autorización, permiso ou concesión.
- b) As tipificadas como infraccións graves no artigo anterior, cando delas resulte un dano moi grave ou un risco alto e inminente para a seguridade das persoas, dos bens ou do medio ambiente.
- c) A concorrencia na comisión de tres infraccións graves, xa sexa polo mesmo feito ou por feitos diferentes, calquera que sexa a súa natureza.

Artigo 60º.-Sancións.

1. As infraccións tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas:

- a) As infraccións leves, con multa desde 1 ata 30.000 euros.
- b) As infraccións graves, con multa desde 30.001 ata 300.000 euros.
- c) As infraccións moi graves, con multa desde 300.001 ata 1.000.000 de euros.

2. Malia o expresado na alínea anterior, cando a consecuencia da infracción se obtéña un beneficio económico cuantificable, a multa poderá acadar ata o cuádruplo do beneficio obtido, co límite, no caso das infraccións leves e graves, da máxima sanción correspondente ao grao inmediatamente superior.

3. A contía das sancións graduarase atendendo a criterios de proporcionalidade.

4. A comisión dunha falta moi grave polo director facultativo poderá levar aparellada a inhabilitación para o exercicio das funcións de director ou directora facultativo de actividades mineiras, por un período máximo dun ano no ámbito territorial de Galicia. No suposto de reincidencia pola comisión de infraccións moi graves, a sanción poderá consistir na inhabilitación para o exercicio desas funcións por un período de cinco anos no ámbito territorial de Galicia.

5. A comisión dunha infracción grave ou moi grave poderá levar aparellada a imposibilidade de obtención de axudas ou subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de minaría durante os seguintes prazos:

Infraccións graves: ata tres anos.

Infraccións moi graves: ata cinco anos.

Artigo 61º.-Graduación das sancións.

Sen prexuízo dos criterios de graduación de sancións establecidos na lexislación de procedemento administrativo aplicable, as sancións graduaranse, ademais, considerando os seguintes criterios:

- a) O risco resultante da infracción para a vida e a seguridade das persoas, dos bens e do medio ambiente.

- b) O carácter permanente ou transitorio dos riscos inherentes ás ditas actividades.
- c) A gravidade dos danos e perdas producidos e a súa natureza.
- d) O grao de participación e o beneficio obtido.
- e) A intencionalidade na comisión da infracción.
- f) O número de traballadores ou traballadoras afectados.
- g) As medidas de protección individual ou colectiva adoptadas polo empresario e as instrucións impartidas por este en vistas á prevención dos riscos.
- h) O incumprimento de advertencias ou requirimentos previos da inspección de minas.
- i) A inobservancia das propostas realizadas polos delegados ou polas delegadas ou polos comités de seguridade da empresa ou do centro de traballo para a corrección das deficiencias existentes.

Artigo 62º.-Reparación de danos.

Sen prexuízo da sanción administrativa que se impoña, a persoa infractora estará obrigada a reparar os danos e as perdas causados co obxecto de restaurar e repór os bens alterados ao seu estado anterior.

Artigo 63º.-Multas coercitivas.

1. Cando a persoa infractora non cumpra coa obriga imposta no artigo anterior ou o faga de forma incompleta, poderanlle ser impostas multas coercitivas. A contía de cada unha das ditas multas non superará o 20% da sanción fixada para a infracción correspondente, sen prexuízo da posible execución subsidiaria pola propia administración a cargo daquela.
2. As multas coercitivas serán independentes e compatibles coas que se impuxesen ou se puidesen impoñer como sanción pola infracción cometida.

Artigo 64º.-Suspensión temporal ou caducidade.

1. A comisión dunha falta grave poderá levar aparelhada a suspensión temporal con clausura da explotación por un prazo non superior a dous meses.
2. A comisión dunha falta moi grave, ou das faltas graves nas que expresamente así se indica, poderá levar aparelhada a suspensión temporal das actividades da empresa por un prazo entre dous meses a un ano ou o inicio do expediente de caducidade do dereito mineiro. Estas medidas deberán ser executadas, en todo caso, mediante resolución motivada pola autoridade competente para outorgar os dereitos mineiros.

Artigo 65º.-Publicidade.

O órgano que exerza a potestade sancionadora fará constar na resolución correspondente a necesidade de proceder á publicación no Diario Oficial de Galicia e a través dos medios de comunicación social que considere oportunos das infraccións graves e moi graves cometidas, así como das sancións impostas, coa inclusión dos nomes e apelidos ou da razón social das persoas físicas ou xurídicas responsables, sempre que tivesen adquirido xa o carácter de firmes en vía administrativa ou xudicial.

Disposición adicional

Primeira.-Atribución de competencias.

A Xunta de Galicia ditará as normas de organización administrativa para lles atribuír aos órganos administrativos idóneos as competencias que exerza a Comunidade Autónoma de Galicia en materia de minas, respecto das cales a lexislación mineira estatal aplicable lles atribúa de forma explícita a órganos da administración estatal as funcións para a realización delas.

Segunda.-Normas de procedemento.

En todos aqueles aspectos non regulados nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, os procedementos en materia mineira rexeranse polas normas contidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceira.-Inspección.

Os funcionarios ou as funcionarias que desempeñen a función inspectora en materia de prevención de riscos laborais deberán posuír formación nesta materia.

Cuarta.-Fianza ambiental.

As garantías financeiras previstas para as actividades mineiras sometidas a esta lei substitúen a fianza ambiental regulada no Decreto 455/1996, do 7 de novembro.

Disposición transitoria Única.-Expedientes administrativos de regularización non resoltos.

Os expedientes administrativos de regularización de explotacións mineiras, actividades extractivas de recursos minerais e de establecementos de beneficio vinculados ás actividades mineiras iniciados e non resoltos na data de entrada en vigor desta lei deberán ser remitidos, no prazo máximo de dous meses, contado desde esa data, á consellaría competente en materia de minas para continuar a súa tramitación consonte o disposto na disposición transitoria décimo segunda da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que se modifica na disposición derradeira segunda desta lei.

Disposición derogatoria Única.-

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto nesta lei, e, en especial, o Decreto 56/1985, do 21 de marzo, polo que se crea o Comité Consultivo da Minería de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Modificación da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Engádesse un novo punto no anexo I da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento

mento administrativo común, dentro dos procedementos da Consellería de Industria e Comercio (hoxe Consellería de Innovación e Industria) co seguinte teor:

«Tipo de procedemento: expediente sancionador ou de caducidade en materia de minas. Prazo de duración: doce meses. Normativa reguladora: Lei de ordenación da minaría de Galicia».

Segunda.-Modificación da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

1. Modifícase o artigo 36 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que queda redactado como segue:

«O réxime do solo rústico de protección ordinaria ten por finalidade garantir a utilización racional dos recursos naturais e o desenvolvemento urbanístico sustentable. Estará sometido ao seguinte réxime: 1º Usos permitidos por licenza municipal: os relacionados na alínea 1, letras b), c) e e), e na alínea 2, letras f) e i), do artigo 33 desta lei.

2º Usos autorizables pola comunidade autónoma: o resto dos usos relacionados no artigo 33 desta lei, así como os que se poidan establecer a través dos instrumentos previstos na lexislación de ordenación do territorio, sempre que non impliquen a transformación urbanística do solo.

A Comunidade Europea, co fin de promover a harmonización no progreso das condicións de seguridade e saúde dos traballadores dos Estados membros, aprobou a Directiva 89/391/CEE, do Consello, do 12 de xuño, transposta ao noso ordenamento xurídico mediante a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, a cal, no seu artigo 16, apartado 1, prevé a adopción de directivas específicas en distintos ámbitos.

Este Real Decreto ten por obxecto a transposición da Directiva 92/104/CEE, do Consello, do 3 de decembro, relativa ás disposicións mínimas destinadas a mellorar a protección en materia de seguridade e de saúde dos traballadores nas industrias extractivas a ceo aberto ou subterráneas, ás que se aplican plenamente as disposicións da devandita Lei de Prevención de Riscos Laborais, así como as contidas nos regulamentos citados, no que non se opoña ás disposicións máis esixentes ou específicas deste Real Decreto.

Na súa virtude, a proposta do Ministro de Industria e Enerxía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación previa do Consello de Ministros na súa xuntanza do día 5 de setembro de 1997,

DISPOÑO

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto.

1. Este Real Decreto ten por obxecto establecer as disposicións mínimas destinadas a mellorar a protección en materia de seguridade e saúde dos traballadores das actividades mineiras definidas no parágrafo a) do artigo 2.
2. As disposicións da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, aplicaranse plenamente no ámbito establecido no artigo 2.

Quedan excluídas do campo de aplicación deste Real Decreto as actividades de transformación de substancias minerais, así como as industrias extractivas por sondaxes, reguladas polo artigo 109 do Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira, modificado polo Real Decreto 150/1996, do 2 de febreiro.

Artigo 2. Definicións.

Para os efectos deste Real Decreto, entenderase por:

a) Industrias extractivas a ceo aberto ou subterráneas: todas as industrias que realicen algunha das seguintes actividades:

1ª. De extracción propiamente dita de substancias minerais ao aire libre ou baixo terra, mesmo por dragado.

2ª. De prospección con vistas á dita extracción.

3ª. De preparación para a venda das materias extraídas, excluídas as actividades de transformación das ditas substancias.

4ª. De perforación ou escavación de túneles ou galerías, calquera que sexa a súa finalidade, sen prexuízo do establecido na normativa relativa ás condicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

b) Lugares de traballo: o conxunto dos lugares en que se teñan que implantar os postos de traballo relativos ás actividades e instalacións relacionadas directa ou indirectamente coas industrias extractivas a ceo aberto ou subterráneas, mesmo os depósitos de estéril, entullos e outras zonas de almacenamento e, se é o caso, os aloxamentos aos que os traballadores teñan acceso por mor do seu traballo.

CAPÍTULO II

Obrigas do empresario

Artigo 3. Obrigas xerais.

1. Co fin de garantir a seguridade e a saúde dos traballadores, o empresario deberá tomar as medidas necesarias para que:

a) Os lugares de traballo sexan deseñados, construídos, equipados, postos en servizos, utilizados e mantidos de forma que os traballadores poidan efectuar as tarefas que se lles encomenden sen comprometeren a súa seguridade, nin a súa saúde, nin as dos demais traballadores.

b) O funcionamento dos lugares de traballo en que haxa traballadores conte coa supervisión dunha persoa responsable.

c) Os traballos que impliquen un risco específico soamente se encomenden a traballadores competentes e os ditos traballos se executen conforme ás instrucións dadas.

d) Todas as instrucións de seguridade sexan comprensibles para todos os traballadores afectados.

e) Existan instalacións axeitadas para os primeiros auxilios.

f) Se realicen as prácticas de seguridade precisas a intervalos regulares.

2. O empresario asegurase de que se elabore e manteña ao día un documento sobre a seguridade e a saúde, denominado en diante “documento sobre seguridade e saúde”, que recolla os requisitos pertinentes establecidos nos capítulos III e V da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.

O documento sobre seguridade e saúde dos traballadores deberá demostrar, en particular:

- a) Que os riscos a que se expoñen os traballadores no lugar de traballo foron identificados e avaliados.
- b) Que se van tomar as medidas axeitadas para alcanzar os obxectivos fixados nesta disposición.
- c) Que a concepción, a utilización e o mantemento do lugar de traballo e dos equipos son seguros.

Este documento estará a disposición das autoridades laboral e sanitaria así como dos delegados de prevención como representantes dos traballadores en materia de seguridade e saúde.

O documento sobre seguridade e saúde deberá estar preparado antes do comezo do traballo e deberá ser revisado no caso de que se realicen modificacións, ampliacións ou transformacións importantes nos lugares de traballo.

3. Cando estean nun mesmo lugar de traballo traballadores de varias empresas, cada empresario será responsable de todos os aspectos que estean baixo o seu control, agás o establecido nas disposicións vixentes para os supostos de subcontratación.

O empresario titular do centro de traballo coordinará a aplicación de todas as medidas relativas á seguridade e saúde dos traballadores, precisará, no documento sobre seguridade e saúde, o obxecto, as medidas e as modalidades de aplicación da dita coordinación e vixiará o seu cumprimento por parte dos demais empresarios que teñan actividade no centro.

A coordinación non afectará á responsabilidade dos distintos empresarios individuais e traballadores autónomos prevista pola normativa vixente.

4. O empresario deberá informar, dentro das vinte e catro horas seguintes, á autoridade mineira competente en todos os accidentes mortais e graves que se produzan e de calquera situación de perigo grave, sen prexuízo de calquera outra obriga de comunicación ou notificación que lle imponha a lexislación laboral vixente.

Se for preciso, o empresario actualizará o documento sobre seguridade e saúde dando conta das medidas tomadas para evitar unha repetición.

Artigo 4. Protección contra incendios, explosións e atmosferas nocivas.

O empresario deberá tomar as medidas e precaucións apropiadas ao tipo de explotación para:

- a) Previr, detectar e combater o inicio e a propagación de incendios e explosións, e
- b) Evitar a formación de atmosferas explosivas ou nocivas para a saúde.

Artigo 5. Medios de evacuación e salvamento.

O empresario velará pola existencia e mantemento dos medios de evacuación e de salvamento axeitados, a fin de que os traballadores, en caso de perigo, poidan evacuar os lugares de traballo sen dificultade, rapidamente e con total seguridade.

Artigo 6. Sistemas de comunicación, alerta e alarma.

O empresario deberá tomar as medidas necesarias para fornecer os sistemas de alarma e outros medios de comunicación precisos que permitan, cando sexa preciso, a inmediata posta en marcha das operacións de socorro, evacuación e salvamento.

Artigo 7. Información aos traballadores.

1. Sen prexuízo do establecido nos artigos 18, 36 e 38 da Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais, os traballadores ou os seus representantes serán informados de todas as medidas que se vaian adoptar en materia de seguridade e saúde nos lugares de traballo, en especial das relacionadas coa aplicación dos artigos 3 a 6 desta disposición.

2. A información deberá ser comprensible para os traballadores de que se trate.

Artigo 8. Vixilancia da saúde.

1. O empresario garantirá a axeitada vixilancia da saúde dos traballadores en función dos riscos relativos á súa seguridade e a súa saúde no traballo, coa extensión e as condicións establecidas no artigo 22 da Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais, e no Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, sobre o Regulamento dos Servizos de Prevención de Riscos Laborais, e as administracións públicas establecerán os medios axeitados para a avaliación e control das actuacións de carácter sanitario que se realicen nas empresas, a través das accións sinaladas no capítulo IV do Título I da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade.

2. As medidas establecidas no apartado anterior permitirán que cada traballador teña dereito a se beneficiar ou deba ser obxecto dunha vixilancia da súa saúde, antes de ser destinado a tarefas relacionadas coas actividades que se citan no artigo 2 e posteriormente a intervalos regulares, de acordo co establecido na lexislación vixente, convenios colectivos e acordos de empresa.

3. As actividades e servizos de vixilancia da saúde a que se refire este artigo poderán manter a colaboración co Sistema Nacional de Saúde, conforme ao establecido no artigo 38 do Regulamento dos Servizos de Prevención de Riscos Laborais, aprobado polo Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro.

Artigo 9. Consulta e participación dos traballadores.

A consulta e a participación dos traballadores e os seus representantes sobre as condicións a que se refire este Real Decreto terán lugar de conformidade co establecido no capítulo V da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.

Artigo 10. Disposicións mínimas de seguridade e saúde.

Os lugares de traballo utilizados por primeira vez, así como as modificacións, ampliacións ou transformacións que se realicen nos xa existentes, con posterioridade á entrada en vigor desta disposición, deberán cumprir as disposicións mínimas de seguridade e saúde establecidas no anexo deste Real Decreto.

Disposición transitoria primeira. Prazo de adecuación de lugares de traballo.

Os lugares de traballo xa en uso antes da entrada en vigor desta disposición deberán cumprir o antes posible, e, a máis tardar, no prazo máximo de cinco anos a partir da súa entrada en vigor, as disposicións mínimas de seguridade e saúde establecidas no anexo deste Real Decreto.

Disposición transitoria segunda. Vixencia da normativa anterior.

O establecido neste Real Decreto entenderase sen prexuízo do respecto a aquelas disposicións de igual ou inferior rango, incluídos os convenios colectivos, vixentes na data da súa entrada en vigor, que desenvolvesen, adaptasen ou instrumentalizasen calquera dos aspectos recolleitos nesta disposición, considerándose máis favorables en materia preventiva.

Esta disposición quedará derogada ao que se proceda de acordo co establecido na disposición final primeira.

Disposición final primeira. Prazo de adaptación normativa.

No prazo dun ano desde a entrada en vigor deste Real Decreto, o Ministro de Industria e Enerxía propoñeralle ao Consello de Ministros a adaptación do establecido neste Real Decreto do Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira e procederá á adecuación das súas instrucións técnicas complementarias.

Así mesmo, o Ministerio de Industria e Enerxía, no prazo dun ano desde a entrada en vigor deste Real Decreto, procederá á reelaboración dos anexos A), B) e C) ou á elaboración dun novo anexo complementario que refunda, actualice ou incorpore todas aquelas disposicións consideradas máis favorables, de acordo co contido da disposición transitoria segunda, correspondentes a aqueles sectores de actividade que se visen afectados por esta disposición, en especial, construción, vidro e cerámica e industrias extractivas.

Disposición final segunda. Entrada en vigor.

Este Real Decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

Madrid, 5 de setembro de 1997

[BOE núm. 240, 7 de outubro de 1997]

ANEXO

Disposicións mínimas de seguridade e de saúde establecidas no artigo 10

PARTE A

Disposicións mínimas comúns aplicables ás industrias extractivas a ceo aberto ou subterráneas así como ás dependencias de superficie

1. Vixilancia e organización.

1º. Organización dos lugares de traballo.

a) Os lugares de traballo deberanse proxectar de xeito que aseguren unha protección adecuada contra os riscos de calquera natureza. Deberanse manter en bo estado, eliminando e mantendo baixo control calquera substancia ou depósito perigosos, de maneira que non poidan comprometer a seguridade e a saúde dos traballadores.

b) Os postos de traballo deberanse proxectar e construír de forma ergonómica, tendo en conta a necesidade de que os traballadores teñan unha visión xeral das operacións que se desenvolven nos seus postos de traballo.

c) Cando os postos de traballo estean ocupados por traballadores illados, estes deberán contar cunha vixilancia axeitada ou poder manterse en contacto a través de medios de telecomunicación.

2º. Persoa responsable.

Todos os lugares de traballo ocupados por traballadores deberán en todo momento estar baixo o control dunha persoa responsable que conte coas aptitudes e competencias necesarias para esta función de acordo coa lexislación vixente e que fose designada polo empresario.

O propio empresario poderá asumir a responsabilidade do lugar de traballo mencionada no parágrafo primeiro se conta coas aptitudes e competencias necesarias para esta función de acordo coa lexislación vixente e se traballa nas instalacións de xeito habitual e permanente.

3º. Vixilancia.

Deberase dispoñer dunha vixilancia co fin de asegurar a protección da seguridade e da saúde dos traballadores durante todas as operacións que se realicen; a dita vixilancia deberá ser exercida por persoas coas aptitudes e competencias necesarias para esta función de acordo coa lexislación vixente, que fosen designadas polo empresario e actúen no seu nome.

Cando o documento de seguridade e de saúde o esixa, un vixilante deberá visitar os postos de traballo ocupados, cando menos unha vez no transcurso de cada quenda de traballo.

O propio empresario poderá asumir a vixilancia establecida nos parágrafos primeiro e segundo se conta coas aptitudes de competencia necesarias para o efecto, de conformidade coa lexislación.

4º. Traballadores competentes.

En todos os lugares de traballo ocupados por traballadores deberá haber un número suficiente deles coas aptitudes, a experiencia e a formación precisas para realizar as tarefas que teñan asignadas.

5º. Información, instrucción e formación.

Os traballadores deberán recibir a información, as instrucións, a formación e a reciclaxe necesarios para preservar a súa seguridade e a súa saúde.

O empresario deberase asegurar de que os traballadores reciban instrucións comprensibles, co fin de non comprometeren a súa seguridade e saúde nin as dos outros traballadores.

A información sobre os riscos laborais farase a través dos Delegados de Prevención alí onde estean establecidos, de acordo co sinalado no artigo 18.1 da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

6º. Instrucións por escrito.

Deberanse elaborar, para cada lugar de traballo, instrucións por escrito nas que se definan as normas que se terán que observar para garantir a seguridade e a saúde dos traballadores e a utilización certa dos equipos e instalacións.

Estas instrucións deberán incluír, así mesmo, consignas relativas ao uso dos equipos de socorro e ás medidas que se deberán tomar en caso de emerxencia no lugar de traballo ou nas proximidades deste.

7º. Modos operativos seguros.

Deberanse aplicar modos operativos seguros para cada lugar de traballo ou para cada actividade.

8º. Autorización de traballo.

Deberase establecer un sistema de autorización de traballo para a execución de traballos perigosos e para a execución de traballos normalmente sen perigo pero que poidan ocasionar graves riscos ao interferir con outras operacións.

A autorización de traballo debera expedila unha persoa responsable, antes do comezo dos traballos, e deberá especificar as condicións que se teñan que cumprir e as precaución que se deban tomar, antes, durante e despois dos traballos.

9º. Controis periódicos das medidas de seguridade e de saúde.

O empresario deberá organizar controis periódicos das medidas adoptadas en materia de seguridade e saúde dos traballadores, incluídos o sistema de xestión da seguridade e a saúde, para se asegurar do cumprimento dos requisitos deste Real Decreto.

Os controis periódicos das medidas en materia de seguridade e saúde e o documento de seguridade e saúde estarán a disposición das autoridades competentes así como dos representantes dos traballadores.

2. Equipos e instalacións mecánicas e eléctricos.

1º. Xeneralidades.

A elección, instalación, posta en servizo, funcionamento e mantemento de equipos mecánicos e eléctricos deberase realizar tendo en conta a seguridade e a saúde dos traballadores, tomando en consideración as disposicións que lles sexan de aplicación.

De estaren nunha zona en que exista ou poida existir risco de incendio ou explosión por inflamación de gas, de vapores, de po de carbón ou de líquidos volátiles, debe-ranse adaptar á utilización desta zona.

Estes equipos deberán estar provistos dos preceptivos elementos de protección e de sistemas de seguridade para casos de avaría.

2º. Disposicións específicas.

Os equipos e instalacións mecánicas deberán ser suficientemente resistentes, non presentar defectos aparentes e ser apropiados para o uso a que estean destinados.

Os equipos e instalacións eléctricos deberán ter a capacidade e a potencia suficientes para o uso ao que estean destinados..

Os equipos e instalacións mecánicas e eléctricos deberán estar instalados e prote-xidos de xeito que se poida previr calquera perigo.

3. Mantemento.

1º. Mantemento xeral.

Establecerase un plano axeitado que deberá prever a inspección sistemática, o man-temento e, se é o caso, a comprobación dos equipos e instalacións mecánicas e eléctricos.

O mantemento, a inspección e a comprobación de calquera das partes das instala-cións ou equipos deberaos realizar persoal competente.

Deberanse elaborar e arquivar axeitadamente fichas de inspección e comprobación.

2º. Mantemento do material de seguridade.

Deberase manter sempre listo para a súa utilización un material de seguridade axei-tado e en bo estado de funcionamento.

O mantemento deberase realizar tendo en conta as actividades que se exerzan.

4. Protección contra os riscos de explosión, de incendio e de atmosferas nocivas.

1º. Xeneralidades.

a) Deberanse tomar medidas para avaliar a presenza de substancias nocivas e po-tencialmente explosivas na atmosfera e para medir a concentración das devanditas substancias.

Cando o documento de seguridade e saúde o esixa, deberanse instalar aparellos de

vixilancia que rexistren de xeito automático e ininterrompido as concentracións de gas en puntos específicos, dispositivo de alarma automática, sistemas de desconexión automática das instalacións eléctricas e sistemas de parada automática dos motores de combustión interna.

Cando se prevesen medicións automáticas, deberanse rexistrar e conservar os valores medidos.

b) Nas zonas que presenten riscos específicos de incendio ou de explosión estará prohibido fumar.

Tamén estará prohibido empregar alí chamas espidas ou efectuar traballos que poidan entrañar risco de inflamación, agás se se tomaron as precaucións suficientes para previr a aparición dun incendio ou dunha explosión.

2º. Protección contra os riscos de explosión.

a) Deberanse adoptar todas as medidas necesarias para previr a formación e acumulación de atmosferas explosivas.

b) Nas zonas que presenten risco de explosión deberanse adoptar as medidas precisas para impedir a inflamación das atmosferas explosivas.

c) Deberase establecer un plano de prevención contra explosións no que se indiquen os equipos que se vaian empregar e as medidas necesarias que se vaian adoptar. Tamén se deberá formar a todo o persoal no manexo dos aparellos de auxilio.

3º. Protección contra atmosferas nocivas.

a) Cando as substancias nocivas se acumulen ou se poidan acumular na atmosfera, deberanse adoptar as medidas precisas para: suprimilas en orixe ou extraelas en orixe ou eliminalas ou, cando resulte imposible a adopción das medidas anteriores, diluir as acumulacións destas substancias, de xeito que non exista risco para os traballadores.

O sistema deberá ser capaz de dispersar estas atmosferas nocivas de xeito que non haxa risco para os traballadores.

b) Sen prexuízo do establecido no Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira, e nas zonas en que os traballadores se poidan ver expostos a atmosferas nocivas para a saúde, deberán estar dispoñibles os equipos de respiración e de reanimación axeitados en número suficiente.

En tales casos, deberase asegurar a presenza no lugar de traballo dun número suficiente de traballadores que saiban manexar este material.

O material de protección deberase almacenar e manter axeitadamente.

c) Cando existan ou poidan existir gases tóxicos na atmosfera, deberase dispoñer

dun plano de protección en que se indiquen o equipo dispoñible e as medidas de prevención que se vaian adoptar.

4º. Protección contra os riscos de incendios.

a) Onde queira que se deseñen, constrúan, equipen, se poñan en funcionamento, se utilicen ou se sometan a mantemento lugares de traballo, deberanse adoptar medidas apropiadas para previr o inicio e a propagación de incendios a partir dos puntos identificados no documento sobre seguridade e saúde.

Deberanse tomar medidas co fin de que calquera conato de incendio sexa controlado de xeito rápido e eficaz.

b) Os lugares de traballo deberán estar equipados con dispositivos axeitados para a loita contra incendios e, en función das necesidades, con detectores de incendio e sistemas de alarma.

c) Os dispositivos non automáticos de loita contra incendios deberán ser de fácil acceso e manipulación, e, en caso necesario, estar protexidos contra os riscos de deterioración.

d) Nos propios lugares de traballo deberá conservarse un plano de seguridade contra incendios no que se indiquen as medidas que se deban tomar, de conformidade cos artigos 3, 4, 5 e 6 deste Real Decreto, para previr, detectar e combater o inicio e a propagación de incendios.

e) Os dispositivos de loita contra incendios deberanse sinalizar conforme ao establecido na lexislación vixente.

Esta sinalización deberase fixar nos lugares axeitados e deberá ser duradeira.

5. Explosivos e artificios de voadura.

A conservación, o transporte e a utilización de explosivos e artificios de voadura efectuaranos persoas competentes debidamente autorizadas.

Estas operacións serán organizadas e executadas de xeito que se evite calquera risco para os traballadores.

6. Vías de circulación.

1º. Deberá ser posible acceder sen perigo aos lugares de traballo e evacualos de xeito rápido e seguro en caso de emerxencia.

2º. As vías de circulación, incluídas as escaleiras, as escalas fixas e os peiraos e ramplas de carga, deberán estar calculados, dimensionados e situados de tal xeito que a persoa a pé ou os vehículos poidan utilizalos facilmente, coa maior seguridade e conforme ao uso a que se destinasen, e que os traballadores empregados nas proximidades destas vías de circulación non corran risco ningún.

3º. O cálculo das dimensións das vías que se utilicen para a circulación de persoas e/ou mercadorias dependerá do número potencial de usuarios e do tipo de actividade.

No caso de que se utilicen medios de transporte nas vías de circulación, deberase prever unha distancia de seguridade suficiente para as persoas a pé.

4°. As vías de circulación destinadas aos vehículos deberán pasar a unha distancia suficiente das portas, portóns, pasos de persoas a pé, corredores e escaleiras.

5°. O trazado das vías de circulación e acceso deberá estar claramente sinalizado para asegurar a protección dos traballadores.

6°. Se teñen acceso aos lugares de traballo vehículos ou máquinas, fixaranse as normas de circulación necesarias.

7. Lugares de traballo exteriores.

1°. Os postos de traballo, vías de circulación e outros emprazamentos e instalacións situados ao aire libre ocupados ou utilizados polos traballadores durante as súas actividades deberán concibirse de tal xeito que a circulación de persoas e de vehículos se poida realizar de maneira segura.

2°. Os lugares de traballo ao aire libre deberán posuír unha iluminación artificial suficiente cando non o sexa a luz do día e deberán estar acondicionados, na medida do posible, de tal xeito que os traballadores:

a) Estean protexidos contra inclemencias do tempo e, en caso necesario, contra a caída de obxectos.

b) Non estean expostos a niveis sonoros nocivos nin a factores exteriores nocivos (por exemplo, gases, vapores, po).

c) Poidan abandonar rapidamente o seu posto de traballo en caso de perigo ou poidan recibir auxilio rapidamente.

d) Estean protexidos contra escorregadas ou caídas.

Cando non sexa posible este acondicionamento dos postos de traballo, utilizaranse equipos de protección individual.

8. Zonas de perigo.

1°. As zonas de perigo deberán estar sinalizadas de xeito claramente visible.

2°. Se os lugares de traballo albergan zonas de perigo debidas á índole do traballo, con risco de caídas do traballador ou de obxectos, estes lugares deberán estar equipados e convenientemente sinalizados con dispositivos que impidan, na medida do posible, que os traballadores non autorizados poidan penetrar nestas zonas.

3°. Deberanse tomar as medidas axeitadas para protexer os traballadores que estean autorizados a penetrar nas zonas de perigo.

9. Vías e saídas de emerxencia.

1º. En caso de perigo, todos os postos de traballo deberán poder ser evacuados rapidamente, en condicións de máxima seguridade para os traballadores.

2º. As vías e saídas de emerxencia deberán permanecer expeditas e conducir o máis directamente ao exterior ou a unha zona de seguridade, a un punto de reunión ou a unha estación de evacuación seguros.

3º. O número, a distribución e as dimensións das vías e saídas de emerxencia dependerán do uso, do equipo e das dimensións dos lugares de traballo, así como do número máximo de persoas que poidan estar presente neles.

4º. As portas de emerxencia deberán estar fechadas, pero deberán poder abrir cara ao exterior e estar instaladas de xeito que calquera persoa que necesite utilizalas en caso de emerxencia poida abrilas fácil e inmediatamente.

Estarán prohibidas as portas de emerxencia corredeira ou xiratorias.

5º. As portas de emerxencia non se deberán fechar con chave.

As vías e saídas de emerxencia, así como as vías de circulación e as portas que dean acceso a elas, non deberán estar obstruídas por ningún obxecto, de que xeito que se poidan utilizar sen trabas en calquera momento.

6º. Para casos de avaría da iluminación, as vías e as saídas de emerxencia que requiran iluminación deberán estar equipadas con iluminación de seguridade de suficiente intensidade.

7º. As vías e saídas específicas de emerxencia deberán sinalizarse conforme ao establecido na lexislación vixente.

10. Medios de evacuación e salvamento.

1º. Os traballadores deberán recibir información das medidas apropiadas que se deban adoptar en caso de emerxencia.

2º. Deberase dispoñer de equipos de rescate listos para a súa utilización en lugares de fácil acceso e convenientemente situados, e deberán sinalizarse conforme ao establecido na lexislación vixente.

11. Prácticas de seguridade e evacuación.

Nos lugares de traballo habitualmente ocupados deberán realizarse prácticas de seguridade e de evacuación das instalacións, a intervalos regulares.

Estas prácticas terán especialmente a finalidade de formar e comprobar a aptitude dos traballadores encargados, en caso de perigo, de tarefas precisas nas que sexa necesario

a utilización, manipulación ou funcionamento dos equipos de emerxencia.

Cando sexa preciso, os demais traballadores tamén deberán poder realizar prácticas de utilización, manipulación ou posta en funcionamento dos ditos equipos.

12. Equipos de primeiros auxilios.

1º. Deberase dispoñer de equipos de primeiros auxilios adaptados á actividade exercida en todos os lugares en que as condicións de traballo o requiran.

Estes equipos deberán estar sinalizados de xeito adecuado e ser de doado acceso.

2º. Cando a importancia dos lugares de traballo, o tipo de actividade que neles se desenvolva e a frecuencia dos accidentes o requiran, deberase destinar un ou varios locais aos primeiros auxilios.

Nestes locais expoñeranse, de xeito claramente visible, instrucións sobre os primeiros auxilios que se deben dispensar en casos de accidente.

3º. Os locais destinados aos primeiros auxilios deberán estar equipados coas instalacións e o material de primeiros auxilios indispensables e ser de fácil acceso para as padiolas.

Deberanse sinalizar conforme ao establecido na lexislación vixente.

4º. Deberase tamén poder dispoñer de material de primeiros auxilios en todos os lugares en que as condicións de traballo o requiran.

5º. Deberase ofrecer a formación necesaria sobre a utilización do equipo de primeiros auxilios a un número suficiente de traballadores.

13. Iluminación natural e artificial.

1º. Todos os lugares de traballo deberán estar equipados na súa totalidade dunha iluminación capaz de ofrecer a luz adecuada ás tarefas que se realicen neles.

2º. Os lugares de traballo deberán ter, na medida do posible, luz natural suficiente e, tendo en conta as condicións climáticas, estar equipados con dispositivos que permitan unha iluminación artificial axeitada para asegurar a seguridade e a saúde dos traballadores.

3º. As instalacións de iluminación dos locais de traballo e das vías de comunicación deberán estar colocadas de xeito que o tipo de iluminación previsto non presente risco de accidente para os traballadores.

4º.- Os lugares de traballo nos que os traballadores estean expostos a riscos en caso de avaría da iluminación artificial deberán posuír unha iluminación de seguridade de intensidade suficiente.

Cando iso sexa imposible, dotarase aos traballadores de iluminación individual.

5º. Na revisión establecida na disposición final primeira deste Real Decreto, determinaranse os parámetros mínimos de iluminación suficiente.

14. Instalacións sanitarias.

1º. Vestiarios e armarios para a roupa.

a) Deberá haber vestiarios axeitados a disposición dos traballadores cando estes non deban levar roupa de traballo especial e non se lles poida pedir, por razóns de saúde ou de decoro, que se cambien noutra dependencia.

Os vestiarios deberán ter fácil acceso, unha capacidade suficiente e estar equipados de asentos.

b) Estes vestiarios deberán ser de dimensións suficientes e posuír os medios que permitan a cada traballador gardar baixo chave a súa roupa durante o tempo de traballo.

Se as circunstancias o esixisen (por exemplo, substancias perigosas, humidade, sucidade ou malos olores), os armarios para a roupa de traballo deberán estar separados dos armarios para roupa de vestir.

Deberanse poñer os medios necesarios para que cada traballador poida poñer a secar a súa roupa de traballo.

c) Deberán estar previstos vestiarios separados para homes e mulleres ou unha utilización separada destes.

d) Cando os vestiarios non sexan precisos, cada traballador deberá dispoñer dun espazo para colocar a roupa.

2º. Duchas e lavabos.

a) Deberanse poñer a disposición dos traballadores duchas suficientes e axeitadas cando o tipo de actividade ou a salubridade o esixan.

As salas de duchas para homes e mulleres deberán estar separadas ou deberase prever a súa utilización por separado por homes e mulleres.

b) As salas de duchas deberán ter as dimensións suficientes para permitiren que cada traballador se asee sen molestias e en condicións axeitadas de hixiene.

As duchas deberán estar equipadas de auga quente e fría así como de xabón.

c) Deberanse instalar lavabos suficientes e apropiados con auga quente e fría nas proximidades dos postos de traballo e dos vestiarios.

Deberán estar previstos lavabos separados para homes e mulleres ou unha utilización separada destes cando sexa preciso por motivos de decoro.

3º. Retretes e lavabos.

Os traballadores deberán dispoñer nas proximidades dos seus postos de traballo, locais de repouso, vestiarios e salas de duchas ou de lavabos, de locais especialmente equipados cun número suficiente de retretes e lavabos.

Deberanse prever retretes separados para homes e mulleres ou unha utilización separada destes.

No caso de industrias extractivas subterráneas, poderanse instalar en superficie as instalacións sanitarias previstas neste punto.

15. Depósitos de estériles e outras zonas de almacenamento.

Os depósitos de estériles, os entullos, os vertedoiros e outras zonas de almacenamento, así como as balsas de decantación deberanse proxectar, construír, dispoñer e manter de xeito que quede asegurada a súa estabilidade e a seguridade e saúde dos traballadores.

16. Dependencias de superficie (disposicións particulares adicionais).

1º. Estabilidade e solidez.

Os lugares de traballo deberanse proxectar, construír, instalar, explotar, vixiar e manter de xeito que soporten as condicións exteriores previsibles.

Deberán posuír a estrutura e a solidez apropiadas ao seu tipo de utilización.

2º. Chans, paredes, teitos e tellados dos locais.

a) Os chans dos locais deberán estar libres de protuberancias, buratos ou planos inclinados perigosos; deben ser fixos, estables e non esvaradíos.

Os lugares de traballo en que estean instalados os postos de traballo deberán ter un illamento térmico suficiente, tendo en conta o tipo de traballo e a actividade física dos traballadores.

b) As superficies dos chans, as paredes e os teitos dos locais deberán ser de características tales que permitan a súa limpeza e renovación para obter as condicións de hixiene axeitadas.

c) Os tabiques transparentes ou translúcidos, principalmente os tabiques enteiramente acristalados situados nos locais e as proximidades dos postos de traballo e das vías de circulación deberán estar claramente sinalizados e fabricados con materiais de seguridade, ou ben estar separados destes postos e das vías de circulación de tal xeito que os traballadores non poidan entrar en contacto cos ditos tabiques nin se mancar en caso de rotura.

d) O acceso a tellados fabricados con materiais que non ofrezan resistencia suficiente só se poderá autorizar se se subministran equipos axeitados para que o traballo se realice de forma segura.

3º. Dimensións e volume de aire nos locais.

Espazo para a liberdade de movementos no posto de traballo.

a) Os locais de traballo deberán ter unha superficie, unha altura e un volume de aire suficientes para lles permitir aos traballadores realizaren as súas tarefas sen risco para a súa seguridade, a súa saúde ou o seu benestar.

b) As dimensións da superficie libre do posto de traballo deberán ser tales que o traballador dispoña da suficiente liberdade de movementos para desenvolver as súas actividades e para que poida executar as súas tarefas con toda seguridade.

4º. Fiestras e bufardas.

a) As fiestras, bufardas e dispositivos e ventilación provistos de mecanismos de apertura, axuste e peche deberanse deseñar de xeito que funcionen con total seguridade.

O seu emprazamento deberase elixir de xeito que se evite que constitúan un risco para os traballadores, cando estes sistemas estean abertos.

b) As fiestras e bufardas deberanse poder limpar sen risco.

5º. Portas e portóns.

a) O emprazamento, o número, os materiais de realización e as dimensións das portas e portóns determinaranse segundo o carácter e o uso dos locais ou dos recintos.

b) As portas transparentes deberán ir provistas dunha sinalización á altura da vista.

c) As portas e portóns de batentes oscilantes deberán ser transparentes ou ter paneis transparentes.

d) Cando as superficies transparentes ou translúcidas das portas e portóns non sexan de material de seguridade e cando haxa perigo de que os traballadores se poidan mancar en caso de rotura dunha porta ou portón, estas superficies deberán estar protexidas contra a rotura.

e) As portas corredeiras deberán ir provistas dun sistema de seguridade que impida que saian dos raís e caian de maneira fortuita.

f) As portas e portóns que se abran para arriba deberán ir provistos dun sistema de seguridade que impida que volvan baixar de forma fortuita.

g) As portas situadas nos percorridos das vías de emerxencia deberán estar sinalizadas de xeito adecuado.

Deberanse poder abrir en calquera momento desde o interior sen axuda especial. Cando os lugares de traballo estean ocupados, as portas deberanse poder abrir.

h) Nas proximidades inmediatas dos portóns destinados basicamente á circulación de vehículos, deberán existir, agás cando o paso das persoas a pé resulte seguro, portas para a circulación das persoas a pé que deberán estar sinalizadas de xeito claramente visible e permanentemente expeditas.

i) As portas e portóns mecánicos deberán funcionar sen riscos de accidente para os traballadores.

Deberán posuír dispositivos de parada de emerxencia facilmente identificables e de fácil acceso, e deberanse poder abrir tamén de forma manual, agás se se abren automaticamente cando se produce unha avaría na subministración de enerxía.

6º. Ventilación dos lugares de traballo pechados.

a) Nos lugares de traballo pechados deberanse tomar medidas para que os traballadores dispoñan dun volume de aire san suficiente, tendo en conta os métodos de traballo e as condicións físicas a que estean sometidos.

Se se utiliza unha instalación de ventilación, deberase manter en bo estado de funcionamento.

Deberá haber un sistema de control que indique toda avaría sempre que isto sexa preciso para a saúde dos traballadores.

b) Se se utilizan instalacións de acondicionamento de aire ou de ventilación mecánica, estas deberán funcionar de xeito que os traballadores non se vexan expostos a correntes de aire molestas.

Calquera depósito e calquera sucidade susceptible de contaminar o aire respirado e de orixinar por isto un risco inmediato para a saúde dos traballadores deberase eliminar rapidamente.

7º. Temperatura dos locais.

a) A temperatura dos locais de traballo deberá ser axeitada ao organismo humano durante o tempo de traballo, tendo en conta os métodos de traballo aplicados e as condicións físicas a que estean sometidos os traballadores.

b) A temperatura dos locais de descanso, dos locais para o persoal de garda, dos servizos, dos comedores e dos locais de primeiros auxilios deberá responder ao uso específico destes.

c) As fiestras, as bufardas e os tabiques acristalados deberán evitar unha radiación solar excesiva nos lugares de traballo, tendo en conta o tipo de traballo e a natureza do lugar de traballo.

8º.- Locais de descanso.

a) Cando a seguridade ou a saúde dos traballadores, en particular en razón do tipo de actividade ou dos efectivos que sobrepasen un número determinado de persoas, o esixan, os traballadores deberán dispoñer dun local de descanso de doado acceso.

Esta disposición non se aplicará cando o persoal traballe en despachos ou en locais de traballo similares que ofrezan posibilidades de descanso equivalentes durante as pausas.

b) Os locais de descanso deberán ter unhas dimensións suficientes e estar equipados cun número de mesas e asentos con apoio acordes co número de traballadores.

c) Nos locais de descanso deberanse adoptar medidas axeitadas para a protección dos non fumadores contra as molestias debidas ao fume do tabaco.

d) Cando a xornada de traballo se interrompa regular e frecuentemente e non existan locais de descanso, deberanse poñer outros locais a disposición do persoal para que poida permanecer neles durante a interrupción do traballo, nos casos en que o requira a seguridade ou a saúde dos traballadores.

Deberanse adoptar neles medidas axeitadas de protección dos non fumadores contra as molestias e riscos orixinados polo fume do tabaco.

17. Mulleres embarazadas e nais lactantes.

As mulleres embarazadas e as nais lactantes deberán ter posibilidade de descansar deitadas en condicións axeitadas.

18. Traballadores minusválidos.

Os lugares de traballo deberán estar acondicionados tendo en conta, se é o caso, aos traballadores minusválidos.

Esta disposición aplicarase, en particular, ás portas, vías de comunicación, escaleiras, duchas, lavabos, retretes e postos de traballo utilizados ou ocupados directamente por traballadores minusválidos.

PARTE B

Disposicións mínimas especiais aplicables ás industrias extractivas a ceo aberto

1. Xeneralidades.

1º. Sen prexuízo do establecido no apartado 2 do artigo 3, o empresario que teña responsabilidade do lugar de traballo cuberto por esta parte B asegurase de que o documento sobre seguridade e saúde demostre que se tomaron todas as medidas pertinentes para protexer a seguridade e a saúde dos traballadores tanto en situacións normais como en situacións críticas.

2º. O documento sobre seguridade e saúde deberá actualizarse periodicamente e estar dispoñible no lugar de traballo.

Os controis periódicos das medidas en materia de seguridade e saúde e o documento de seguridade e saúde deberanse actualizar, cando menos, unha vez ao ano e presentar á autoridade mineira co Plano de Labores.

2. Explotación.

1º. Os labores deberanse planificar tendo en conta os elementos do documento sobre seguridade e saúde, no relativo aos riscos de desprendementos e de esvaramentos dos terreos.

Polo tanto, definirase, con carácter preventivo, a altura e a inclinación das fronteiras de desmonte e de explotación atendendo á natureza e á estabilidade dos terreos, así

como os métodos de explotación.

2º. Os bancos de traballo e as pistas de circulación deberán presentar unha estabilidade axeitada para a maquinaria e os vehículos utilizados neles.

Deberán ser construídos e mantidos de xeito tal que a circulación de vehículos e de máquinas se poida efectuar con toda seguridade.

3º. Antes de iniciar ou recomenzar os traballos, inspeccionaranse as fronteiras de desmonte e de explotación situadas sobre as áreas de traballo e sobre as pistas de circulación co fin de asegurar a ausencia de bloques ou de rochas inestables.

Se é o caso, deberase efectuar o saneamento dos noiros.

4º. As fronteiras e os amoreamentos de material non deberán ser explotados de xeito que se orixine a súa inestabilidade.

5º. Habilitaranse medidas limitadoras de acceso a lugares perigosos para todas as persoas, mesmo a traballadores da empresa, alleas ao traballo que alí se desenvolve.

PARTE C

Disposicións mínimas especiais aplicables ás industrias extractivas subterráneas

1. Observacións preliminares.

1º. Sen prexuízo do establecido no apartado 2 do artigo 3, o empresario que teña a responsabilidade do lugar de traballo cuberto por esta parte C asegurase de que o documento sobre seguridade e saúde demostre que se tomaron todas as medidas pertinentes para protexer a seguridade e a saúde dos traballadores tanto en situacións normais como en situacións críticas.

2º. O documento sobre seguridade e saúde deberase actualizar periodicamente seguindo os criterios que se establecen nos artigos 42. e 6 do Regulamento dos Servizos de Prevención e estar dispoñible no lugar de traballo para efectos de inspección e dereitos de participación establecidos na Lei de Prevención de Riscos Laborais e o seu desenvolvemento regulamentario.

Os labores deberanse desenvolver de conformidade co documento de seguridade e saúde.

Os controis periódicos das medidas en materia de seguridade e saúde e o documento de seguridade e saúde deberanse actualizar, cando menos, unha vez ao ano e presentarse á autoridade mineira co Plano de Labores.

2. Planos dos labores de interior.

1º. Realizaranse planos dos labores de interior nunha escala apropiada para a súa re-

presentación clara.

Ademais das galerías e dos labores de explotación, deberán representarse os elementos coñecidos que poidan ter influencia sobre a explotación e sobre a súa seguridade.

Os planos deberán ser facilmente accesibles e conservados tanto tempo como sexa preciso para a seguridade.

2º. Os planos dos labores de interior deberán actualizarse periodicamente e estar dispoñibles no lugar de traballo.

3. Saídas.

Toda explotación subterránea deberá ter acceso á superficie mediante cando menos dúas saídas diferentes, solidamente establecidas, axeitadamente sinalizadas e facilmente accesibles para os traballadores do interior.

Cando a circulación por estas saídas requira un esforzo importante dos traballadores, deberán equiparse con medios mecánicos de transporte do persoal.

4. Labores.

Os labores en que se efectúen traballos serán realizadas, utilizadas, equipadas e mantidas de tal xeito que os traballadores poidan traballar e circular por elas co mínimo risco.

As galerías deberán sinalizarse para facilitar a orientación dos traballadores.

5. Transporte.

1º. As instalacións de transporte deberán realizarse, poñer en servizo e manter de xeito que se garanta a seguridade e a saúde dos traballadores que as conducen, as utilizan e están na súa proximidade.

2º. O transporte dos traballadores por medios mecánicos será obxecto dun acondicionamento axeitado e de instrucións escritas particulares.

6. Sostemento e estabilidade dos terreos.

Deberase colocar un sostemento inmediatamente despois da escavación, agás cando a estabilidade dos terreos non o faga necesario para a seguridade dos traballadores. Este sostemento realizarase segundo esquemas e instrucións previstas.

Inspeccionarase periodicamente a estabilidade dos terreos dos labores accesibles aos traballadores, debendo realizarse en consecuencia a conservación do sostemento.

Despois de cada inspección o encargado de realizala rexistrará nun documento a data e os resultados obtidos que se comunicarán aos representantes dos traballadores.

7. Ventilación.

1º. Todos os labores subterráneos de acceso autorizados deberán estar ventilados

de forma axeitada.

Deberase prever unha ventilación permanente para manter cunha marxe suficiente de seguridade: unha atmosfera sa; unha atmosfera en que estean controlados os riscos de explosión e de pos respirables; unha atmosfera na que as condicións de traballo sexan as axeitadas durante o tempo de traballo, tendo en conta os métodos aplicados e as condicións a que están sometidos os traballadores.

2º. Cando a ventilación natural non permita satisfacer as condicións establecidas no apartado 7.1º, a ventilación principal deberá estar asegurada mediante un ou varios ventiladores mecánicos.

Deberanse tomar medidas para asegurar a estabilidade e continuidade da ventilación.

A depresión dos ventiladores principais debера ser vixiada de xeito permanente e deberase instalar unha alarma automática para sinalar as paradas intempestivas.

3º. Deberase rexistrar a medición periódica dos parámetros da ventilación. Deberase elaborar un plano da ventilación no que se indiquen as características útiles desta, que se deberá actualizar periodicamente e estar dispoñible no lugar de traballo.

8. Minas grisuosas.

1º. Considérase como grisuesa toda mina ou canteira subterránea na que exista a posibilidade de desprendemento de grisú nunha cantidade tal que non se poida excluír o risco de formación dunha atmosfera explosiva.

2º. A ventilación principal deberase asegurar por medio dun ou varios ventiladores mecánicos.

3º. A explotación deberase efectuar tendo en conta o desprendemento de grisú.

Adoptaranse disposicións para eliminar na medida do posible os riscos debidos ao grisú.

4º. A ventilación secundaria deberase limitar aos labores de preparación de aos traballos de recuperación, así como aos locais que comuniquen directamente coa corrente da ventilación principal.

Os labores de explotación só poderán ser ventilados en ventilación secundaria se se toman medidas complementarias apropiadas de xeito tal que se manteña a seguridade e a saúde dos traballadores.

5º. As medicións de ventilación indicadas no apartado 7.3º deberanse completar mediante controis grisumétricos.

Cando o esixa o documento sobre seguridade e saúde, o contido en grisú controlárase de forma continua nos retornos de ventilación dos labores de arrinque mecanizado e de explotación por sutiraxe, así como nas zonas das fronteiras de avance mecanizado en fondo de saco.

6º. Nas minas con grisú só se poderán utilizar os explosivos e artificios de voadura previstos para o efecto.

7º. As disposicións do apartado 4.1º.b) da parte A substitúense polas seguintes:

a) Queda prohibido fumar, ser portador de tabaco de fumar ou de calquera outro obxecto destinado a procurarse lume.

b) Os traballos de soprete, de soldadura e outras actividades comparables só se poderán executar de xeito excepcional, adoptando medidas específicas que garantan a seguridade e a saúde dos traballadores.

9. Minas con pos inflamables.

1º. As minas de carbón serán consideradas como minas con pos inflamables agás cando o documento sobre seguridade e saúde demostre que ningunha das capas explotadas produce pos capaces de propagar unha explosión.

2º. Nas minas con pos inflamables aplicaranse mutatis mutandis as disposicións dos apartados 8.6º e 8.7º desta parte C.

3º. Deberanse tomar medidas para reducir os depósitos de pos inflamables e proceder á súa eliminación e neutralización ou fixación.

4º. - A propagación de explosións de pos inflamables e/ou de grisú capaces de desencadear outras explosións de pos inflamables deberase limitar por medio dun sistema de barreiras de extinción.

O emprazamento das barreiras de extinción precisarase nun documento que se deberá actualizar periodicamente e estar dispoñible no lugar de traballo.

10. Desprendementos instantáneos de gas, golpes de terreo ou avenidas de auga.

1º. Nas zonas con risco de desprendementos instantáneos de gas con ou sen proxección de mineral ou rocha, golpes de terreo ou avenidas de auga, deberase proxeccionar e desenvolver un programa de explotación de xeito tal que se asegure en toda a medida do posible un sistema de traballo seguro, así como a protección dos traballadores.

2º. Tomaranse medidas co fin de recoñecer as zonas de risco, protexer os traballadores que están nos labores que avanzan cara a elas e controlar os riscos.

11. Incendios, lumes e autocombustións.

1º. Deberanse tomar as disposicións apropiadas para previr e, se é o caso, detectar

precozmente as autocombustións.

2º. A introdución de materiais combustibles nos labores subterráneos deberase limitar á cantidade estritamente necesaria.

3º. Cando sexa preciso utilizar fluídos hidráulicos (fluídos para a transmisión de enerxía mecánica hidrostática e/ou hidrocínética), deberanse utilizar, na medida do posible, fluídos dificilmente inflamables, para evitar o risco de incendio e a súa propagación.

Estes fluídos hidráulicos deberán ser conformes ás especificacións e condicións de ensaio relativas á resistencia ao lume, así como a criterios de hixiene.

Cando se utilicen fluídos hidráulicos que non se axusten ás especificacións, condicións e criterios a que se refire o parágrafo segundo, deberanse adoptar as medidas preventivas suplementarias para evitar un maior risco de incendio e a súa propagación.

12. Medidas de precaución relativas á evacuación dos traballadores.

Con fin de se poder retirar en condicións seguras, os traballadores deberán dispoñer, en función do risco, dun aparello de autosalvamento de protección respiratoria, que deberán manter constantemente ao seu alcance.

Deberán ser instruídos acerca do seu xeito de emprego.

Este aparello permanecerá depositado na mina e controlarase regularmente o seu bo estado.

13. Iluminación.

As disposicións do apartado 13 da parte A substitúense polas seguintes:

- a) Os traballadores dispoñerán dunha lámpada individual adaptada ao uso.
- b) Os postos de traballo deberán estar equipados, na medida do posible, de dispositivos que permitan unha iluminación artificial axeitada co fin de protexer a seguridade e a saúde dos traballadores.
- c) As instalacións da iluminación deberanse colocar de tal xeito que o tipo de iluminación previsto non presente riscos de accidente para os traballadores.

14. Control de presenza no interior da mina.

Deberase dispoñer dun sistema organizativo para coñecer en todo momento as persoas que estean no interior da mina.

15. Organización de salvamento.

Co fin de realizar rápida e eficazmente unha acción apropiada en caso dun sinistro

importante, deberase prever unha organización de salvamento axeitada.

Para poder intervir en todo lugar de explotación ou exploración de labores subterráneos, esta organización de salvamento deberá dispoñer do número suficiente de brigadistas adestrados e do material de intervención axeitado.

[BOE núm. 240, 7 de outubro de 1997]

Orde ITC/2585/2007, do 30 de agosto, pola que se aproba a Instrución técnica complementaria 2.0.02 “Protección dos traballadores contra o po, en relación coa silicose, nas industrias extractivas”, do Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira.

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, que incorpora a Directiva 89/391/CEE do Consello, do 12 de xuño de 1989, relativa á aplicación de medidas para promover a mellora da seguridade e da saúde dos traballadores no traballo, establece un corpo básico de garantías e responsabilidades para lograr un adecuado nivel de protección dos traballadores fronte aos perigos derivados das condicións de traballo, e constitúe a base de toda a normativa relativa á seguridade e saúde no traballo.

A disposición adicional segunda da devandita Lei de Prevención de Riscos Laborais considera o Instituto Nacional de Silicose como centro de referencia nacional de prevención técnico-sanitaria das enfermidades profesionais que afecten ao sistema cardiorrespiratorio, entre as que, sen dúbida, destaca a silicose.

Así mesmo, o Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, no seu artigo 5.3.b, autoriza o Instituto Nacional de Silicose a confeccionar Guías en relación coa Avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva.

Por todo iso, para mellorar a prevención da silicose nas industrias extractivas, considérase necesario modificar as actuais ITC 07.1.04 e ITC 04.8.01 do Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira, aprobado por Real Decreto 863/1985, do 2 de abril, para adaptalas ao progreso técnico, marcado pola consideración da sílice cristalina como sustancia cancerixena para os humanos por parte da Axencia Internacional de Investigación do Cancro, no ano 1997, e pola nova definición de po respirable, tal como actualmente se establece na norma EN481, en substitución do anterior concepto definido na Conferencia de Johannesburgo, no ano 1959. Así mesmo, é preciso harmonizar os valores de exposición diaria ao po respirable co establecido polo Real Decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo.

Por outra banda, a experiencia obtida a partir das actuacións realizadas por parte da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, en materia de seguridade e saúde na industria extractiva, así como as achegas das Autoridades mineiras competentes e axentes sociais da Comisión de Seguridade Mineira, levan á consideración de que é conveniente a aprobación dunha instrución técnica complementaria do Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira, que estableza novos criterios e métodos para definir o perigo e o control das condicións de exposición ao po nos lugares de traballo, así como a vixilancia da saúde dos traballadores, encamiñadas á prevención da silicose.

O artigo 2 do Real Decreto 863/1985, do 2 de abril, autoriza o Ministerio de Industria e Enerxía, na actualidade Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, para aprobar por orde as instrucións técnicas complementarias de desenvolvemento e execución do devandito Regulamento. De acordo co artigo 4.1.b da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, corresponde aos Ministros o exercicio de potestade regulamentaria nas materias propias do seu Departamento.

A Orde que se aproba foi informada polos Ministerios de Traballo e Asuntos Sociais e de Sanidade e Consumo. Así mesmo, para a elaboración da orde foron consultadas as comunidades autónomas e realizouse o preceptivo trámite de audiencia aos interesados. Para rematar, a Comisión de Seguridade Mineira informouna favorablemente.

A presente Orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.25. da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases do réxime mineiro e enerxético.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. Aprobación da Instrución técnica complementaria 2.0.02 do Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira: Protección dos traballadores contra o po, en relación coa silicose, nas industrias extractivas.

Apróbase a Instrución técnica complementaria 2.0.02, Protección dos traballadores contra o po, en relación coa silicose, nas industrias extractivas, do Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira, aprobado por Real Decreto 863/1985, de 2 de abril, o texto do cal se insere a seguir.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA. Réxime de adecuación á nova norma dos centros de traballo da industria extractiva xa existentes.

Os centros de traballo xa existentes, dentro dos referidos no Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira, incluídos no ámbito de aplicación do Real Decreto 150/1996, do 2 de febreiro, e o Real Decreto 1389/1997, do 5 de setembro, deberán estar adaptados ao disposto na Instrución técnica complementaria 2.0.02, Protección dos traballadores contra o po, en relación coa silicose, nas industrias extractivas, do Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira, nun prazo de seis meses a contar desde a entrada en vigor da presente Orde, pola que se aproba a dita instrución técnica complementaria.

Así mesmo, os laboratorios de análises de mostras xa existentes, deberán estar adaptados ao disposto no apartado 4.2.5 da devandita Instrución técnica complementaria, no que se refire á acreditación pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) de conformidade coa norma UNE-ISO/IEC 17025, Avaliación da conformidade. Requisitos xerais para a competencia dos laboratorios de ensaio e de calibración, nun prazo de dous anos, a contar desde a entrada en vigor da presente orde.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA. Derrogación normativa.

Quedan derogadas tantas disposiciones de igual ou inferior rango opóñanse ao establecido nesta orde e especificamente a Instrución técnica complementaria 07.1.04, aprobada por Orde do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, do 16 de outubro de 1991.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. Minería subterránea de carbón e minería de substancias solubles.

A protección contra o po dos traballadores da minería subterránea de carbón e a minería de substancias solubles seguirá rexéndose pola Instrución técnica complementaria 04.8.01 Condicións ambientais: Loita contra o po, aprobada pola Orde do Ministerio de Industria e Enerxía, de 13 de setembro de 1985, pola que se aproban determinadas Instrucións Técnicas Complementarias dos capítulos III e IV do Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. Entrada en vigor.

Esta Orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

Madrid, 30 de agosto de 2007.

O Ministro de Industria, Turismo e Comercio,
Joan Clos i Matheu.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA 2.0.02.

Protección dos traballadores contra o po, en relación coa silicose, nas industrias extractivas.

1. Obxecto.

A presente instrución técnica complementaria (ITC) ten por obxecto establecer os criterios e métodos para definir o perigo e o control do po nos lugares de traballo, así como a vixilancia da saúde dos traballadores, encamiñados á prevención da silicose, tendo en conta que as condicións de exposición ao po non deben supor un risco para a seguridade e saúde dos traballadores.

2. Ámbito de aplicación.

A presente instrución técnica enmárcase dentro do ámbito de aplicación do Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira. Exceptúanse a minería subterránea de carbón e a minería de substancias solubles.

3. Definicións:

Substancias solubles: Enténdese por substancias solubles, no ámbito da presente Instrución técnica complementaria, aquelas substancias de solubilidade superior a 300 g/l, a unha temperatura de 20 °C.

Po: Suspensión de materia sólida, particulada e dispersa na atmosfera, producida por procesos mecánicos ou/e polo movemento do aire.

Fracción respirable do po: Fracción máscica das partículas inhaladas que penetran nas vías respiratorias non ciliadas.

Convenio para definir a fracción respirable do po: É o establecido no apartado 5.3 da Norma Europea UNE-EN-481:1995, Atmosferas nos postos de traballo. Definición das fraccións polo tamaño das partículas para a medición de aerosois.

Traballos con risco de silicose: Son aqueles que aparecen listados no Real Decreto 1299/2006, do 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e se establecen criterios para a súa notificación e rexistro, así como calquera outro traballo onde se detecte a presenza de sílice libre cristalina.

Xornada de traballo: Período de tempo que, diariamente, corresponde á xornada laboral completa.

Sílice libre: Dióxido de silicio cristalizado en forma de cuarzo, cristobalita ou tridimita.

Valor para a exposición diaria (ED): Valor da concentración media dun axente químico, que se tomará na zona de respiración do traballador e que servirá como referencia para determinar o risco, por exposición ao po, a que está exposto o traballador, para unha xornada laboral diaria de oito horas. En xornadas doutra duración este resultado ponderarase a oito horas.

Valor límite ambiental de exposición diaria (VLA-ED): Valor límite de referencia para a exposición diaria.

Zona de respiración: O espazo ao redor da cara do traballador do que este toma o aire que respira de acordo coa norma UNE-EN 1540.

4. Protección contra o risco de exposición ao po:

4.1. Avaliación de riscos e planificación da acción preventiva.

Cando a avaliación de riscos poña de manifesto que pode orixinarse po, o documento de planificación da acción preventiva, a que fai referencia o artigo 23.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, incluírá un plan para o control da exposición ao po no que se inclúan as medidas de tipo técnico que se van adoptar para suprimir, diluír, asentar e evacuar o po que poida producirse e/ou afectar na realización dos traballos, así como as medidas de protección e de prevención a adoptar e, se é o caso, o material de protección que deba utilizarse e un plan de mantemento periódico dos equipos e sistemas de prevención contra o po. Para a industria extractiva este documento, en canto ao seu contido mínimo e estrutura, ten que ser confeccionado de acordo ao disposto na Orde ITC/101/2006, do 23 de xaneiro, pola que se regula o contido mínimo e estrutura do documento sobre seguridade e saúde para a industria extractiva e no artigo 3.2 do Real Decreto 1389/1997, do 5 de setembro, polo que se aproban as disposicións mínimas desti-

nadas a protexer a seguridade e a saúde dos traballadores nas actividades mineiras. Igualmente, teranse en conta as previsións do Real Decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo, así como as contidas no documento do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, onde se recollen os Límites de Exposición Profesional para Axentes Químicos.

Non particularmente previsto nesta ITC e, en concreto, nesta ou noutras normas para a regulación específica da toma de mostras, a súa duración e a súa periodicidade, o procedemento da avaliación de riscos deberá axustarse ao disposto no Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.

A utilización de equipos de protección individual nunca suplirá ás medidas técnicas de prevención que poidan suprimir, diluír, asentar ou evacuar o po. A súa utilización realízase de conformidade co disposto no Real Decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual, e sempre que as medidas anteriores sexan insuficientes e a exposición non poida evitarse ou reducirse por outros medios.

4.2. Determinación do risco por exposición ao po.

Para a determinación do risco por exposición ao po, os parámetros a ter en conta serán:

1. A concentración da sílice libre contida na fracción respirable do po, medida en mg/m^3 .
2. A concentración da fracción respirable do po, medida en mg/m^3 .

4.2.1. Tipo de aparellos utilizados.

Constarán dun sistema de clasificación de partículas, segundo a definición de fracción respirable do po incluída no apartado 3 da presente ITC, e unha bomba de aspiración que asegure o correcto funcionamento do sistema clasificador.

Ambos os elementos deberán ser revisados antes e logo de tomar a mostra, garantindo o seu correcto funcionamento. A bomba de aspiración deberá cumprir os requisitos establecidos na norma UNE 1232 e a acreditación da conformidade realízase seguindo os procedementos establecidos na ITC 12.0.01.

4.2.2. Toma de mostras.

As mostras de po deberán ser realizadas por medio de aparellos persoais portados polo propio traballador, nos que o sistema de selección de partículas se sitúe nas proximidades da súa zona de respiración, e de acordo coas condicións de toma de mostras e procedemento de mostraxe establecida na norma UNE 81550.

As mostras de po deberán ser representativas do risco a que están expostos, habitualmente, os traballadores.

As mostras de po deberán ser realizadas por persoal debidamente formado, de conformidade co disposto no Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.

4.2.3. Duración da toma de mostras.

A toma de mostras de po estenderase a toda a xornada de traballo, definida no apartado 3 da presente ITC.

Cando exista risco de saturación da membrana, como consecuencia dunha excesiva concentración de po, ou cando a produción de po sexa uniforme ao longo da xornada de traballo, poderase reducir a duración da toma de mostras sempre que a mostra sexa suficiente e representativa da actividade desenvolvida durante a totalidade da xornada de traballo.

4.2.4. Periodicidade da toma de mostras.

Tomaranse mostras, polo menos, unha vez cada catro meses nos postos de traballo nos que exista risco de exposición ao po. Esta periodicidade poderá ser modificada tal como se contempla nos apartados 4.2.8 e 4.2.9 desta ITC.

En calquera caso, a toma de mostras, como elemento fundamental da avaliación de riscos, deberá ademais repetirse sempre que se cumpran as condicións que obrigan a iso e que se atopan recollidas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, e no Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.

4.2.5. Análise das mostras.

Os laboratorios empregarán só métodos normalizados de análises. En caso de empregar outros métodos o laboratorio deberá demostrar que foron validados de acordo cos requisitos establecidos na norma UNE-ISO/IEC 17025.

As análises das mostras realizaranse de conformidade co disposto no Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención. Tamén se poderán realizar estas análises no laboratorio do Instituto Nacional de Silicose ou noutros laboratorios autorizados pola autoridade mineira competente, acreditados pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) de conformidade coa norma UNE-EN-ISO/IEC 17025, previo informe da Comisión de Seguridade Mineira e oído o Instituto Nacional de Silicose.

Os resultados das análises das mostras ponderaranse para obter o valor de exposición diaria (ED) referido a unha xornada diaria de oito horas. Estes valores quedarán debidamente rexistrados na empresa, en fichas establecidas para cada posto de traballo, a fin de coñecer a evolución do seu perigo, e nas que figurarán os parámetros que poidan ter maior incidencia na mesma.

4.2.6. Responsabilidade do empresario.

O empresario será o responsable de que se realicen as medicións coa periodicidade e na forma que se sinala nesta Instrución Técnica, sen prexuízo dos controis que leven a cabo a autoridade mineira e o Instituto Nacional de Silicose. Os resultados obtidos quedarán debidamente rexistrados na ficha definida no anexo que será enviada pola empresa á autoridade mineira e con fins estatísticos, ao Instituto Nacional de Silicose, quen, á súa vez, enviará un resumo anual á autoridade mineira.

O previsto neste apartado 4.2.6 enténdese sen prexuízo das obrigas que en materia documental se establecen para o empresario no artigo 23 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, e no artigo 7 e o parágrafo c do artigo 37.3 do Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.

4.2.7. Valores límites ambientais (VLA-ED).

Os valores límites para a exposición diaria (ED) que deben terse en conta simultaneamente serán:

1. A concentración da sílice libre contida na fracción respirable de po non será superior a $0,1 \text{ mg/m}^3$. Se se tratase de cristobalita ou tridimita este valor reducirase a $0,05 \text{ mg/m}^3$.
2. A concentración da fracción respirable de po non excederá o valor de 3 mg/m^3 .

4.2.8. Mostras que non exceden o 50 % do valor límite.

Cando os resultados de cada unha das tres últimas mostras cuadrimestrais non excedan o 50% dos valores límites (VLA-ED) definidos no apartado 4.2.7, o empresario poderá solicitar á autoridade mineira a redución do número de mostras, a unha anual. A autoridade mineira, oído o Instituto Nacional de Silicose, poderá autorizar esta redución durante un período de tres anos. Volverase á condición inicial cando unha mostra anual exceda o 50 % do valor límite ou cando as condicións do posto de traballo se modifiquen substancialmente. Poderase solicitar, á autoridade mineira, a prórroga da realización dunha mostra anual, ao finalizar o período de tres anos, cando ningunha das tres mostras anuais exceda o 50 % do valor límite.

En todo caso, a avaliación de riscos deberá repetirse sempre que sexa necesario, de conformidade co disposto no Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.

4.2.9. Mostras que exceden o valor límite.

Se se exceden os valores límites (VLA-ED) definidos no apartado 4.2.7, o empresario, de forma inmediata, deberá confirmar o resultado co valor medio da toma de tres mostras consecutivas en condicións representativas do posto de traballo. De se

confirmar o resultado, deberá tomar medidas de prevención adicionais que comunicará á autoridade mineira. Unha vez adoptadas as medidas de prevención, tomaranse de inmediato outras tres mostras consecutivas cuxo valor medio será o que determine o novo risco ao que están expostos os traballadores. Se a pesar das medidas adoptadas non se consegue reducir os valores por baixo dos valores límites (VLA-ED) definidos no apartado 4.2.7, a autoridade mineira, oído o Instituto Nacional de Silicose, fixará as condicións para reducir o risco de exposición ao po, entre as que se inclúe a diminución da xornada laboral ou a paralización dos traballos.

4.3. Medidas de prevención.

4.3.1. Perforación.

A perforación, en calquera das súas modalidades, deberá realizarse con inxección de auga ou con dispositivos de captación de po. Cando se utilice como medida de prevención a captación de po, este será recollido e retirado.

4.3.2. Arrinque e preparación.

Nos traballos nos que se utilicen equipos ou ferramentas de perforación, percusión ou corte, estes estarán provistos das correspondentes medidas de prevención contra o po.

No caso de arrinque con explosivos, o retacado dos barrenos farase con materiais exentos de sílice libre, evitando aqueles de granulometría moi fina que, como consecuencia da explosión, se poidan pór en suspensión orixinando elevados niveis de po.

Na minería subterránea:

1. Cando o arrinque se realice mediante explosivos, humidificarase o cascallo producido pola voadura, a fin de evitar a posta en suspensión de po na posterior operación de carga do material arrincado.
2. Adoptaranse as medidas necesarias para que o aire exterior introducido para ventilar os labores estea exento de po.
3. A ventilación dos labores será suficientemente activa, para reducir as concentracións de po por baixo dos valores límites regulamentarios.
4. A velocidade da corrente de ventilación non deberá exceder dos límites que poidan provocar a posta en suspensión do po depositado nas galerías ou no material transportado ao longo delas.

4.3.3. Carga e transporte.

Tanto nas operacións de carga como nas de transporte, as cabinas dos vehículos (pas, dúmpers...) deberán estar dotadas de aire acondicionado ou filtrado.

As galerías, viarias, prazas e pistas de rodaxe, deben manterse cun grao de humidade suficiente para evitar a posta en suspensión do po depositado nelas, utilizando, en caso necesario, substancias que consoliden e manteñan a humidade do chan.

Os lugares de traballo deberán manterse limpos evitando que se acumule po que posteriormente se poida pór en suspensión.

As cintas transportadoras, cando porten materiais susceptibles de se pór en suspensión, deberán estar dotadas dun pechamento ou capotaxe que evite a acción do vento sobre os materiais transportados ou, na súa falta, manteranse os materiais convenientemente humidificados.

4.3.4. Puntos de transvasamento e almacenamento.

Nos transvasamentos, descargas, tolvas e almacenaxes de material susceptibles de producir po, adoptaranse medidas de prevención tales como a rega dos materiais, instalación de campás de aspiración, pechamentos, apantallamentos, entubados que eviten a acción do vento sobre a caída de materiais ou outros sistemas apropiados para evitar a posta en suspensión do po.

4.3.5. Maquinaria e instalacións.

Os alimentadores, muños, peneiras e, en xeral, toda maquinaria ou instalación susceptible de producir po, deberán estar dotados de sistemas eficaces de prevención, tales como pechamentos, aspiración de po, pulverización de auga, etc.

4.3.6. Elaboración de pedra natural.

As operacións de corte, serrado, amartelado, flameado, pulido, etc., deberán realizarse por vía húmida ou con captación de po.

4.3.7. Ensacado.

Os dispositivos de ensacado deben estar dotados de sistemas de aspiración e illamento eficaces para evitar que o po se poña en suspensión.

4.3.8. Naves e locais de fabricación, tratamento e almacenamento.

En todos estes lugares é necesario realizar unha renovación continua do aire, mediante instalacións apropiadas, para diluír e evacuar o po.

En todos os lugares de traballo, con presenza habitual de traballadores, é necesario realizar unha limpeza periódica e eficaz do po depositado, mediante sistemas de aspiración ou por vía húmida.

4.3.9. Outras medidas de prevención.

Cando as condicións específicas dalgúns labores non permitan a utilización dos anteriores sistemas de prevención, o empresario poderá tomar outras medidas alternativas, que porá en coñecemento da autoridade mineira.

4.4. Medidas de protección.

As anteriores medidas técnicas de prevención complementaranse coas que se sinalan a continuación:

1. Illamento de cabinas de vehículos e postos de mando de máquinas e instalacións con sistemas de aire acondicionado ou filtrado.
2. Separación do persoal do foco de produción de po, mediante a utilización de mandos a distancia ou calquera outra medida organizativa.
3. Utilización de equipos de protección individual, cando se dean as condicións sinaladas no apartado 4.1 da presente ITC.

4.5. Formación e información aos traballadores.

O empresario adoptará as medidas adecuadas para que os traballadores reciban a formación e información necesarias de conformidade coa normativa laboral, en relación coa súa protección e prevención fronte ao risco da exposición ao po.

No que se refire á formación, a empresa deberá asegurar que cada traballador recibe unha formación, teórica e práctica, suficiente e adecuada en materia de loita contra o po no seu posto de traballo. O labor formativo deberá repetirse, polo menos, unha vez ao ano e, en particular, cando o traballador cambie de funcións, de posto ou de lugar de traballo.

En relación coa información, estará a disposición dos traballadores a relativa a:

1. Riscos que para a saúde implica a exposición ao po e controis médicos que se deben efectuar.
2. Os sucesivos niveis de po rexistrados nos seus postos de traballo nas medicións efectuadas nos mesmos.
3. Medidas técnicas de loita contra o po levadas a cabo pola empresa no seu posto de traballo.
4. Instrucións e recomendacións sobre as medidas preventivas que deben ser adoptadas polo propio traballador así como sobre a utilización e manexo dos equipos de protección individual.

4.6. Coordinación dos organismos competentes na prevención da silicose.

A fin de conseguir a máxima eficacia na prevención da silicose, os organismos competentes manterán unha estreita colaboración co Instituto Nacional de Silicose.

Anualmente, o Instituto Nacional de Silicose publicará unha memoria na que se detallará a evolución dos índices de risco e dos novos casos de silicoses diagnosticados.

5. Vixilancia da saúde.

5.1. Causas de non aptitude para ocupar postos de traballo con risco de silicose:

1. Para ocupar un posto de traballo con risco de silicose non deberá concorrer no traballador ou no aspirante a cubrilo ningunha das causas determinantes de non aptitude que se establecen a continuación:

1. Constitúen causas de non aptitude para traballos con risco de silicose as seguintes:

1. Calquera broncopneumopatía crónica que provoque alteración funcional respiratoria (da ventilación, perfusión, ou difusión) de carácter permanente.

2. Calquera alteración funcional respiratoria de carácter permanente derivada de deformidades torácicas ou enfermidades non respiratorias (musculares, neurolóxicas, sistémicas).

3. Alteracións da radiografía de tórax atribuídas a tuberculose pulmonar residual.

4. Cardiopatía orgánica en grao funcional II (Asociación Americana de Cardioloxía).

2. Constitúen causas transitorias de non aptitude:

1. Tuberculose pulmonar ou pleural activa.

2. Calquera alteración funcional respiratoria, que teña carácter transitorio.

2. As empresas non poderán contratar traballadores que no recoñecemento médico non sexan cualificados como aptos para desempeñar os postos de traballo con risco de silicose. Igual prohibición se establece respecto da continuación do traballador no seu posto de traballo cando non se manteña a declaración de aptitude nos recoñecementos sucesivos.

Excepcionalmente, por esixencias de feito da contratación laboral, poderanse efectuar os recoñecementos médicos inmediatamente logo da iniciación do traballo.

5.2. Contido mínimo dos recoñecementos médicos.

En cada recoñecemento médico no que se examine a aptitude para ocupar postos de traballo con risco de silicose, efectuaranse como mínimo, os seguintes estudos, podendo ser ampliados, a xuízo do médico responsable:

Historia laboral.

Anamnese e exploración física.

Espirometría.

Radiografía de tórax en proxeccións postero-anterior e lateral.

ECG.

5.3. Recoñecemento médico previo á admisión a postos de traballo con risco de silicose.

Só poderán ser admitidas, para ocupar postos de traballo con risco de silicose, as persoas que superen o exame médico específico, que constará, polo menos, dos estudos previstos no apartado 5.2, podendo ser ampliados a xuízo do médico responsable.

Cando a causa de non admisión sexa transitoria, de acordo coa clasificación do apartado 5.1 desta ITC, procederá un segundo recoñecemento no que se constate a resolución da causa de non admisión.

5.4. Recoñecementos médicos periódicos:.

1. O persoal que realice traballos con risco de silicose deberá ser recoñecido periodicamente en intervalos dun a tres anos, en función de factores individuais e do tempo total de exposición. En situacións de sospeita de sobreexposición, por riba dos límites recomendables, os recoñecementos realizaranse en función de factores individuais e do tempo e nivel de exposición e polo menos con periodicidade anual.

2. Nos recoñecementos que se realicen ás persoas que xa ocupen postos de traballo con risco de silicose, a historia laboral deberá incluír os valores das medicións de po aos que estea exposto o traballador.

Os valores de exposición a que estean sometidos os traballadores rexistraranse periodicamente en fichas individualizadas para cada traballador a fin de coñecer o risco acumulado ao que estiveron expostos. Estas fichas achegaranse ao seu expediente médico.

5.5. Persoal Facultativo.

O médico do traballo do servizo de prevención responsable dos recoñecementos médicos sinalados nos apartados anteriores da presente ITC, deberá acreditar unha formación e experiencia específica en relación ao diagnóstico e valoración da silicose e demais patoloxías relacionadas coa exposición a sílice, de acordo coas recomendacións do Instituto Nacional de Silicose que, como mínimo, incluírá un especial adestramento na lectura da radiografía de tórax, conforme aos criterios establecidos na Clasificación Internacional da Organización Internacional do Traballo de Radiografías de pneumoconiose, 2000 (ILO-2000), e na práctica e interpretación das probas básicas de función pulmonar.

ANEXO.

11

Bibliografía

- Directiva 202/44/CE do 25 de xuño de 2002, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á exposición dos traballadores aos riscos derivados dos axentes físicos.
- R.D. 1311/2005, do 4 de novembro, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores fronte aos riscos derivados ou que poidan derivarse da exposición a vibracións mecánicas.
- R.D. 1389/97 sobre seguridade e saúde en actividades mineiras. R.D. 863/1985, Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira. ITC Capítulo VII.
- Informe sectorial da Pedra natural 2006. AIDICO Instituto Tecnolóxico de la Construción. Observatorio del Mercado de la Piedra Natural. maio 2007.
- “La Silicosis, Legislación, prevención y control del polvo. Minería a cielo abierto Instalaciones de exterior” Instituto Nacional de Silicosis, Oviedo 1992.
- “XX Memorial Doctor García Cosío. Mesa Redonda: Reflexiones sobre los criterios de valoración de la pneumoconiosis simple. Puesto de trabajo compatible”. Instituto Nacional de Silicosis, Oviedo 2006.
- “XVII Memorial Doctor García Cosío. Análisis comparativo de la Silicosis, clasificación, reconocimiento e indemnización”. Bernard Mahieu. Instituto Nacional de Silicosis, Oviedo 2003.
- “Manual para a Seguridade e Saúde na Minaría Galega”. Consellaría de Industria e Comercio. Xunta de Galicia. 1998
- “Manual de Seguridad. Equipos de Arranque y carga”. Investigaciones Técnicas, Estudios y Canteras. Almería 2007
- “Manual sobre los trabajos de Arranque de estériles con perforación”. Investigaciones Técnicas, Estudios y Canteras. Almería 2007
- “Manual de Seguridad. Equipos Móviles de Transporte”. Investigaciones Técnicas, Estudios y Canteras. Almería 2007
- “Manual sobre Explosivos”. Investigaciones Técnicas, Estudios y Canteras. Almería 2007.

- “Manual de Seguridad. Extracción de Bloques de Piedra Natural” Investigaciones Técnicas, Estudios y Canteras. Almería 2007.
- “Manual de Seguridad Laboral. Trabajadores de Cantera”. Fundación Centro Tecnológico andaluz de la piedra. Almería 2004.
- Nuevos casos de Silicosis registrados en el INSS durante el año 2007. Instituto Nacional de Silicosis. Oviedo 2008.
- Recomendaciones de Seguridad y salud en explotaciones mineras a cielo abierto e industrias de transformación. 3ª Campaña de Seguridad minera INTROMAC, Cáceres 2002.
- Recomendaciones de Seguridad y salud en explotaciones mineras a cielo abierto e industrias de transformación. Para Directores Facultativos. 3ª Campaña de Seguridad minera INTROMAC, Cáceres 2002.
- Recomendaciones para la señalización y orientación del tráfico de vehículos en explotaciones mineras a cielo abierto. 6ª Campaña de Seguridad minera INTROMAC, Cáceres 2005.
- Riesgo eléctrico en explotaciones mineras a cielo abierto en Extremadura. 6ª Campaña de Seguridad minera INTROMAC, Cáceres 2004.
- Organización y gestión de la seguridad en la empresa minera. 7ª Campaña de Seguridad minera INTROMAC, Cáceres 2005.
- Guía sobre medios de protección colectiva en explotaciones mineras a cielo abierto y plantas de transformación. 8ª Campaña de Seguridad minera INTROMAC, Cáceres 2006.
- Las vibraciones en el ambiente laboral de las explotaciones mineras de Extremadura: Recomendaciones y medidas de control. 8ª Campaña de
- Seguridad minera INTROMAC, Cáceres 2006.
- “Calor y Trabajo” Prevención de riesgos laborales debidos al estrés térmico por calor. Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo.

- Dicionario enciclopédico de Terminoloxía de Prevención de Riscos Laborais. Gabinete Técnico de Saúde Laboral. Confederación Intersindical Galega. 2008.
- Guía para la evaluación de riesgos en las actividades de extracción a cielo abierto. Órgano permanente de seguridade e hixiene en las minas de hulla y otras industrias extractivas. NEPSI. UE.Doc. 1175-01 ES.
- Glosario geológico español. Ilustre Colegio Oficial de Geólogos. Madrid 2008.
- Artigo Gumersindo Rego e outros en Journal of Occupational Environmental Medicine.
- Recoñecemento realizado a traballadores de lousa de Ourense, 1997.
- Estudio canteiras granito Ourense 2002.
- Estudio Canteiras Granito Pontevedra.
- Estudio Canteiras granito e áridos Galiza (O Porriño) 2005.
- Estudio Canteiras de Galiza 2006.
- Estudio Lousa Valdeorras 2007.
- Ntp 257 perforación de rocha.
- Protocolo de vixilancia da saúde para a silicose.
- Alerta NIOSH 92 taladradores.
- 2007 Regulamento Seguridade Mineira
- Axudas Explotación I+D
- Concesión axudas explotación
- Directiva 2006 CE Xestión de Residuos
- Orde de Protección contra Po
- Lei 3/2008 de Minaría de Galiza
- RD 681/03 Exposición Atmosferas Explosivas
- ITC Complementaria Regulamento de Seguridade mineira 1990
- Residuos Tóxicos perigosos

- 1981 normas seguridade máquinaria
- 1363 Decreto estrutura cons, Industria
- Decreto 231-2006 do 23 de novembro
- 601-a-Lei ordenación minaría
- Convenio Colectivo Lousa Ourense
- Cualificación profesional conformado pedra n.
- Cualificacións profesionais no SPN Extracción
- Cualificacións profesionais no SPN Serradura
- IEX200-2
- Mineiro electromecánico cualificación profesional
- Mineiro-transporte cualificación profesional
- Certificado profesionalidade
- Cualificacións profesionais
- Título técnico acabado sen construción.
- Complementación Catálogo de Cualificacións

12

Nota dos/as autor/as

O día 9 de outubro de 2008 tivo lugar o fito central do proxecto elaborado polo Gabinete Técnico de Saúde Laboral da Confederación Intersindical Galega baixo o auspicio da Acción Directa D-277/2007 da Fundación para la Prevención de Riesgos Laborales. Nesta data celebrouse, en Santiago de Compostela, a Reunión de Expertos na que, coa presenza de profesionais de recoñecido prestixio, puxemos sobre a mesa o borrador deste documento para a súa análise e debate.

Fomos enormemente afortunadas/os de podermos contar coas seguintes persoas:

Gumersindo Rego, Director do Servizo de Neumoloxía Ocupacional do Instituto Nacional de Silicose, Oviedo.

Artemio González, Xefe de Servicio do Departamento de Prevención Técnica do Instituto Nacional de Silicose, Oviedo.

José Luis Eguidazu Pujades, Enxeñeiro T. De Minas do Departamento de Prevención Técnica Juana Colmenero Rama, Enxeñeira de Minas, Directora facultativa da Escola Andaluza do Mármore, Almería.

Pilar del Pozo Villanueva, Directora de Transferencia de Tecnoloxía e Xestión do Coñecemento do INTROMAC (Instituto Tecnolóxico de Rochas Ornamentais e Materiais de Construción), Cáceres.

Juan José Tejado Ramos, Director Técnico da División Físico-Mecánica do INTROMAC (Instituto Tecnolóxico de Rochas Ornamentais e Materiais de Construción), Cáceres. Alejandro Dubois, Médico especialista en Medicina do Traballo do Centro Provincial de Seguridade e Saúde Laboral de Rande, Pontevedra.

Alfonso Pérez, Técnico Facultativo de Seguridade, do Centro Provincial de Seguridade e Saúde Laboral de Rande, Pontevedra.

Manuel Gil, Médico especialista en Medicina do Traballo, do Centro Provincial de Seguridade e Saúde Laboral de Rande, Pontevedra.

José Millán Borque, Médico especialista en Medicina do Traballo do Centro Provincial de Seguridade e Saúde Laboral de Ourense.

Juan Manuel Lorenzo, ergónomo do Centro Provincial de Seguridade e Saúde Laboral de Ourense.

Contamos tamén coas achegas e suxestións e o, sempre necesario, apoio de nosas/os compañeiras/os do Gabinete Técnico de Saúde Laboral da Confederación Intersindical Galega.

Froito das achegas que todos e todas nos realizaron, completamos este documento. Sen as súas críticas, orientacións e suxestións non tería sido posible; xa que logo, vaia por diante o noso agradecemento máis sincero e a esperanza de que o resultado poida estar próximo ás súas expectativas.

Ferrol, novembro de 2008



FUNDACIÓN
PARA LA
PREVENCIÓN
DE RIESGOS
LABORALES



Confederación Intersindical Galega

